

Queique 2008/9

voceiro neogaleguista

**IES Maruxa Mallo de Ordes.
Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.**

SUMARIO:



I. O noso proxecto de prensa.

Un proxecto piloto.

Por Manuel Rivas Fariñas. 8

Alberto Sacido e Nacho Miras, responsables do proxecto piloto "A túa voz".

Por Tatiana Martínez e Ana María Mella. 9

Memoria d' *A Voz do IES Maruxa Mallo*.

Por Xosé Fernández Castro. 10

II. Audiovisual nas aulas.

A dobraxe de voces ao galego.

Por Lidia Sabel e María Tasende. 13

Tacho González, actor.

Por Elisa Gestal e Lidia Remuñán. 15

Eva Fernández, alumna de Expresión Teatral.

Por Tamara Veiras. 18

III. A crise.

Opinión: A crise.

Por Rebeca Cambeiro Graña.	21
Roberto González, concelleiro de obras de Ordes.	
Por Juan José Castillo e Pablo Caamaño.	22
Héctor Monelos, director da sucursal de Caixanova de Ordes.	
Por Laura Candal e Natalia García Pena.	24
Xosé Manuel Gómez Pazos, transportista.	
Por Abel Gómez Pena e Pablo García Boquete.	28
Juan Liste Calvo, camioneiro.	
Por Álvaro Gómez e Rubén López Candamio.	30
Manuel Soneira, empresario de automoción.	
Por Alejandro Gómez e José Antonio Mella.	31
Julio del Río Viqueira, socio de Motorcar.	
Por Álvaro Gómez e Rubén López Candamio.	34
Benito Martín, xoieiro.	
Por Daniel Astray e Sergio Candal.	35
Manuel García Rodríguez, axente de seguros.	
Por Daniel Núñez Sánchez e Patrik Domínguez García.	37

IV. A sombra das eleccións.

Carlos Varela Castiñeiras, responsable de comunicación do grupo parlamentario do PP de Galicia.

Por Miriam Varela Castro e Noelia Varela Rey.	39
---	----

Teodosio Martino, ex alcalde de Ordes. Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan.	43
Esther Couto, asesora parlamentaria do Ministerio de Cultura. Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan.	47
Charo Fernández Velho, do Consello Nacional do BNG durante o Goberno Bipartito. Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan.	49
V. Sociedade.	
Opinión: O racista nace ou faise? Por Rebeca Cambeiro Graña.	54
Actos vandálicos no casco histórico de Santiago. Por Cora del Río e Rebeca Cambeiro.	54
Juan Antonio Perteguer, director do colexio católico Monte Tabor de Pozuelo de Alarcón en Madrid. Por Vanessa Fraga Codesido e Mercedes González.	55
Marcos Noya, de protección civil de Ordes. Por Lidia Sabel e María Tasende e por Brais Liste e Gonzalo Pulleiro.	58/62
Jacobo Laya, médico e director do centro de saúde de Ordes. Por Claudia Martínez de la Iglesia e Laura Manteiga.	64
Adoración Portomeñe, directora da residencia da terceira idade de Ordes. Por Cristina Gómez Villaverde.	66

VI. Literatura e música.

Mou, músico de hip-hop do grupo <i>Dios ke te krew</i> .	
Por Lucía Fernández Candal e Tania López Noya.	69
Hugo Torreiro, cantautor.	
Por Andrea Ariño Vilariño.	73
Carlos Baute estivo en Ordes na gala da orquestra Panorama.	
Tatiana Martínez e Ana María Mella.	76
Santiago de Compostela acollerá o trixésimo segundo congreso de IBBY “A forza das minorías”.	
Por Manuel Rivas Fariñas.	78
Opinión sobre literatura infantil e xuvenil.	
Por Estefanía Pan.	80
Xabier P. DoCampo, escritor.	
Por Tamara Veiras e María José Gómez Barone.	81
Fernando Marías, escritor.	
Por Tamara Veiras e María José Gómez Barone.	85
Frattini, ensaísta e escritor.	
Por Edgar Artaud.	88

VII. Moda.

O téxtil galego.	
Por Raquel Martínez, Lorena Carneiro, Sofía Rodríguez e Nuria Suárez.	90
José Matteos, deseñador de moda.	
Por Lorena Carneiro e Raquel Martínez Pulleiro.	92

Belén Mosquera, deseñadora. Por Sofía Rodríguez Duarte e Nuria Suárez Uzal.	96
VIII. Medio ambiente.	
Fernando Moraleda, ex secretario de Estado. Por Belén Picón Louçano e Lidia Martínez Castro.	103
Sobre os incendios. Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez.	106
Jesús Pedreira, concelleiro de medio rural de Ordes. Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez e por Amanda Brandariz e Rocío Cores.	111
Bruno García Mallo, xefe de bombeiros de Arzúa. Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez.	119
Caso sobre os ríos Mercurín e Lengüelle. Por Javier Prego Pulleiro e Jacobo Vieites.	123
IX. Deporte e lecer.	
Iván Raña, ciclista. Por Leticia García Fraga e Paula Fraga Vázquez.	125
Lina Fuentes Noya, nai de Iván Raña. Por Paula Fraga.	127
José Ramón Vázquez Raña, concelleiro de deportes de Ordes. Por Gonzalo Castro e Sergio Souto.	128

X. A. Touriñán e Marcos Pereiro, “Mucha e Nucha”, humoristas. Por Eva Fernández Veiras.	131
Xosé Manuel Orgueira, empresario de karting. Por Matías Quintas e Guillermo Calviño.	136
Entrevista aos socios do Real Aeroclub. Por Daniel Rodríguez Calvo e Gabriel Villaverde.	138
X. A Caza por Manuel Rivas Fariñas.	
Entrevista a José Manuel Rivas Gómez e reportaxe.	140/144



I. O noso proxecto de prensa.

Un Proxecto Piloto.

Por Manuel Rivas Fariñas.



O I.E.S. Maruxa Mallo está colaborando con *La Voz de Galicia* nun proxecto piloto, *A Voz do IES Maruxa Mallo*. Neste proxecto participamos os alumnos de terceiro de E.S.O. É un traballo duro e laborioso, dende o mes de xaneiro estivemos investigando, preparando, buscando, realizando e transcribindo as nosas entrevistas, foi a parte máis difícil, moitos entrevistados non nos quixeron atender e moitos de nós tivemos que cambiar varias veces o enfoque do traballo. Como en todas as cousas hai quen toma o asunto moi en serio, facendo incluso varios traballos, e hai quen pasa olímpicamente de todo e

non fai unha entrevista nin á de tres; pero aínda así é un traballo moi bonito e espero que sigan realizando proxectos deste tipo, nós somos os primeiros, pero estou seguro de que a saír ben e que o volverán repetir en anos vindeiros. Grazas a este traballo tiven a oportunidade de adquirir coñecementos e entrar en contacto coa opinión doutras persoas de primeira man, algo que sen este compromiso non podería facer. Estou moi agradecido a todas as persoas que fixeron posible este proxecto e ánimoos a que continúen con actividades deste tipo.

“Traballar co xornal na clase motiva e desenvolve as competencias básicas”

ALBERTO SACIDO E NACHO MIRÁS RESPONSABLES DO PROXECTO PILOTO “A TÚA VOZ” PARA O IES MARUXA MALLO.


Por Tatiana Martínez e Ana María Mella.

Nacho e Alberto, en pleno proceso de edición do xornal | **PAULA FRAGA**

“A Voz do IES Maruxa Mallo” é unha experiencia piloto que pretende fomentar o espírito de equipo e implicar nun proxecto a toda a comunidade educativa. O xornal que tedes nas vosas mans é o resultado dunha iniciativa da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre que busca achegar o xornal e o xeito de traballar dos xornalistas ás aulas dos centros de secundaria de Galicia. O noso instituto tivo a sorte de ser elixido para a experiencia piloto. O profesor do CPI de Bembibre, Alberto Sacido, e o xornalista e tamén profesor de Xornalismo da USC Nacho Mirás aportaron os seus coñecementos para esta aventura chegara a bo porto.

—**Cales son os fins deste proxecto de Prensa-Escuela?**

—[Alberto] Pensamos que elaborar un xornal nas aulas é unha oportunidade



para desenrolar todas as competencias básicas dos alumnos, dándolles a oportunidade de investigar en calquera disciplina, traballar en equipo e utilizar as novas tecnoloxías mediante o traballo por proxectos. Ademais da a oportunidade aos profesores de colaborar entre eles e motivar aos alumnos introducindo a prensa nas aulas.

—**Como xurdiu a vosa relación e a idea deste plan?**

—[Nacho] Coñecémonos hai máis de dez anos, cando Alberto chegou un día á Voz, cos seus alumnos de Bembibre, para visitar o xornal. A partir de aí, comezamos a colaborar e iso deu como froito que o xornal que eles facían, A

Chave, se convertera nun dos referentes da prensa escolar de España, con recoñecidos premios —a verdade é que son uns pesados, gañaban sempre— a nivel do Estado. Un día dixémonos: E por que non exportar este modelo a todos os centros de Galicia? Nesas estamos, probando con vós, que sodes un pouco os «coellos de indias » e que, por certo, nos tedes impresionado co voso traballo.

—Pódese pensar que facer un xornal en clase é unha perda de tempo. Que dicides vós?

—[Alberto] Os obxectivos básicos das novas leis de Educación céntranse no desenrolo das competencias dos

alumnos, é dicir, conseguir que saibades facer as cousas e non tanto *chapar* para despois soltalo nun exame e esquecelo a continuación. Nesta actividade aprendedes facendo, investigando, lendo, escribindo, cooperando cos compañeiros e tocando a materia de moitas das vosas asignaturas. [Nacho]. As noticias que hai neste xornal son as que vos interesaron a vós, de aí que fose tan grande a motivación.

[Alberto]. En definitiva, poderíamos resumir que traballar co xornal na clase motiva e desenrola as competencias básicas dos alumnos.

Memoria d’*A Voz do IES Maruxa Mallo*.

Por Xosé Fernández Castro.

Tiven a honra de coordinar este proxecto do ENDL, *A Voz do IES Maruxa Mallo*, no que participaron Sabela Arias Castro, José Luis Capón García, Pamen García Romalde, María de Urzaiz Gutiérrez de Terán e Ana María Calvo Mariño, todo o alumnado de 3ºB, 3ºC e 3ºD (67 estudantes) e que se fixo no marco dun novo modelo de prensa escolar promovido por unha

iniciativa de Nacho Mirás Fole e de Alberto Sacido Romero con patrocinio da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre e da Obra Social de Caixa Galicia con Romina Sande como principal enlace ante a dirección.

O proxecto consiste na creación dunha versión da revista escolar *Queique* co formato dun caderno de doce páxinas de La Voz de Galicia para ser publicado

conxuntamente con edición compostelá deste xornal, o que permitiría un logro inaudito, que un xornal escolar tivese unha tiraxe de 10.000 exemplares e unha estimación de lectores duns 50.000.

Para chegarmos a este obxectivo os patrocinadores veñen proporcionando semanalmente ao centro uns 225 exemplares de *La Voz de Galicia*, puxeron a disposición do instituto un autobús para visitar a instalación da rotativa de Sabón en Arteixo, enviaron ao centro os promotores do proxecto durante unhas cinco mañás e facilitaron medios humanos e materiais precisos para transformar os traballos escolares nunha publicación que alcanzase os estándares de calidade esixíbeis dentro das páxinas dun xornal profesional.

O profesorado do IES Maruxa Mallo participou co estudo das tipoloxías textuais xornalísticas (Ana e José Luis), dando supervisión científica e abrindo contactos para as entrevistas (Pamen e María), dirixindo os recursos fotográficos, infográficos e publicitarios (Sabela) e dirixindo o conxunto e editando toda a textualidade como proxecto de curso (Xosé Manuel).

O alumnado do centro acumulou trescentas propostas gráficas e elaborou medio cento de documentos de texto baseados en tres dúcias de entrevistas entre as que podemos destacar a dun Ex Secretario de Estado, dous premios nacionais de literatura, dúas persoas consagradas do mundo da moda, tres actores por todos coñecidos, un prometedor cantautor, o director do colexio no que estudaba Álvaro Ussía, o xefe dun gabinete de prensa dun partido político, unha asesora do Ministerio de Cultura, a anterior responsábel de políticas de igualdade dun partido político, un economista, dous concelleiros, un ex alcalde ou varios empresarios e traballadores afectados pola crise económica actual.

Entre os recursos materiais proporcionados polo IES Maruxa Mallo para a boa marcha destas actividades debemos destacar o gasto en reprografía e o esforzo de fotocopiado de xornais desde a conserxería, a utilización dos puntos informáticos da biblioteca tanto para ampliar a información dos dossieres de prensa como para entrar en contacto cos informantes obxectivo para o que tamén foi útil a tarifa telefónica plana nas chamadas a números fixos do centro.

O proxecto que ten como punto máis débil a esixencia de tempos e o enfrontamento a imponderábeis que significan un esforzo adicional por parte dos docentes participantes ten como puntos fortes o aumento plausíbel da cantidade de tempo dedicado á lectura por máis de medio cento de estudantes do mesmo nivel académico. Adquiriuse así un hábito lector que os acompañará aínda que non cheguen a continuar con estudos superiores. Trátase ademais dunha lectura necesariamente comprensiva, dado o seu carácter investigador que fundamenta a elaboración de informes de prensa e a creación de baterías documentadas de preguntas de cara ás entrevistas que se converteron no xénero base do traballo e serviron para poñer caras á actualidade e a saír das estreitas paredes

das rutinas académicas dun centro de secundaria. Tamén é de destacar o traballo de escrita e reescrita de textos incorporando de forma decidida as novas tecnoloxías: editores de texto, correctores dixitais, tradutores on-line, pen-drives, pizarras dixitais, tratamentos infográficos, fotográficos e de maquetación de textos, etc.

A Voz do IES Maruxa Mallo foi un proxecto piloto no que poñer a proba o deseño prototípico dun novo modo de traballar a prensa na escola, que poida completar o modelo xa clásico de *La Voz de la Escuela*, colocando o alumnado non só no papel de lector de prensa, senón tamén no de creador dun xornal en seccións (a fondo, Galicia, local, medio ambiente ou sociedade e cultura).

CÓCTEL MORTAL:

IES Maruxa Mallo por un consumo e condución responsables



II. Audiovisual nas aulas.

A DOBRAXE DAS VOCES AO GALEGO.

Por Lidia Sabel Blanco e María Tasende Vilariño.



O pasado mércores día 29 de abril, a maioría dos alumnos de 3º de E.S.O do I.E.S Maruxa Mallo, tivemos o pracer de participar nunha actividade de dobraxe moi interesante e divertida. Para a actividade acudiron ao instituto catro importantes dobradores que levamos anos escoitando na Televisión de Galicia: Antón Rubal, Tacho González, Beatriz García e Lucía Cid. Tamén viñeron dous técnicos de son,



Joaquín Riera e Manuel.

O acto iniciouse ás dez e media e tivo lugar na biblioteca. Antón Rubal, presidente da asociación de dobradores, foi o que rompeu o silencio falándonos da historia e da técnica da dobraxe. Estes profesionais traballan tanto en galego como en castelán e incluso algún deles, como Tacho González e Beatriz García tamén prestan o seu rostro a personaxes de cine e televisión.

Todos pensamos que o traballo destas persoas é un dos máis sinxelos que hai, pero eles mesmos nos fixeron ver que a cousa non é tan así, é un traballo que require moito esforzo, paciencia e, desde logo, concentración, entre outras cousas, xa que temos que entoar ben o texto, é unha lectura interpretada. Tamén debemos lograr que a nosa voz coincida perfectamente coa do actor da pantalla e iso, desde logo, non é unha

tarefa moi sinxela. No momento no que remataron as explicacións, tivemos uns minutos libres, que coincidiron co recreo; aí Tacho foi rodeado por todo o alumnado do instituto que non parou de facer fotos con el.

Ao volver do recreo, proseguimos coa actividade, pero desta vez o que nos ensinaron foi como funcionaba todo no instante da gravación, aí foi cando tiveron que intervir os técnicos de son. Ai foi cando moitas das voces nos resultaron moi familiares. Pero o que máis nos sorprendeu foi que o noso profesor de galego, Xosé Manuel, tamén dobrara en moitas ocasións a actores coñecidos por todos. Os “expertos da dobraxe” puxeron voz a moitos dos personaxes das películas e series que rapaces coma nós estabamos acostumados a ver. Foi realmente increíble poder oír os resultados das gravacións que con tanto entusiasmo e

concentración gravaran para que nós puidéramos ver, tanto o resultado como o procedemento.

Pero para a nosa sorpresa, Tacho díxonos que nese momento tiñamos que facelo nós. Vivimos, aínda que só fora unha vez, o pracer de facer o seu traballo, co que puidemos comprobar que non resulta nada sinxelo dobrar a voz de alguén e que este mesmo proceso pode levar moito tempo. Foi moi divertido, sobre todo cando os técnicos de son nos deixaban oír o que nós mesmos graváramos.

Pero esta actividade tiña que chegar á súa fin, polo que á unha e media da tarde tivemos que despedir a estes magníficos dobradores galegos. A actividade foi realmente divertida e aprendemos moito con ela, mesmo das persoas que dobran as nosas series, películas e debuxos animados en

galego,
favoritos.



“Empecei no instituto, fixeno no grupo de teatro”.

ENTREVISTA A TACHO GONZÁLEZ, ACTOR.

Por Elisa Gestal Martínez e Lidia Remuiñán Rey.

-Actualmente é coñecido vostede grazas a “Padre Casares”, que está a ter unha chea de seguidores. A que cre que se debe este grande éxito?

-É un misterio, eu penso que é por mor do traballo dos actores, que se fan bastante próximos ao público, ademais as historias son moi realistas, aínda que ás veces esaxeradas. Creo que é divertida.

-Xa van pola cuarta tempada, cantas máis cre que se pode emitir?

-Chega un momento no que hai que ir pensando en parar, o público abúrrese, non lle imos estar dando todo o tempo “Padre Casares”. Eu penso que un par de tempadas máis aínda pode aguantar.

-Nesta serie interpreta a Sindo, un home que é dominado pola súa muller. Pensa que na realidade as mulleres son as dominantes?



-Penso que si, sempre digo que é peor na vida real, xa que o de Sindo é mentira.

-Neste intre está traballando nalgún outro proxecto ademais de en “Padre Casares”?

-De momento teño bastante con “Padre Casares” e coa dobraxe, que é a actividade á que me dedico dende hai moitos anos. Se aparece algunha oportunidade de facer algunha película, pois será benvida. Pero eu prefiro ir facendo as cousas con calma e facelas o mellor posible.

-Ao ter tanto traballo, ten tempo para a súa familia ou para ocio?

-Que remedio me queda, senón peor aínda que Sindiño. Entón si que me botan da casa. Para ocio, non todo o que quixera, pero para a familia teño que buscar o tempo como sexa.

-É moi duro estar boa parte do día metido entre as cámaras?

-O das cámaras non é o peor, penso que o peor é estar concentrado, metido nunha sala na que non sabes se é día ou

é noite. Cando estás gravando en exteriores é moi divertido, a actividade é máis amena, máis entretida; pero cando estás nun plató ou nunha sala de gravación de dobraxe, chega un momento en que se che fai pequeno, necesitas ir ver como é o día, ver se chove, se vai sol, necesitas ver o mundo exterior.

-Cantos personaxes dobrou ao longo da súa filmografía?

-A verdade é que non sei, perdín a conta, lembro algúns aos que lles teño especial cariño como a James Stuart, ao Pato Lucas, ao Oso Yogui, a Srek... Pero a verdade é que non sabería dicirche cantos dobrei.

-Cal foi para vostede o papel máis complicado que tivo que interpretar?

-Penso que o que tes diante en cada momento. Quizais o máis difícil foi unha rodaxe que tiven que facer en inglés, xa que non é un idioma que domine, e iso supuxo un traballo extra de memorización. Ao mellor sabía máis de memoria o texto en inglés, porque como non tiña tantos recursos como no galego ou no castelán para improvisar, tiña que levar moito máis sabido. Quizais fose ese o traballo ao que máis dificultades lle vin.

-Sempre se di que é moi difícil chorar na televisión, ten algún truco para conseguir reproducir esa emoción nunha rodaxe?

-Ultimamente les un xornal e xa te botas a chorar sen pensar moito, só coas primeiras páxinas, é cuestión de buscar a situación, o momento, os recursos na túa memoria... Calquera situación pode axudar, pero como dixen anteriormente agora con ler a prensa xa se chora.

-Vostede ademais de rodar en español tamén o fixo en inglés coas películas “The queen of Swords” e “Romasantá a casa da besta”. Como foi esta experiencia de aprender un idioma novo?

-O que dicía antes, a dificultade da experiencia radicou sobre todo na preocupación de non ser unha lingua que domino, pois ademais de ter que estar pendente do xesto e da interpretación en todo momento, debes traballar moito máis no texto cando hai que dicilo nun idioma que che resulta alleo. Fixen outra, “Caixacovak”, na que ademais tiña que coidar moito o acento, porque era un turista americano, é dicir, tiña que parecer un turista norteamericano. Afortunadamente falaba pouquiño e contei coa axuda dunha colaboradora que me ensinaba como falaban os de Oregón, lugar do

que se supoñía que era o meu personaxe, e a verdade é que non teño ese acento por natureza.

-Tamén realizou o telefilme “San’t Antonio di Podova” en español, que despois foi traducido ao italiano. Pode falarnos algo desa película?

-Nela película había actores que o facían en italiano, debido a que era unha produción italiana. Eu tiña unha frase moi pequena, interpretaba a un bispo, e fíxena en español e logo dobráronme ao italiano. Foi un deses traballos nos que en vez da miña voz sobre a cada doutro saíu a miña imaxe coa voz doutro.

-Dende pequeno xa tiña claro que se quería dedicar ao mundo da televisión?

-Eu de pequeno quería ser enxeñeiro de camiños, pero a cousa cambiou polo camiño. De casualidade estaba no momento oportuno e no lugar oportuno. Había unhas probas e dixéronme que me presentara pero a miña experiencia previa coas cámaras fora nun caixeiro automático.

-Con qué idade empezou a actuar en público?

-Pois empecei no instituto, fíxeno no grupo de teatro, foi unha experiencia na que aprendín algo sobre o cine. Aínda

que agora sería incapaz de facer teatro porque lle teño moitísimo respecto, penso que é unha actividade pola que debemos pasar, sobre todo cando estamos nunha fase de formación. O grupo de teatro nun instituto é unha actividade que realmente resulta moi instrutiva e é moi útil para aprender moitas cousas.

-Que lle resultou máis difícil, actuar no teatro ou no cine?

-O teatro. Para min o teatro é o máis difícil, de feito non fago teatro porque lle teño moito respecto. Paréceme a actividade máis difícil para o actor, sobre todo porque tes o público diante, sen embargo no cine podes corrixir e na televisión tamén. Pero o teatro é de verdade, hai que estar aí e telo que facer crible. Dáme moito medo o teatro e téñolle moito respecto.


-Que impulso o levou a realizar este traballo de audiovisual polos institutos?

-Foi unha idea que xurdiu nunha conversa. Había estas actividades de audiovisual nas aulas e pensamos que a dobraxe sería unha actividade moi interesante e divertida como unha parte máis da industria audiovisual, sobre todo polo que ten de importante no proceso de normalización lingüística.

“Se seguimos subindo así non sei quen vira o ano próximo!”

ENTREVISTA A EVA FENÁNDEZ, ALUMNA DE EXPRESIÓN TEATRAL.

Por Tamara Veiras.



-Hai dobraxes en moitos idiomas, pero que che parece a dobraxe ao galego?

A verdade é que me parece moi ben. Gústame que se fagan en galego, se as

fan en outros idiomas por que non en galego?

-Desde o nacemento da TVG, a dobraxe amosouse como un dos medios máis eficaces para conseguir a normalización lingüística no noso país, como te sentes, como galega, ao saber isto?

Síntome moi orgullosa de ser galega. Se ao final me acaban gustando mis as series ou películas dobradas ao galego.

-Co paso do tempo as máquinas poderían chegar a substituír as persoas neste traballo, gustaríache que isto sucedese?

Non!! Non me gustaría nada! Seria... non sei... aburrido quizais, porque ás veces sóache unha voz e non sabes de quen é, e ao final sabelo cando a volves escoitar. E as maquinas en ocasións si poden substituír o home pero neste caso non.

-Que aprendiches con esta actividade?

Si, moitísimo. Pensei que este traballo era moito máis doado e que o podería facer calquera. A verdade non é nada fácil, e hai que estudar e facer unha carreira como noutras profesións.

-A actividade de “Audiovisual nas aulas” faise todos os anos no IES Maruxa Mallo, cres que debería continuar?

Por suposto. Eu xa participara o ano pasado facendo unha curtametraxe con persoas que coñecía e a verdade é que o pasei moi ben con todos e rin moito. E este ano trouxeron dobradores de películas e series e ata a Tacho que é moi coñecido por todos na televisión. Se seguimos subindo así non sei quen vira o ano próximo!

-Se puideses ter diante outra vez os dobradores e técnicos de son que viñeron polo instituto, que lles dirías?

Que me lembrei deles vendo algúns debuxos animados. E tamén me acordaron series e películas.

-Nesta actividade son moi importantes os técnicos de son, despois de veres como traballan, que dirías sobre esta profesión?

Que quizais sexa a máis importante dentro da dobraxe, colocando as gravacións, mirando que queden ben...

-Gustaríache repetir esta experiencia?

Si. Paseino moi ben. Aínda que era un pouco estraña.

-Hai uns días tiveches a ocasión de facer unha dobraxe de voz, como te sentiches diante dos seus compañeiros mentres dobrabas baixo a dirección de Tacho González?

Bastante tranquila, aínda que sexa raro en min. Limiteime a pensar “aquí non hai ninguén, só estou eu” e saíu como saíu que eu aquí non son experta no tema.

-Que sensación che deu cando todos os profesionais da dobraxe che aplaudiron e animaron?

Sentínme importante (ri). Foi unha sensación estraña, porque eu pensaba que as persoas que son moito máis coñecidas ían ser borde por estar cansos da xente e levei unha moi agradable sorpresa.

-Entre os profesionais do proxecto audiovisual nas aulas o máis coñecido polos alumnos e alumnas era Tacho

González, como foi a experiencia de facer dobraxe con el?

Quedei sen adxectivos... A verdade é que resulta moi difícil expresar o que sentín con esa experiencia, se non o vives, non sabes como é.

-Fixeches dobraxe con Tacho González, entrevistaches os humoristas Mucha e Nucha ; como te sentes despois de coñecer a estes famosos?



Aínda o estou asimilando. Pasou todo moi rápido e no medio de moitos exames e festas e todo. Caéronme todos moi ben.

-Tes representado algunha que outra obra de teatro e agora fas un dos personaxes de “Made in feito na clase” unha obra colectiva de “Luzdegás”, grupo da materia de Expresión Teatral do IES Maruxa Mallo de Ordes. Interésache o mundo do espectáculo?

A verdade é que me gusta e para min case todo é interesante. Intento facer canto podoo cando se me presenta a oportunidade.

-Outra compañeira túa intentou dobrar o mesmo personaxe, o da xuíza, pero non o logrou, que consello lle darías?

Non sei, porque eu tampouco o fixen moi ben.


-Como cres que é o traballo da dobraxe?

Complicado e bastante duro aínda que por ben ser non tes que memorizar os guións nin que interpretar fisicamente.

III. A crise.



OPINIÓN: A crise.



Por Rebeca Cambeiro Graña.

Como todo, a crise non afecta a todos por igual nin todo o mundo ten a mesma visión desta. Entre os que están acostumados a telo todo, a “crise” nótase ó non poder mercar un vestido cada semana ou non poder invitar ó do lado cando se vai de festa. Pero tamén é verdade que pode afectar indirectamente ó ver como o veciño traballa precariamente todo o día para poder

mercarlle uns bos libros ós fillos, un primo queda no paro indefinidamente, ou o resto da familia se ve “apertada” todo o mes, co medo de que se xurde un imprevisto, non dispoñan de recursos suficientes para amañalo. Cando se chega ó extremo da fame, todo isto vese que é máis inxusto ó percatarse da cantidade de comida que os máis favorecidos todos os días tiran, máis da que consomen, ó mesmo tempo que

mercan obxectos de alto estándar e os olvidan ó seguinte día. Pódese mirar para outro lado e pensar na crise como problema duns poucos desafortunados

pero, certamente, as grandes diferenzas económicas entre cidadáns son máis preocupantes e, quizais, a crise é unha consecuencia disto, ou unha delas.

“Se hai licencias, hai ingresos e o non ten



poucas poucos Concello

presuposto para realizar as obras.”

A CRISE NA CONSTRUCCIÓN. ENTREVISTA A ROBERTO GONZÁLEZ, CONCELEIRO DE OBRAS DE ORDES.

Por Pablo Caamaño Grela e Juan José Castillo Carrizales.

Segundo tenente de alcalde, concelleiro delegado de urbanismo e obras, leva



vinte e seis anos como concelleiro. Foi deputado provincial e vicepresidente de deportes e cultura na Deputación da Coruña.

Queremos saber se lle está a afectar a crise á concellería de obras da localidade de Ordes. Por iso estivemos co seu concelleiro Roberto González, que nos falou disto e doutras cousas.

Roberto González, atendeunos moi amablemente no seu despacho, que está

no primeiro andar do Concello. A entrevista levou un bo anaco e tivemos ocasión de formularlle unha serie aberta de preguntas que contestou sen poñer ningún problema. Acompañou varias respostas con documentos que nos mostraba para que nos fixeramos unha idea máis clara do que nos estaba a falar.

Ten que estar pendente de moitos asuntos e asegurarse de que as obras se executen correctamente. Fíxonos ver que o seu traballo non é tan doado como antes pensabamos e que require unha gran responsabilidade. Despediuse de nós convidándonos a volver sempre que nos faga falta e agradecémosllo moito.

-Ser concelleiro de obras é un traballo duro?

-Non, non é un traballo duro. É un traballo coma outro calquera.

-Dende o seu punto de vista, como ve vostede o tema da crise na nosa localidade?

-A crise nótase no Concello. No ano había moitas licencias por tramitar, pero agora foron a menos, e no pobo todos notamos a crise, uns máis e outros menos.

-Nótase moito a baixada de solicitudes nas licenzas de obras?

-Si, claro que si. Poderíamos estar falando dun trinta por cento máis ou menos.

-Ten o Concello problemas de orzamento para acometer algunhas obras públicas?

-Si, o Concello é a institución máis próxima aos veciños. E qué pasa? Que os veciños veñen ao Concello a pedir as licenzas das súas obras, pero claro, se hai poucas licenzas, hai poucos ingresos e o Concello non ten presuposto para realizar as obras.

-Cando cre vostede que se poderán comezar as obras do novo polígono industrial?

-Estamos esperando. Imos ver, o Concello acordou facer o novo polígono en Poulo (Pardiñas). O expediente está acabado, nós mandámolo a medio ambiente, na Xunta. O informe é favorable, agora está en urbanismo e cando chegue ao Concello, no pleno acordaranse as súas normas subsidiarias. Espero que para agosto estea rematado o expediente. Despois hai que expropiar as fincas, facer o proxecto, as estradas, a rede de sumidoiros e todos os demais servizos e tardará uns dous anos máis ou menos.

-Hai grandes empresas dispostas a instalarse no novo polígono?

-Si, hai importantes empresas, moi interesadas en instalarse, pero claro, eu non estou autorizado a dicir os seus nomes.

-Cando poderemos ver rematada a cidade deportiva?

-A ver, a primeiros de maio adxudícase unha parte do proxecto, os vestiarios, a cafetería, as gradas e a sala de prensa. No outro proxecto van as pistas de atletismo e un campo de fútbol sete. Na entrada do campo antigo estamos construindo un local social, para que as

escolas deportivas teñan onde dar as clases teóricas.

-Quedan moitas obras por facer en Ordes?

-Sempre queda moito por facer. O que pasa é que hai vinte anos as necesidades dos veciños non eran as mesmas cás de agora: a sociedade esixe cada vez máis. O Goberno sempre ten que intentar cubrilas. Nas obras de próxima construción está a estrada Ordes-Cerceda, o desvío dos camións, a nova biblioteca de douscentos metros cadrados, e algunhas cousas máis que hai pendentes.

“Espero que vexamos pronto unha recuperación.”

ENTREVISTA A HÉCTOR MONELOS,
DIRECTOR DA SUCURSAL DE
CAIXANOVA DE ORDES.

Por Laura Candal Boquete e Natalia García
Pena.

Estamos na oficina de Caixanova en Ordes co director que nos vai contar un pouco del e do seu traballo.



Héctor Monelos ten 29 anos, é natural da Coruña onde estudou económicas e empresariais. Antes do actual posto pasou por moitos traballos, entre eles

polo Banco Pastor.

-En que consiste o seu traballo?

-Consiste basicamente en dirixir a oficina: debo encargarme de cumprir os obxetivos da mesma, coller o diñeiro da xente que o quere traer, realizar depósitos e mirar que vaia todo ben.

-Por que decidiu traballar nunha caixa de aforros?

-Ben, sobre todo a raíz de ter estudado económicas, nos últimos anos da carreira gustábame moito o tema, todo o relacionado con números... e os negocios máis próximos eran a banca e as finanzas. Ao final preferín unha caixa de aforros a un banco.

-Como chegou a ser director?

-Empecei en Caixanova hai dous anos e medio. A verdade é que non hai ningunha razón que o explique. Quizais se deba a que me esforcei moito desde o comezo e a que aos meus encargados lles gustaba a forma na que traballaba, polo que me propuxeron para director.

-Foi vostede director nalgúns outros bancos?

-Non, esta é a miña primeira dirección. Antes disto fixen substitucións de dirección por períodos longos, exercía de director pero sen ser nomeado.

-Tivo vostede outros traballos fóra do mundo das finanzas?

-Pois si, a verdade é que moitos, mirade; eu comecei a traballar aos vinte anos ao tempo que facía a carreira e empregueime como camareiro en practicamente tódolos sitios que poidades imaxinar; en vodas, comuñóns, bautizos, en restaurantes, en pubs pola noite, en hoteis no estranxeiro... en xeral en todo o relacionado coa hostalería porque era doado compaxinar os estudos con iso para sacar uns cartos.

-Que idade tiña vostede cando comezou a exercer a súa actual profesión?

-Creo que foi aos vinte e seis anos no Banco Pastor e logo aos vinte e sete empecei en Caixanova.

-En canto aos estudos, poderíanos describir a súa formación académica?

-Como xa vos dicía, eu estudei Ciencias Económicas e Empresariais no Campus da Zapateira de Elviña na Coruña, unha carreira de 5 anos, aínda que tardei un pouquiño máis en facela. O último ano tiven unha bolsa Erasmus en Inglaterra e despois da carreira fixen un máster en Banca e Finanzas.

-Considera que foi importante na súa carreira aprender idiomas?

-Pois si que considero que foi unha parte moi importante xa que me preguntaban en tódalas entrevistas os idiomas que falaba e por iso decidín estudar Inglés, Alemán e Portugués. Agora en calquera sitio che piden idiomas aínda que logo non chegues a utilizalos.

-Se nalgún momento vostede decidira cambiar de entidade bancaria, sería posible?

-Si, isto non deixa de ser un traballo coma outro calquera. Se outra entidade considera que eu traballo ben e queren os meus servizos, non habería problema ningún.

-Que posto desempeñou antes de chegar a ser director?

-Empecei sendo caixeiro en Panxón, unha vila costeira do sur de Pontevedra; despois estiven facendo mostrador, que é un pouco de comercial, en Moaña. Tamén estiven en Lalín traballando xa un pouquiño máis co director, facendo hipotecas, e despois, con varias oficinas de Santiago, exercendo na Dirección en substitucións. Finalmente xa vin para aquí de director.

-Algunha vez pensou en deixar de dedicarse ao mundo das finanzas?

-Home! Como en calquera traballo hai momentos que son bos e outros que non son tan bos e cando hai momentos malos pensas en deixalo. Pero realmente non, nunca o pensei. Estou contento co meu e gústame moito o que fago.

-Se tivera que exercer outra profesión, cal sería?

-Pois a verdade nunca o pensei, se algunha vez cambio de profesión, gustaríame ter o meu propio negocio, unha asesoría ou xestoría... calquera cousa, pero algo relacionado con este mundo.

-É moi difícil chegar a ser director



de banco?

-Ben, non é fácil nin difícil. Unha das razóns polas que estou en Caixanova é porque apostan moito pola xente nova e

se coñeces un pouco a miña empresa, hai moito director da miña idade. O máis importante é ser traballador.

-Para rematar imos falar un pouco da crise que estamos vivindo na actualidade. Como lle está afectando a crise a vostede no seu traballo?

-Creo que nos está a afectar un pouquiño igual a todos. A crise fai que haxa moita menos actividade nos diferentes sectores económicos. Hai máis xente en paro e como comprenderedes, as Caixas e os Bancos non son alleos a este momento. Notamos que temos menos actividade, menos xente -por medo ou porque non ten cartos coma antes-. Os cidadáns piden préstamos pero é máis difícil que traian diñeiro porque hai máis gastos.

-Percibe vostede que as persoas están tendo cada vez máis dificultade para afrontar os seus empréstimos?

-Gustaríame dicir que non é así pero a verdade é que si, nótase pouquiño a pouco. Que a xente, moita dela, quedou sen traballo e que custa máis chegar a fin de mes e, claro, se tes unha hipoteca que pagar ou un préstamo, é máis difícil porque moitas veces esas persoas perderon o traballo. Tamén é verdade que eu creo que en Galiza non se está dando tan forte coma no resto de

España pero si que se nota pouco a pouco.

-Como cre que pode afectar o recente cambio de Goberno en Galiza?

-Pois creo que aínda é moi pronto para sabelo. Igual non era o mellor momento para cambiar de Goberno porque nunha crise o máis importante sempre é a continuidade. Espero que ben, pero non sabería dicirvos.

-Para cando cre vostede que poderemos ver a fin desta crise?

-Máis que a fin, espero que vexamos pronto unha recuperación ou algo que anime á xente. Creo que se están tomando boas medidas, como é a baixada dos tipos de xuro e toda unha serie de axudas por parte do Goberno que vai axudar un pouco a que as familias poidan pagar os seus empréstimos. Eu espero que a finais de ano empece a mellorar un pouco e que xa no próximo poidamos pensar en saír desta situación.

-Como afronta vostede persoalmente que un cliente teña problemas para pagar os seus empréstimos?

-Ben, eu coma o resto dos meus compañeiros de Caixanova, afrontámolo poñéndonos un pouco na pel doutra persoa. A xente se non paga

non é porque non queira, moitas veces non paga, porque non pode. Procuras poñerte no seu lugar, dialogar e buscarlle unha solución. Neste caso hai que falar antes de persoas que de cartos.

-Que valoración lle dá a esta

entrevista?

-O primeiro que quería dicir é que estou encantado de que ma fixerades, gustoume moito este proxecto do voso instituto, e logo, que para calquera cousa que queirades no futuro, contedes comigo e con Caixanova para o que necesitedes.

“As folgas que se levaron a cabo non serviron de nada.”

ENTREVISTA A XOSÉ MANUEL GÓMEZ PAZOS, TRANSPORTISTA.

Por Abel Gómez Pena e Pablo García Boquete.

Xosé Manuel Gómez Pazos, un home que leva dezasete anos traballando no transporte de mercadorías en Transpuerto levando todo tipo de materiais de obra, para o campo ou alimentos, nunca recorda unha mala época como a que están a vivir nestes momentos os transportistas. E toda a culpa a leva a crise económica que estamos a vivir. Cando lle preguntamos pola crise rapidamente dixo: “Nótase de maneira considerable”, pero tamén comentou que a culpa non a tiña o gasóleo, senón a competencia entre empresas e tamén que era moi duro estar todo o día esperando a atopar algo

que transportar. Tamén lle preguntamos sobre as famosas folgas e comentounos que non serviron de nada. “Ata agora non despediron a ninguén” respondeu cando lle preguntamos pola súa empresa. Nin sequera pode parar sempre a mediodía para comer, só o fai cando lle dá tempo. Sorprendeunos cando nos comentou que antes o sector do transporte daba para vivir a unha familia sen ningún problema, non como agora pero con todo aínda non pensou en deixar o transporte.

Que tipo de mercancías transporta a túa empresa?

Na nosa empresa transpórtanse moitas cousas, entre elas, todo tipo de cereais, carbón, materiais para obras, produtos alimenticios e algunhas que outras cousas.

Estase notando a crise no tema do transporte?

Estase a notar de maneira considerable. Aínda que hai moita xente que di que os transportistas seguen coma sempre, xa que o gasóleo volveu baixar iso non é certo.

Entón hai que botarlle a culpa ao gasóleo?

Non o gasóleo non a ten. A culpa tena a construción xa que está en paro case total. O campo tampouco está a pasar os seus mellores momentos e aínda hai algúns outros factores.

Pensas que as folgas que se fixeron por culpa da suba do gasóleo serviron de algo?

Non. As folgas que se levaron a cabo non serviron de nada.

En Transpuerto, na túa empresa, houbo moita xente que deixase de traballar por culpa da crise?

Nestes momentos non houbo ningunha persoa que parase.

A mediodía pódese seguir parando e ir a un restaurante a comer?

No meu caso sigo parando, pero moito menos que antes. E algunhas veces nin



che dá tempo a parar.

Segue habendo o mesmo traballo ca antes?

Non, hai moito menos. Moitas veces tes que botar parado todo o día por culpa de que non hai nada que transportar.

Se houbera menos transportistas, sería mellor?

Eu creo que sería moito mellor. Xa que habería menos competencia.

Como era antes a profesión de transportista, logo?

Antes era moito mellor. Daba para vivir a unha familia sen ningún problema.

Pensaches algunha vez de deixar o transporte e traballar noutro lado?

De momento non, pero como todo siga así creo que moita xente o pensará.

“Danlles os cartos ás grandes empresas en vez de darllos ás pequenas que son as máis numerosas.”

ENTREVISTA A JUAN LISTE CALVO, CAMIONEIRO.

Por Álvaro Gómez Martínez e Rubén López Candamio.

É un camioneiro que estivo no paro un tempo e, con sorte, conseguiu atopar traballo.

- Cal foi o motivo do seu despido?

-Pois que baixou o traballo e a empresa tiña moitos empregados.

-Cando o despediron a vostede tamén despediron máis xente?

-Si, despediron uns vinte máis.

- Canto tempo estivo no paro?

-Uns catro ou cinco meses.

- Débenlle diñeiro na empresa na que traballou?

-Non, non me deben nada, o xefe pagoume todo.

- Afectoulle moito á súa economía estar no paro?

-Non, porque a miña muller tamén traballa e sempre é unha axuda.

- Chegou a fin de mes sen problemas?

-Si, como xa che dixen antes, a muller traballaba e, claro, tamén están os cartos do paro.

- Conseguiu atopar un novo emprego?

-Si, por sorte, atopeino.

- Está contento co seu novo traballo?

-Si porque se trata do mesmo que facía anteriormente.

- Foi fácil atopalo?

-Non, tardei tempo pero a base de levar moitos anos no oficio vas coñecendo moitos xefes de empresas e puiden conseguir traballo.

- Como ve a situación do país?

-Véxoa moi mal para os que teñen traballo e peor aínda para os que están parados.

- Parécelle que a crise vai ir a peor?

-Creo que si, porque cada vez o paro e a crise van a máis.

- Está de acordo coas xestións que fixo o goberno contra a crise?

-Non, porque non noto que fixesen nada para acabar con ela e ademais aínda por enriba danlles os cartos ás grandes empresas en vez de darllos ás pequenas que son as máis numerosas.

“Os amaños de coches aumentaron coa crise.”



ENTREVISTA A MANUEL SONEIRA,
EMPRESARIO DUN CONCESIONARIO DE
COCHES.

Por Alejandro Gómez García e José Antonio
Mella Castro.

A crise afecta a todos en xeral e o automobilismo tamén leva a súa parte.

Manuel Soneira é un home de arredor dos sesenta anos, residente en Ordes. Ten estudos primarios e é o propietario dun concesionario, Talleres Soneira.

Escollemos realizar unha entrevista sobre a crise na automoción porque ademais de parecermos interesante, podíamos facela doadamente, xa que en Ordes hai varios concesionarios de automóviles. Só houbo unha pequena complicación, dar collido ao xefe do concesionario, ao que tivemos que ir máis dunha vez para establecer o contacto e é que Manuel Soneira é un home moi ocupado. Aínda así fixo o esforzo de atendernos improvisando un

pequeno oco entre asunto e asunto. En canto rematou, continuou de inmediato atendendo o seu negocio, agora ben, en ningún momento nos apurou e atendeunos con calma. Durante a entrevista puidemos comprobar que verdadeiramente lle gusta o seu traballo ademais de entender moito do sector en parte porque xa leva nese negocio máis de catro décadas.

O concesionario Talleres Soneira, foi un dos primeiros en abrise en Ordes. “Hai aproximadamente corenta e dous anos, que eu abrín este concesionario”. Isto da crise é un problema para todo o mundo, pero esta non foi a primeira, “acórdome dunha crise similar, fora cando estivera o PSOE no poder, na anterior lexislación, aquela crise tamén fora bastante gorda”. A crise fai que as empresas despidan algún empregado, pero neste caso el non despediu a ninguén. “Tamén traballei na construción nos meus comezos”. Iso foi o que dixo Manuel Soneira cando lle preguntamos pola súa incorporación ao mundo laboral. Empezou na construción, pero decatouse de que non era o seu e decidiu montar o seu propio negocio. Arriscou e saíulle todo ben. Tras corenta e tantos anos traballando no mundo do automóbil, Manuel di “este oficio gústame moito”. Cando era

un rapaz, se lle din que ía ser o propietario dun concesionario non o chegaría a crer: “nunca imaxinei que sería o propietario dun concesionario”. Ser xefe ten as súas vantaxes e inconvenientes, pero se o noso entrevistado tivese que escoller entre ser xefe ou empregado elixiría “mellor ser xefe, porque aínda que traballas máis que o empregado, non tes tanta presión e fas o que che pareza axeitado, xa que ninguén che pode mandar nada, porque es ti o xefe”.

-Dixéronnos que a vostede lle gusta moito practicar a pesca. Perde algún tempo do seu traballo para practicar este deporte?

-Non, nunca perdín de traballar por practicar a pesca, porque o primeiro é o traballo e despois o demais, xa que eu non vivo da pesca senón do meu negocio.

-Canto tempo hai que vostede abriu este concesionario e que o moveu a abril?

-Hai aproximadamente corenta e dous anos e a razón para que o abriera foi que vin que o negocio dos automóviles tiña futuro e que me podía dar beneficios.

-Canto baixou a porcentaxe de vendas de coches no seu concesionario con respecto ao ano anterior?

-Baixou bastante, un trinta e nove por cento no meu concesionario, pero aínda está mellor que a media española, que tivo unha caída das vendas dun corenta e nove por cento.

-Todos sabemos que foron despedidos moitos empregados durante este ano e mailo anterior. Despediu vostede algún empregado?

-Por sorte non tiven que despedir a ningún xa que o traballo aínda é abundante e ademais tamén axuda ter un taller no que os amaños aumentaron, porque a xente, co tema da crise, en vez de mercar un coche novo pois aproveita ao máximo o vello.

-En todos os anos que leva neste negocio, recorda vostede algunha crise similar?

-Si, acórdome dunha crise similar, fora cando estivera o PSOE no poder, na anterior lexislatura, aquela crise tamén fora bastante gorda.

-Cando era un rapaz, pasóuselle pola cabeza que algún día sería o propietario dun concesionario de automóbiles?

-Non, nunca imaxinei que sería o propietario dun concesionario, pensaba que ía ser outra cousa pero xamais isto.

-Se tivera a oportunidade de volver aos vinte anos, dedicaríase outra vez ao mesmo?

-Si, este oficio encántame e ademais sítome moi a gusto facendo o que a min me agrada.

-Dedicouse sempre ao mesmo ou tivo algún outro oficio?

-Non, non estiven sempre no sector do automóbil, tamén traballei na construción nos meus comezos.

-Déanos a súa opinión, que cre que é mellor, ser empregado ou ser xefe e por que?

-Na miña opinión penso que é mellor ser xefe porque aínda que traballas máis có empregado, non tes tanta presión e fas o que che pareza axeitado, como es o xefe ninguén che pode mandar nada.

“As vendas de coches caeron un 50 %. Creo que xa sería imposible que isto fose a peor ”

ENTREVISTA A JULIO DEL RÍO VIQUEIRA, SOCIO DE MOTORCAR DE ORDES.

Por Álvaro Gómez Martínez e Rubén López Candamio.



Para entendermos mellor o problema do desemprego que se deriva da crise económica, decidimos entrevistar a Julio Del Río Viqueira, un socio de Motorcar Ordes. Recibiunos amablemente na súa oficina e falounos abertamente sobre a situación da súa empresa ante a crise económica.

-A súa empresa tivo que despedir traballadores neste ano 2009?

-Non. Ata o de agora sufrimos a crise coma todo o mundo pero non chegamos a ter que despedir a ninguén.

-En que aspectos notou máis a crise?

-No que máis nos afectou foi na venda de coches novos.

-Cre que esta crise vai ir a máis?

-Non, porque creo que xa sería imposible que isto fose a peor.

-Está de acordo coas xestións que fixo a crise?

-Non estou nin de acordo nin en desacordo porque esta crise non lle afecta só a España senón que é a nivel mundial.

-Como ve a situación do país?

-Mala, pero non tanto como a xente di.

-Ve en perigo o futuro da empresa?

-Non, porque a crise non nos está afectando ata o punto de vernos en perigo.

-Canto tempo cre que vai durar a crise?

-Pois creo que polo menos outro ano máis sen esaxerar moito.

-Baixaron moito as vendas de coches?

-Baixaron considerablemente, ata un 50%.

-No que levamos de ano vendestes máis ou menos coches que o ano pasado por este tempo?

-Ata o de agora seguimos igual que o ano pasado xa que foi daquela cando caeron as ventas e aí mantivéronse ata o de agora.

“O ano pasado en San Valentín vendín o dobre”


ENTREVISTA A BENITO MARTÍN, PROPIETARIO DA XOIERÍA BEPIBE NA RÚA MARIANA PINELA DA CORUÑA.

Por Daniel Astray Silva e Sergio Candal Iglesias.

Benito Martín naceu en Asturias. Cando seus pais viñeron para Galicia, montaron a xoiería. Desde que se retiraron lévaa Benito.

Con esta crise empeorou todo, pero uns dos sectores máis afectados é o das xoierías porque agora a xente só compra o necesario para vivir. Antes vendíanse xoias de ouro e de prata pero agora como moita xente non ten cartos decídense máis polo aceiro, cousa que aos xoieiros non lle gusta moito. Aínda por riba os roubos van a máis e as xoierías son o seu punto de mira máis habitual porque é uns dos sectores máis desprotexidos. Ultimamente o ouro é moi demandado entre os inversores porque din que este metal precioso

nunca perde valor e así poden recuperar os cartos que investiron nel unha vez pase todo isto.



Benito Martín no salón da súa casa.

Sabemos que estamos pasando por unha crise moi dura pero non cómo lle afecta ao sector das xoierías e por iso hoxe estamos aquí con Benito Martín, para coñecer algo máis sobre o tema.

-En que situación se encontra o sector?

-Encóntrase nunha situación limitada. Porque moita xente en lugar de querer comprar, vén coa intención de cambiar as súas xoias por cartos, coa idea de volver a recuperalas no futuro.

-Que problemas lle supuxo a crise ao sector?

-Eu diría que a xente compra xoias de menos valor e en menor cantidade. Para darche un exemplo, o ano pasado en San Valentín vendín o dobre que este ano.

-Vostede pensa que o sector das xoierías é un dos máis desprotexidos?

-Eu penso que si.

-Cales cre que son os principais problemas aos que se enfrontan os xoieiros con esta crise?

-Un dos principais problemas é que os roubos con esta crise aumentan e moitos

xoieiros teñen que cerrar as súas portas porque non lles dá para vivir.

-Cre que o ouro é unha boa forma de investir os cartos nesta época de crise?

-Si que é unha boa forma de investir os cartos, porque o ouro nunca perde valor.

-Cales son os materiais máis demandados nas xoierías?

-Nesta época de crise o máis demandado é o aceiro seguido da prata. O ouro xa case non se vende.

-Vostede cre que o peor da crise aínda está por vir ou é dos que pensan que xa non pode ir a peor?

-Eu penso que aínda pode ir a peor, porque ao aumentar o paro, os roubos tamén van aumentar e esta situación vai ser insostible.



“Son optimista e quero crer que xa se ve a luz ó final do túnel.”

ENTREVISTA A MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, AXENTE DE SEGUROS.

Por Daniel Núñez Sánchez e Patrik Domínguez García.

Manuel é un axente de seguros con trinta e sete anos, con estudos universitarios nunha universidade da Coruña. Actualmente traballa como axente de seguros. Está casado e ten tres fillos dos que un quere seguir os seus pasos. Vive coa súa familia vive nunha vila da provincia da Coruña.

No ano dous mil oito vendeuse maior número de seguros que este ano. Isto débese a que a xente non compra tantos automóviles pola crise e por iso non se fan tantos. Nesta entrevista fixémoslle unhas preguntas a un axente de seguros para que nos conte como é o mundo dos seguros.

- Tamén lle afecta a crise ó mundo dos seguros?

- A crise aféctalle a todos os sectores en maior ou menor medida. Dependemos uns dos outros. A xente contrata só os seguros obrigatorios e básicos.

-Vendiches máis ou menos seguros que o ano pasado?

- Ímonos mantendo no mesmo nivel co ano pasado. Moita xente reduce garantías e está habendo máis devolucións.

-Tiveches que baixar o prezo dos seguros? E se é así, por que?

- Os prezos que temos son bastante competitivos e moi axustados porque hai que adaptarse ás economías domésticas. A competencia entre compañías fai que os prezos se axusten.

-Que seguros son os que che dan máis beneficios e os que máis vendes?

- Os que dan máis beneficios son os seguros de vida pero os que máis se venden son os seguros de automóviles. A xente estase concienciando cada vez máis de que non pode ter un coche sen seguro, entre outras cousas porque te poden multar se te collen sen seguro.

-Tamén afecta a subida do petróleo no mundo dos seguros?

- Poderíamos dicir que cando sobe o petróleo, van subindo o prezo de todo en xeral.

-Cales son os meses que consegués máis beneficios?

- Non che podería dicir un mes en concreto xa que tódolos meses están bastante igualados.

-Sabemos que ti traballas por conta propia, por que decidiches traballar así?

- Eu empecei traballando como empregado e cando collín unha certa experiencia, foi cando decidín dar o paso de montar o meu propio negocio e probar sorte traballando como

autónomo, cousa da que non me arrepinto.

-Ti cres que para o ano dous mil dez conseguiras máis beneficios?

- As comisións tenden a baixar, polo que os beneficios non van subir.

-Pensas que esta crise acabará no vindeiro ano?

- Quero pensar que si. Son optimista e quero crer que xa se ve a luz ó final do túnel. De todas maneiras isto non vai ser cousa fácil.

-Neste ano tes máis traballo có ano pasado?

- Levamos un bo ano. Aínda que temos que traballar máis tempo para conseguir os mesmos beneficios.



**E SE NOS DAMOS
UNHA SEGUNDA OPORTUNIDADE?**



IV. A sombra das eleccións.

“A campaña foi o colofón de catro anos de traballo desde a oposición.”

ENTREVISTA A CARLOS VARELA CASTIÑEIRAS, RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA.

Por Míriam Varela Castro e Noelia Varela Rey.

Carlos Varela naceu no ano 1968, na localidade de Ordes. Ao longo da súa vida, chegou a traballar nunha revista e nunha axencia de noticias, despois empezou con Fraga a comezos dos anos noventa e en 2005 incorporouse ao departamento de Comunicación do grupo Parlamentario do Partido Popular.



O día 14 de abril, tivemos o pracer de entrevistar a Carlos Varela Castiñeiras, responsable de Comunicación do Grupo Parlamentario de Galicia, que nos recibiu moi amablemente. Foi unha

experiencia moi agradable xa que nos respondeu como un auténtico periodista e non tivemos que modificar nada...

-Que actividade desenvolves?

- Fun, durante a última lexislatura, responsable de Comunicación do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

-En qué consiste ese traballo?

- Trátase, en esencia, de canalizar a relación entre os deputados autonómicos do PPdeG e os medios de comunicación. Dar a coñecer o traballo que realizan no Parlamento a través de iniciativas, debates, etc. Boa parte desta actividade dáse a coñecer a través de notas de prensa que elaboramos e distribuimos a tódolos medios de comunicación, pero tamén xestionando a participación en entrevistas,

debates e outro tipo de actividades que proporcionan proxección pública.

-Como foi a experiencia de traballar con políticos de tal importancia como poder a de Don Manuel Fraga?

- Evidentemente, resultou moi gratificante no terreo persoal e no profesional, malia que, en contra do que ás veces poida parecer desde fóra, non todo é un camiño de rosas. É unha actividade que che esixe unha dedicación absoluta, sen horarios, e con moitos sinsabores.

Pola contra, tes oportunidade de coñecer a moita xente e mesmo de ser testemuña de acontecementos excepcionais, como as reunións de Fraga con Fidel Castro -en Cuba e en Galicia- e con outros mandatarios tanto no plano estatal como internacional; de presenciar -e axudar a transmitir, de portas para fóra- o día a día da xestión dun Goberno, con luces e sombras, como en toda obra humana.

Unha célebre xornalista, María Antonia Iglesias, dicía que falar con Fraga é facelo cun protagonista da historia contemporánea de España. Coincido plenamente con ela.

-Que actividade desenvolvías cando traballabas para el?

- Empecei na primeira lexislatura, como redactor do Gabinete de Comunicación do presidente da Xunta. Nas dúas últimas lexislaturas -desde o ano 1998, creo recordar- fun redactor-xefe do Gabinete de Comunicación da Xunta.

-Cantos anos estiveches traballando con el?

- Preto de 15 anos, desde comezos da década dos 90. Un tempo no que Galicia mudou radicalmente, e creo que para ben.

-Por que cres que o PP gañou estas eleccións?

- Se ben foron moitos os factores, creo que hai dous que destacan especialmente. Por unha banda, está o fracaso do bipartito que lonxe de presentarse ás eleccións cun balanço de xestión aceptable, tiña ás súas costas un cúmulo de desencontros internos, fracasos e condutas pouco edificantes, como o coche de Touriño ou a foto de Quintana no iate dun empresario que resultou especialmente beneficiado no concurso eólico.

Por outra parte, mentres os socios do bipartito cometeron frecuentes *patinazos* durante a campaña electoral (secuestro de maiores para un mitin de Quintana ou campaña presidencialista de Touriño, na que alardeaba xusto do que ninguén lle recoñecía), Feijoo dedicouse a efectuar

propostas concretas sobre os problemas que lle preocupan á xente: dependencia, sanidade, educación, paro ou crise económica. A campaña foi o colofón de catro anos de traballo desde a oposición, na que o PPdeG se esforzou en acompañar a cada crítica, dunha proposta concreta e crible.

-Por que pensas que Feijoo decidiu formar un Goberno independente e sen paridade?

- El xa anunciara durante a campaña electoral que tiña intención de integrar no seu futuro Goberno a algunhas persoas independentes; recordo que chegou a dicir que podería contar con xente que non tivese votado ao PPdeG. Desde a súa toma de posesión é o presidente de todos os galegos, dos que o votaron e dos que non.

Respecto á paridade, a discriminación da muller non se supera con cotas obrigatorias, senón recoñecéndolles a súa valía. En lugar das críticas que xurdiron estes días logo de coñecerse a composición do Goberno -mostra das dificultades da oposición bipartita para articular un discurso crible nesta nova etapa- hai que recordar outras propostas formuladas por Feijoo na recente campaña electoral, como a orientada a eliminar a discriminación económica da muller, avogando por implantar instrumentos encamiñados a

garantir que, a igual traballo, igual salario, con independencia do xénero do traballador.

-Saberías dicirnos cales son as novas propostas de Feijoo contra a crise económica que atravesamos nestos momentos Galicia?

- Haberá que agardar á presentación do plan de choque contra a crise que se comprometeu a facer público nos primeiros días do Goberno, unha vez que o Executivo coñeza realmente a situación interna da Xunta e os instrumentos dos que dispón.

Durante a campaña xa avanzou algunhas ideas: novas obras públicas, internacionalización das empresas, reforma da administración para gañar axilidade, aposta polo I+D+i e pola educación, etc.

-Que actividades desenvolves agora que xa transcorreran as eleccións?

- Como é lóxico, a actividade descendeu un pouco, pero nun departamento de comunicación sempre hai que facer; ben desde unha estratexia proactiva -tomando a iniciativa- ou reactiva -como resposta a demandas concretas ou acontecementos que se teñan producido-.

-Se o Partido Popular perdera as eleccións, seguirías exercendo a mesma actividade que realizas neste momento?

- Nunca fun partidario de recrearme no que puido ter sido e non foi. Por fortuna -e sobre todo, como consecuencia dunha estratexia acertada e moito traballo de moitísima xente- os resultados foron os agardados.

-Que transcendencia ten o traballo que desenvolves no PP?

- A miña é unha aportación máis, que se suma á dos restantes compañeiros de comunicación, á do resto do persoal do Grupo Parlamentario e das diferentes sedes do PPdeG, dos deputados, de concelleiros... Todos precisamos de todos.

-Que obxectivos pretende acadar unha persoa que traballa no Gabinete de Prensa do Partido Popular de Galicia?

- Os mesmos que calquera outro traballador de calquera empresa ou institución: estar á altura do que agardan de ti e cumprir coas túas responsabilidades na medida do posible.

-Cantos anos levas traballando para o Partido Popular?

- Incorporeime ao departamento de comunicación do Grupo Parlamentario Popular ao comezo da pasada Lexislatura, no verán de 2005.

-Se che deran a oportunidade de traballar noutro partido, cambiarías ou quedarías no teu partido actual? Por que?

- Esa posibilidade nin está plantexada, nin se vai plantexar. Diso si que estou seguro.

-Que hai que facer para poder traballar nun Gabinete de Prensa, dun partido político? Que estudos habería que ter?

- Como é lóxico, nos departamentos de comunicación traballan xornalistas que, na maior parte dos casos, ademais, teñen experiencia previa en medios de comunicación. No meu caso, traballara previamente nunha revista e nunha axencia de noticias.

- E por último, que papel xogan as novas tecnoloxía no teu traballo?

- Son fundamentais e cada día ocuparán un papel aínda máis relevante. Mentres que hai uns anos, a maior parte das comunicacións escritas se enviaban por fax, na actualidade utilizamos case exclusivamente o correo electrónico, que nos permite distribuír noticias, fotografías e incluso cortes de voz.

Ademais, procuramos publicar todo ese material en Internet, tanto nas páxinas dos deputados, como no portal do Partido Popular de Galicia. Na actualidade, a rede

é fundamental, máxime tendo en conta que hai amplos sectores de poboación que se informan case exclusivamente a través de Internet.

Como exemplo, na pasada campaña electoral, na que o PPdeG tivo unha

presenza destacada en Internet, rexistráronse máis de 300.000 descargas dos vídeos aloxados na web de campaña. A maior parte das visitas foron efectuadas desde Galicia, pero houbo moitas desde países con forte presenza galega, como Arxentina e Suíza, entre outros.

“Renuncias moito á familia e aos fillos, porque case non os ves.”

ENTREVISTA A TEODOSIO MARTINO MARTINO, EX ALCALDE DE ORDES.

Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez.

Martino foi alcalde de Ordes durante vinte anos con tres partidos distintos, gustaríalle volver a ocupar a alcaldía do Concello, xa que se sente moi orgulloso do que fixo na política e do seu paso por esta institución.

-Como tomou a decisión de entrar no mundo da política?

-Un



grupo de amigos propúxome e entrei. Nunca militara en ningún partido e a primeira vez que o mo pediron só puxe unha condición, que me deixaran facer a min as listas. Pensaba que non ían aceptar, pero dixéronme que si e tiven que entrar. Tiña corenta e algo de anos cando isto ocorreu.

-Cal foi o percorrido que tivo que facer ata ser alcalde?

-Cheguei a Ordes, levaba traballando aquí doce anos e dous na Xunta; propuxéronme aos catorce anos de estar en Galicia. Xa mo comentaran anteriormente pero non quixera entrar porque a oficina na que eu traballaba estaba en Ordes e participar podía crear

unha polémica que eu non desexaba. Nas eleccións seguintes viñéronme a buscar e decidín entrar.

-Como definiría o seu paso pola alcaldía de Ordes?

-Foi un período de desenvolvemento para o concello. Pasamos de non ter pistas asfaltadas nin campos de festas acondicionados en ningunha parroquia tiña a telos en todas.

-Hai quen di que a vida dun político é moi atarefada, vostede como a definiría?

-Para o que queira desenvolver o seu traballo honradamente é moi sacrificada, renuncias moito á familia e aos fillos, porque case non os ves.

-Durante as eleccións está moi ocupado, como dá atendido a súa vida profesional e persoal?

-Cando hai unhas eleccións nas que eu participo como candidato, danche quince días de vacacións para asistir á campaña e cando non é así, a base de facer horas.

-A súa familia apóiao en todas as decisións da súa vida profesional?

-Os meus fillos non estaban de acordo en que eu seguira porque case non teño tempo para eles. Se estou nunha reunión

e eles queren que lles axude con algo, pois dedícolle menos tempo.

-Vostede xa ten dado moitos mitins, que se sente cando se está diante de tanta xente?

-As primeiras veces estás bastante nervioso. A miña profesión, por sorte, consistía en dar charlas en público e nunca tiven problemas para falar diante da xente. É un traballo máis.

-Cando fala diante de tantas persoas, está seguro de que a xente que o está a escoitar pensa o mesmo que vostede ou ten dúbidas?

-Polas caras sabes se están aceptando o que dis ou non e sabes quen está de acordo contigo e quen non.

-Hai políticos que invisten moito tempo e diñeiro na campaña electoral, vostede que opina?

-Eu, normalmente, procurei facer as campañas sen un gasto excesivo; pero estamos vendo que as campañas fanse a base de diñeiro.

-Cambia moito a vida dun político cando accede a un cargo?

-Cambia totalmente porque non tes un minuto libre, por exemplo, o alcalde ten un teléfono aberto ao público a todas as horas. Eu recordo o día que se

incendiou a casa de Ignacio, era a unha da mañá, eu estaba na cama e chamáronme para avisarme de que había un incendio. Se non tes o teléfono non sabes o que ocorre e non podes mobilizar os medios necesarios así que procuras estar pendente para botar unha man se podes.

-Como ve a forma de actuar dos políticos que se atopan por encima de vostede?

-Como en todas as cousas, hai quen actúa moi ben e hai quen as fai pesimamente.

-Pensa que o señor Raxoi debería preocuparse máis por algúns temas e deixar de criticar a Zapatero?

-Non podo criticar que lle leve a contraria porque eu aínda lla levaría máis veces e máis forte.

-Que resaltaría de Raxoi como persoa e como político?

-É un home superpreparado. Aos vinte e dous anos xa era rexistrador da propiedade, número un de España. Politicamente penso que está un pouco frouxo, hai temas que non se poden permitir, de feito aínda temos o 11M sen resolver, iso é gravísimo, de feito saíu hoxe (13 de maio) no xornal *El Mundo* que o explosivo foi de ETA. E

manda narices, paréceme indignante que non incidiran máis nese tema; o que pasa é que o fiscal era curmán de Gallardón e por non atacar o fiscal, quedou a cousa así, pero realmente é increíble o que está pasando neste país.

-Hai quen di que os políticos prometen pero non cumpren, vostede que opina?

-O que promete e non cumpre, aos catro anos está fora. Acabamos de ter eleccións en Galicia e iso de que uns fixeran goberno pola mañá e oposición pola tarde e viceversa, provocou un resultado con maioría absoluta, algo que, habendo cada vez máis partidos, ponse moito máis difícil, pero o pobo é moito máis intelixente que os políticos.

-Como pensa que actuará o señor Feijoo ante a nova presidencia da Xunta?

-Moi ben, hoxe mesmo xa o demostrou. Levamos ano e medio sen facer nada en relación á crise do sector lácteo, hoxe tivo unha reunión cos sindicatos e, de entrada, xa lles adiantan os cartos que veñen de Europa en lugar de atrasalos como sucedía co goberno bipartito.

-O ano pasado Galicia estaba gobernada polo bipartito, cre que actuaron mal nalgúns temas ou

**levaron a Galicia polo camiño
axeitado?**

-Nalgúns temas moi mal, por exemplo, no tema do idioma actuaron fatal. Neste apartado calquera medida que lle queiras imponer prexudica ao que pretendes facer. Algo que está claro é que calquera cousa que intentes que se faga pola forza vai resultar todo o contrario do que intentes.

**-Estaría disposto a aliarse con algún
outro partido?**

-Sempre estiven en coalicións. Nos vinte anos que estiven gañei as eleccións con tres partidos diferentes. As primeiras, con Coalición Progresista Galega. Negociei con todos os partidos, como o máis razoable foi o Partido Popular, fixen un pacto e governei con eles, pero cando o PP me fixo a xogada de utilizar o meu nome ata o día de presentar as listas e o día de facelas pretenderon que eu lle deixara o sitio a outro, presenteime por Democracia Galega e volví gañar. Gañei con tres partidos e fixen coalicións con todos, incluso co BNG e co PSOE.

**-Que cre que se debería facer para
acabar coa crise económica?**

-Hai unha cuestión fundamental que é a confianza. Mentres non haxa confianza, non imos saír da crise económica así

que non se pode vivir nunha evidencia e negala. Agora mesmo estase dicindo que a Seguridade Social non periga cando ten problemas moi graves, porque os fondos que está aportando o Estado, con catro millóns de parados, a unha media de mil euros ao mes son catro mil millóns de euros que se gastan mensualmente en pagar as prestacións de desemprego. Pero non é só iso, o problema é que se deixan de ingresar dous mil millóns de euros ao mes. Cando a xente traballa ten seguridade. Se aseguraran que todas as persoas tiveran traballo, desaparecerían todos os problemas que hai coas hipotecas. É unha crise de confianza a nivel mundial, porque aquí había algo que era moi bo, as caixas de aforros collían o diñeiro de Estados Unidos ao un por cento e aquí eles prestábano a un catro ou cinco por cento e gañaban moito diñeiro. O problema foi que os investimentos que fixeron as caixas e os bancos remataron en hipotecas a vinte ou vinte e cinco anos, algúns incluso a trinta; con ese prazo tan longo, ao comezar a fallar as hipotecas en Estados Unidos e os préstamos que estes lle facían a España, as caixas comezaron a perder fondos. O Goberno tívólles que adiantar moitos cartos porque non había diñeiro en efectivo para solucionar os problemas e iso xera desconfianza entre os bancos.

“Debería estudarse o modo no que se realiza o orzamento das campañas electorais en España.”

ENTREVISTA A ESTHER COUTO RIVAS, ASESORA PARLAMENTARIA DO MINISTERIO DE CULTURA E EX LÍDER DO PSOE DE ORDES.

Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez.

-Como tomou vostede a decisión de entrar no mundo da política?

-Os socialistas somos persoas que nos involucramos moito en asociacións e na sociedade en xeral. Eu estiven sempre moi implicada nos problemas sociais que me rodeaban e a vía para facer cousas e axudar a resolver os problemas da xente é a política. Ademais identifícome co ideario socialista, por iso estou metida na política.

-Vostede era concelleira no Concello de Ordes e agora continúa a súa carreira política en Madrid. Nótase moito o cambio?

-Fun concelleira en Ordes, tanto na oposición como no goberno, pero tiveren que deixar o cargo porque me nomearon asesora parlamentaria do Ministerio de Cultura. Agora non son deputada, pero estou na porta e espero volver selo.

-Se tivera oportunidade, volvería a Galicia?

-Por suposto que regresaría, na política camiñamos por etapas e cada unha delas é unha vivencia nova.

-Vostede cre que a vida dun político é moi atarefada?

-A vida do político é completamente descoñecida para os cidadáns. Non temos horarios, nin fins de semana, nin festivos pero estamos por propia vontade, eu particularmente porque me gusta.

-Durante as eleccións viaxan moito, quédalles tempo para estar coa súa familia e para o seu tempo de ocio?

-Nunhas eleccións temos unha precampaña que nos ocupa moito tempo, pero realmente nos días de campaña non temos tempo nin para a familia nin para o ocio.

-Que sente cando dá un mitin diante de milleiros de persoas?

-Cando conectas coa xente, cando notas que te entende e vibran coas túas palabras, a sensación é increíble.

-Paga a pena investir tanto tempo e diñeiro na campaña electoral?

-Seguramente debería estudarse o modo no que se realiza o orzamento das campañas electorais en España, pero ser, son necesarias, como necesaria é a política por máis que sexa moi criticada.

-Como cambia a vida dun político segundo sexa ou non elixido para o cargo?

-Moito, un cargo é unha responsabilidade, pero teño que dicir que para as mulleres éo moito máis, pois se temos unha familia, fillos por exemplo, a política require moito tempo a costa do que lle dedicamos á familia. Por iso moitas mulleres que se poderían entregar ao mundo da política, non o fan. É necesario a axuda e colaboración do marido. Eu son un exemplo de que se pode estar nun cargo político, traballar toda a semana para el e levar unha familia con normalidade.

-Cambiaría algunha forma de actuar de Zapatero?

-Zapatero é un líder, unha persoa que transformou a sociedade, agora non o vemos pero o tempo mostrará canto cambiou a sociedade española, cantos avances sociais se lograron. Amañaríalle as cellas.

-Como logrou chegar a onde está?

-Traballando coa xente e axudándoa.

-Séntese orgullosa do que leva feito?

-Moito, do que máis me sinto orgullosa é de ser a primeira muller de Ordes en presentarme a alcaldesa e a primeira deputada da comarca, encantaríame que as mulleres viran en min o exemplo de que tamén podemos coa política, facer cousas e levar unha familia.

-Hai quen di que os políticos prometen pero non cumpren, que opina vostede?

-Os políticos temos moi mala fama, eu só pododo dicir que hai moita xente que me coñece e sabe que, para min, a palabra é sagrada.

sOrrí! é a meLLor menciña!

IES ///aruxa ///allo

“Sorpréndeme que o PP se estree recortando os dereitos das mulleres e atacando o noso idioma.”

ENTREVISTA A CHARO FERNÁNDEZ VELHO, DO CONSELLO NACIONAL DO BNG DURANTE O GOBERNO BIPARTITO NA XUNTA.

Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez.



-Como tomou vostede a decisión de entrar no mundo da política?

- Lembro os meus anos no instituto, tomar consciencia de ser unha cidadá galega, de que a Galiza, necesitaba

persoas que puidesen alimentar a consciencia necesaria para que exista a nación. Desde que tiña máis ou menos a vosa idade fixen esa reflexión, recoñecinme como cidadá pertencente a unha nación determinada, que é Galiza, e entendín que eu tamén podía contribuír a que esa nación continuase ao longo do tempo. Comecei moi nova, lembro á perfección todas as actividades que realizabamos no instituto: do traballo no equipo de normalización lingüística, da elaboración de revistas escolares, da loita pola liberdade de expresión;

naqueles anos era moi difícil editar algo sen que fose censurado. Tomei consciencia de que todos eses aspectos veñen a ser un traballo político, porque o traballo social é traballo político. Estiven toda a vida realizando traballo de acción social e finalmente acabei militando no BNG.

-Séntese orgullosa do que fixo ata o día de hoxe na política?

-Creo que todas as persoas deberiamos adquirir certos compromisos coa sociedade na que nos atopamos. É tan importante a faceta que realiza unha asociación ecoloxista coma a dunha plataforma que se crea nun determinado momento para solucionar un problema que poida estar afectando a un grupo determinado de persoas. Paréceme moi importante que haxa un compromiso social por parte da xente. Síntome moi orgullosa, sobre todo, de ter participado nas plataformas de tipo social. Cando estudaba no instituto, implicábame en todo aquilo que se movía, despois participei na asociación reintegracionista de Ordes. Cando se reivindicaba a creación deste centro, o IES Maruxa Mallo, eu estiven na plataforma polo instituto. Participei na plataforma en contra de SOGAMA, estiven na última plataforma que se creou en Ordes contra a guerra. Síntome

orgullosa de ter compartido todo ese traballo coas mulleres e homes de Ordes e estou moi satisfeita do meu traballo político.

-Gustaríalle chegar a ser a líder do BNG?

-Na asemblea do BNG do 2006 presentei unha candidatura alternativa á de Anxo Quintana co obxectivo de ser a portavoz nacional do BNG, o que significa que si me gustaría liderar o BNG; e non só me gustaría, senón que tamén o intentei.

-Gustaríalle ocupar algún posto na Xunta de Galicia?

-O que realmente me gustaría é que estivesen á fronte do goberno Galego forzas políticas que realmente defendesen os intereses da cidadanía. Penso que o BNG é o partido que máis empeño pon en defender os intereses de Galiza. Creo que esta organización, herdeira do Partido Galeguista creado no ano trinta e un, ten unha tradición importante da que nos sentimos moi orgullosos, o nacionalismo histórico; somos os herdeiros de Castelao, de Alexandre Bóveda e creo que somos os que máis capacitados estamos para liderar Galiza.

-Temos entendido que vostede estaba nas listas do BNG, pero agora quedou fóra de todos os cargos. Cal foi o motivo?

-Cando se convocan unhas eleccións ao Parlamento Galego, que é o lugar no que a cidadanía se ve representada en cada un dos deputados e deputadas, hai que facer unhas listas, logo os cidadáns votan esas listas. O que sucedeu foi que o BNG sacou catro deputados pola provincia da Coruña e eu era o número dez, por tanto non chegaron a min.

-Hai xente que di que a vida dun político é moi axetreada, vostede como a definiría?

-Hai momentos de moito traballo, pero paréceme moi atractiva sobre todo cando unha persoa ten vocación de servir aos demais facendo o seu traballo político, para min iso é servir á sociedade. Esa vocación que eu sinto fai que compense, sobre todo no meu caso, porque eu nunca deixei o meu posto de traballo. A verdade é que nunca tiven ningunha responsabilidade que me obrigase a facelo así que teño que compatibilizar a dedicación política coa miña situación laboral e coa vida persoal e familiar. O traballo político resulta moi ilusionante porque é un labor de transformación e de creación dunha nova sociedade.

-A súa familia apóiaa en todas as decisións políticas?

-Teño moita sorte porque toda a miña familia me apoiou sempre.

-Supoñemos que vostede xa ten ido a moitos mitins. Que se sente cando se está diante de tanta xente?

-Unha vontade tremenda de comunicar, expresar e explicarlle á xente como é o teu proxecto de maneira que o entendan e que comprendan que o traballo político pode ser algo moi valioso para unha sociedade, que acepten cousas tan importantes como que a democracia hai que mantela e renova-la cada día. Hai que explicar cal é o proxecto polo que traballas, que vai ser un proxecto por moitos anos. Ser capaz de transmitir todo iso é moi difícil, tes que convencer a xente de que o teu proxecto é o mellor.

-Hai políticos que pensan que se inviste moito tempo e diñeiro na campaña electoral. Vostede que cre?

-Eu penso que se inviste demasiado diñeiro nas campañas electorais, creo que a cidadanía debería facer un esforzo por non deixarse levar polas grandes campañas electorais: a xente debería ler máis os programas. As forzas políticas debemos gastar menos diñeiro e

empregar máis tempo en contactar directamente coa cidadanía.

-Cambia moito a vida dun político cando accede ao cargo?

-A min non me cambiou nada. O cargo que tiven, secretaria de acción feminista do Bloque Nacionalista Galego, tróuxome moita responsabilidade pero a miña vida persoal non cambiou e non quero que o faga, eu estou moi contenta coa vida que levo.

-Cre que os novos políticos están actuando correctamente?

-Creo que ultimamente se está utilizando moito, a demagogia, a mensaxe fácil e que se fai pouca reflexión. Penso que habería que pararse máis, reflexionar e, por parte dos políticos, explicar os proxectos e os obxectivos dos mesmos.

-Vostede cre que se Anxo Quintana non lle levara tanto a contraria a Feijoo e atendese outros temas, aínda sería portavoz do BNG?

-Creo que o BNG lle trasladou a toda a cidadanía as propostas de futuro e os logros que conseguiu no goberno galego; o único que non fixo o BNG foi entrar na dinámica de insultos e mentiras. O PP centrou a súa campaña en falar dun sillón e dun coche oficial, e

o BNG non entrou nesas cuestións que consideramos superficiais. Nós pensamos nunha campaña en positivo onde presentamos o noso programa, os nosos proxectos, deixando de lado estas cuestións. O PP conseguiu un escano máis que PSOE e BNG, parece ser que estas cousas dan resultado e iso é o que a min me entristece, que as persoas poidan non ser capaces de distinguir entre as propostas en positivo para gobernar este país, do que son campañas baseadas en cuestións totalmente intrascendentes. Eu estou orgullosa de pertencer a un partido político que constrúe en positivo e que explica os seus proxectos á cidadanía.

-O ano pasado a Xunta estaba gobernada polo bipartito. Vostede cre que actuaron mal nalgúns temas ou que souberon levar a Galicia polo seu camiño?

-O BNG se realizou un traballo tremendamente positivo para Galiza porque se conseguiron poñer en marcha accións que realmente foron moi beneficiosas. Un dos logros do Bloque foi poñer a andar a vivenda pública; créronse as normas do hábitat polas cales se está regulando a calidade da vivenda; foi importantísimo o traballo que se realizou dende a consellería de Vivenda. Tamén dende a de Medio

Rural, porque o rural era un medio que, historicamente, se pensaba que estaba en declive, víase sen futuro e iso agora cambiou, o BNG púxolle futuro ao rural: déronse facilidades para que a xente nova se incorpore ao medio rural e se poida vivir nel dignamente. Outro logro do BNG foron as políticas de igualdade e sorpréndeme que o novo goberno galego comece a súa andaina nesta lexislatura atacando os dereitos das mulleres e defendendo aqueles colectivos que pretenden facer retroceder os dereitos das mulleres, en concreto os dereitos sexuais e reproductivos; non pode ser que o goberno lle dea cobertura a organizacións minoritarias que se dedican a reducir os dereitos das mulleres. Sorpréndeme que o PP se estree atacando os dereitos das mulleres e atacando o noso idioma, ameazando con destruír leis e decretos que se puxeron en marcha partindo da unanimidade no Parlamento galego.

-Vostede coñece a Anxo Quintana, cambiaría algún aspecto del?

-Paréceme un excelente compañeiro de organización e un excelente político. Creo que fixo un traballo moi

importante dentro do BNG e dentro da sociedade galega e espero que o siga facendo no futuro, porque as persoas que traballamos na política temos que recoñecer que hai momentos nos que estamos en cargos de responsabilidade e hai momentos nos que non é así.

-Que deberíamos facer para acabar coa crise económica?

- Non podemos pensar que hai una medida milagrosa que poida solucionar unha crise que non é só a nivel de Galiza, é a nivel mundial. Debemos protexer as persoas máis febles da sociedade, vítima deste modelo económico e basealo na economía produtiva. Trátase de crear e apoiar as iniciativas empresariais que signifiquen producir algún ben para o consumo da xente e non especular. O Estado ten que ser o garante de que vai haber un benestar mínimo asegurado para todo o mundo, de que as persoas non van quedar desprotexidas por causa da crise económica e de que os que máis teñen son os que máis han de dar para protexer aqueles que teñen menos. Por tanto, as medidas como a rebaixa dos impostos son, pola miña parte, totalmente rexeitábeis.

V. Sociedade.

OPINIÓN: O racista nace ou faise?

Por Rebeca Cambeiro Graña.

Se o que din de que nas novas xeracións o racismo xa non se ve, non sei como se chamará que o veciño do lado berre algo despectivo ó ver pasar un estranxeiro. E que é o que fai que isto ocorra? Educación, falta de información ou tan só unha moda pasaxeira? Ó ver que nenos dos arredores son fans dos neonazis, pregunto se isto é o progreso. Es máis "guai" por insultar, ás costas normalmente, a alguén que non coñeces de nada, tan só por ser distinto?

Aceptando uns ideais só porque así o queren os teus pais? É ridículo. Se non tes claros os teus ideais, é mellor gardar as palabras ata saber se teñen un mínimo de sentido. Co racismo conséguese vivir nun mundo onde o desprezo, os insultos e a falta de respecto está á orde do día. De que vale que cada día se consigan mil avances tecnolóxicos se a mente das persoas se quedou no 1900?

“Actos vandálicos no casco histórico de Santiago”

REPORTAXE. NON CHEGA QUE OS SUCESOS CRIMINAIS DESCENDAN PARA QUE O POBO ESTEA SEGURO E TRANQUILO.

Por Cora del Río e Rebeca Cambeiro

Roubos ou actos vandálicos? Santiago de Compostela é unha cidade segura pero o vandalismo -nestes últimos cinco anos- estase a incrementar e a maioría,

por non dicir todos os establecementos do casco histórico, sufriron algún ataque deste tipo.

A aparición dos cristais rotos dos escaparates xa é algo frecuente, tanto que ata moitos socios nin os denuncian. Cada cristal roto supónlle a cada comerciante unha perda de tres mil euros aproximadamente.

Por outra banda están as pintadas nas paredes das rúas. Forma de expresión ou vandalismo? Aínda que hai diversas opinións, o que está claro é que estas desfeitas supoñen un deterioro do patrimonio monumental da cidade.

A todo isto hai que engadirlle os roubos que se produciron en numerosos locais da zona. Un dos factores que incrementa estes feitos é, como non, a famosa crise. Significa isto un problema de seguridade en Santiago? Os

cidadáns séntense desprotexidos nas rúas; trátase da chamada inseguridade subxectiva que non se basea en feitos cuantificados, senón en rumores, alarmas da sociedade e o eco dos medios de comunicación.

Quizais, retirar as cámaras de seguridade xa postas en certos puntos do casco dende hai dez anos aproximadamente, non sexa o mellor método para combater os feitos, ademais de que algúns habitantes da zona estanse a queixar polo recurso, xa que comentan que non teñen intimidade polas rúas.

O que os veciños rogan é máis vixilancia, pero por parte dos corpos de policía.

“Cambiar a sociedade depende da mocidade que está demostrando que é posible facelo.”

ENTREVISTA A JUAN ANTONIO PERTEGUER, DIRECTOR DO COLEXIO CATÓLICO MONTE TABOR DE POZUELO DE ALARCÓN, MADRID.

Por Vanessa Fraga Codesido e Mercedes González.

Empezamos traballando sobre a violencia nas discotecas e rematamos

centrándonos na experiencia que sufriron os compañeiros de Álvaro

Ussía, mozo de 18 anos tristemente falecido tras unha malleira á entrada dun local de ocio nocturno. O director do colexio serviu de voceiro da tentativa de actuación sobre a realidade para cambiala desde unha institución académica. Ultimamente o centro volve estar nos medios pola súa oposición á implantación da materia de Educación para a Cidadanía, mais ese asunto queda xa fóra da nosa investigación.

-Coñecemos as súas actividades de protesta e reivindicación, quixeramos saber se aínda están preparando máis accións e se as anteriores foron útiles.

-As accións que desenvolveron os alumnos do colexio Monte Tabor foron moi útiles xa que produciron cambios moi importantes na sociedade. A resposta pacífica, serena destes mozos ante a violencia da morte do seu amigo Álvaro conmocionou á opinión pública, provocou unha nova lei de porteiros e unha mellora na seguridade das discotecas.

Os compañeiros de Álvaro, seguen actuando, concentrándose en silencio e oración. Fixeron unha canción na súa homenaxe para o festival promovido polo colexio Monte Tabor. Están organizando unha milla solidaria e seguen en contacto coas administracións

públicas. Cambiar a sociedade depende da mocidade que está demostrando que é posible facelo.

-Tamén nos gustaría saber se vostede cre que para que os porteiros cheguen á violencia, os mozos provócanos.

-Creo que non é un problema de provocación, senón de reflexión acerca do que supón o ocio nocturno e o papel dos porteiros nas discotecas. Non están para amedrentar, senón para axudar os clientes que son a xente nova.

-Pensa que a razón da provocación dos mozos aos porteiros na maioría dos casos é debida ao consumo de alcohol e estupefacientes?

-O uso e abuso do alcohol e das drogas no ocio nocturno da nosa xuventude é algo que debe preocupar e moito á sociedade.

-Cre que a seguridade nas discotecas é máis forte nas grandes cidades, como pode ser o caso de Madrid?

-As cidades máis grandes presentan máis problemas de inseguridade, por iso supón unha maior presenza de forzas de seguridade. Pero o problema da inseguridade na diversión dos mozos non é exclusivo nas grandes cidades, ocorre en todas partes.

-Na maior parte dos casos de violencia cara á mocidade nas discotecas sófreno persoas estranxeiras. Cre que pode ter algo que ver co racismo?

-Eu creo que máis que ter un compoñente racista, o que ocorreu é que coa globalización, en España apareceu unha violencia descoñecida ata agora na nosa cultura e que preocupa a toda a sociedade.

-Algúns dos adolescentes que saen pola noite non saben como actuar e, por veces, son eles os que provocan ou os que, sen ningunha razón, actúan sobre os porteiros. Cree que os adolescentes teñen unhas responsabilidades e non deben actuar así nesta situación?

-Os compañeiros de Álvaro repetían que non todos os porteiros son agresivos, que os hai moi encantadores. Ás veces os adolescentes non se comportan como deberan, por iso é necesaria a presenza de adultos nos lugares de ocio para que regulen e protexan os adolescentes e que estean debidamente preparados.

-Cal podería ser a causa das citadas agresións?

- É difícil dicilo. A mala selección e formación dalgúns porteiros pode explicar parte das agresións. O consumo

de alcohol e drogas tamén as explica. Finalmente esta sociedade que a través dos medios de comunicación se nos presenta violenta e desequilibrada. Deberíamos reflexionar todos ao respecto.

-Que opina sobre o feito de que os pais deixen saír de noite aos seus fillos cada vez con menor idade?


-É un grave problema que temos nas familias. Se non os deixas saír, parece que es un pai raro. Se os deixas saír, estás toda a noite sufrindo ata que regresan. Como sociedade debemos recordar que poñer e esixir límites razoables é educativo e que debemos esixir que o ocio dos nosos fillos estea nas mans de persoas de ben e non de desaprensivos.

-Quen pensa que ten maior culpa, os adolescentes ou os porteiros?

-Non todos os adolescentes, nin todos os porteiros son iguais. Os adolescentes deben aprender a divertirse saudablemente respectando os demais, especialmente as persoas maiores. E algúns porteiros deben aprender que a súa misión é axudar os adolescentes e que eles, como os porteiros, son os adultos e, polo tanto, os que deben estar máis a altura das circunstancias.

-As súas actividades de protesta lograron algo con respecto ao aumento de seguridade en locais próximos ou doutras localidades?

-Grazas a Deus a resposta dos alumnos, devolvendo ben por mal, con serenidade e valentía, conseguiu cambiar moitas cousas: unha nova lei de porteiros, maior control e vixilancia sobre os locais de ocio e unha maior sensibilidade social sobre o tema.



SE XOGAS CO
LUME ACABARÁS
QUEIMANDOTE

-Moita xente non está de acordo con que nas entradas das discotecas haxa porteiros. Pensa que se non os houberse mellorarían as cousas?

-O porteiro debe estar para axudar o cliente e facilitar o acceso e benestar da xente nova. Iso moitos porteiros sábeno e cumpreno moi ben. Algúns, quero pensar que poucos, están exercendo mal as súas funcións.

-Que opina sobre que os porteiros teñan que facer un exame para así conseguir un carné e poder desempeñar o seu traballo?

-En todas as profesións hai que traballar para conseguir a mellor preparación e selección. Por iso é un logro que tamén nesta profesión se esixa unha formación adecuada.

“Nada é suficiente cando se trata de salvar as vidas.”

ENTREVISTA A MARCOS NOYA PARDO, “CURRI” DE PROTECCIÓN CIVIL.

Por Lidia Sabel e María Tasende.

O entrevistado, que leva un ano traballando no corpo de Protección

Civil, non puxo obxeccións para concedernos a entrevista realizada no lugar que tiñamos máis preto, a tenda Blanco Moda Infantil e Xuvenil.

Cal foi o accidente que máis che impresionou en todo o tempo que levas traballando?

Pois a verdade é que un dos accidentes de tráfico que máis me impresionou foi un que tivo lugar na estrada de Carballo; foi increíble. Dous vehículos, un automóbil e un camión, chocaron de fronte e o resultado deste impacto foi un exitus (morto).

Foi o que máis me marcou, porque ver a estrutura dos dous vehículos xa me tocou bastante pero aínda por riba ter que sacar as vítimas de ambos vehículos xa foi demasiado.

Sénteste satisfeito co resultado do traballo que estades a realizar día a día? Pensas que serías capaz a mellorar o voso rendemento?

Home, por suposto que me sinto satisfeito polo noso Servizo Municipal de Intervención Rápida aos cidadáns de Ordes. Pero cando máis satisfeito me sinto é cando todo sae como un prevé; é unha sensación moi boa.

Se seríamos capaces de mellorar o noso rendemento? Pois non che digo que non, pero o que si che digo é que nós no

momento de actuar dámolo todo e intentamos facer o noso labor co maior rendemento posible.

Cando ves que non hai remedio e comprobas que te vas dar por vencido, deixalo?

Non, desde logo que non. O noso deber é seguir actuando pase o que pase, non nos podemos botar atrás por calquera contratempo e, desde logo, aínda menos por unha parvada. Nós actuamos ata que non haxa solución, é o noso deber.

Que opinas do transporte chamado o noitebús?

Está moi ben, porque grazas a este medio de transporte para a mocidade de hoxe, hai menos risco de accidentes. A xuventude tende a beber cando sae pero así poden beber -aínda que nós desde logo non o recomendamos- coa confianza de que van chegar á súa casa sen risco de accidente de tráfico, pois a maioría deles son ocasionados por persoas que consumen un exceso de alcohol e despois collen o volante poñendo en perigo tanto a súa vida como a do resto dos viaxeiros.

Teñen pensado incorporar o medio de transporte noitebús para os mozos de Ordes?

Se che digo a verdade non o sei. Sabía de que ía o tema do noitebús pero non che sei se o pensan incorporar, xa que esta materia non é da nosa competencia.

Que parte do teu traballo che parece máis levadeiro e cal che parece máis difícil?

Pois mira o máis levadeiro do meu traballo sen dúbida é non ter ningunha saída, xa que en parte é un alivio, porque iso tamén significa que non pasa nada raro en Ordes.

E o máis difícil son as excarceracións, posto que hai xente en perigo por estar atrapado/a e excarcerar está nas nosas mans, o que significa que a vida desa persoa pode chegar a depender de nós, polo que se cometemos algún erro esa persoa pode perder a vida.

No que levamos de ano cantos accidentes tiveron lugar na N-550 no tramo de Ordes?

Mira a verdade é que non o sei e que un dos motivos é porque eu, por sorte, non tiven que intervir en ningún deles.

Pensas que a metade dos accidentes que ocorren poderían ser evitados dalgunha maneira e como?

Si que poderían ser evitados pero desde logo nós non podemos facer máis do que estamos a facer xa. Como dixeron

antes, a maioría dos accidentes de tráfico prodúcense por efectos do alcoholismo, polo que algo que interesaría incorporar sería o noitebús, do que falamos, e tamén poderíamos axudar concienciando a xente de que non beba alcohol e despois se poña ao volante.

Cal é a media de accidentes que tiveron lugar en Ordes nos últimos anos?

Non estou moi seguro e tampouco cho podo dicir con moita certeza porque eu só levo un ano en Protección Civil, pero máis ou menos dependendo da época do ano na que nos atopemos teñen lugar sobre dous ou tres accidentes por semana pero xa che digo non o sei con seguridade.

Cres que os métodos de seguridade que neste momento temos en Ordes son suficientes para intentar parar estes accidentes?

Mira que o que vou dicir non significa que non teñamos métodos para intentar parar estes accidentes pero nada é suficiente cando se trata de salvar vidas e poder evitar calquera tipo de inconveniente por moi pouca importancia que teña.

Que método de seguridade cres que é o máis eficaz?

Non o sei con claridade porque a maioría, por non dicir todos, son bastante eficaces pero si podería destacar as bandas sonoras, os pasos elevados e tamén se poderían destacar as rotondas.

Pensas que están a servir de algo os puntos negros?

En principio parece que si, aínda que en moitos lugares é como se non os houbera porque a xente segue tendo accidentes de tráfico neses puntos, pero en principio si penso que serven para algo porque a maioría das persoas é como se se concienciasen máis no paso por eses lugares.

Observas algunha mellora grazas aos puntos negros? Cales?

Si, si que se observa mellora que se pode ver reflectida no descenso dos accidentes de tráfico en moitos deses lugares sinalados como puntos negros.

Con que frecuencia vos tendes que poñer en marcha por algún problema?

Saír, saímos todos os días, teñamos ou non traballo, pero a maioría das veces que saímos non son accidentes de tráfico, nin outro tipo de accidentes... o

que nos fai sentir ben xa que iso significa que nada raro está a acontecer en Ordes.

Que opinas do proxecto asinado da circunvalación de Ordes?

A min paréceme un bo método, bastante axeitado, isto de desviar os vehículos pesados. Xa tiñamos que telo feito antes xa que houbo moitas queixas e reclamacións polo paso de camións pesados que circulan polas estradas do centro da vila cando non o terían que facer. Isto da circunvalación pode chegar a mellorar moito a fluidez do tráfico en Ordes.

Sabemos que este traballo pode crear algún tipo de trauma, algún dos membros do grupo tivo que acudir a un psicólogo ou incluso ter que coller a baixa?

Mira a verdade é que non o sei con certeza, o que si che poden dicir é que durante o ano que levo eu aquí non houbo ningún tipo de trauma, nin houbo que acudir a un psicólogo, nin coller ningunha baixa. Iso asegúrocho.

Algún membro do teu grupo sufriu lesións leves como graves?

Dende que eu estou no corpo de Protección Civil ningún compañeiro

tivo ningunha lesión grave; haber si houbo algún que outro corte con algún cristal no medio dun accidente. Tamén algunha mazadura, pero pouco máis. O que nunca houbo, ou polo menos dende que eu estou aquí, foi ningunha lesión grave.

Como vos sentides ao ver alguén pola rúa e dicir “Salveino eu dun perigo de morte?”

Dende logo sentímonos moi ben, satisfeitos do noso traballo e, ao mesmo tempo, tamén nos sentimos recompensados polo esforzo, coa ledicia de saber e poder ver que aquela persoa que ves camiñar ao teu carón está viva, san e salva grazas á túa intervención.

É unha sensación que te enche de alegría, é algo que demostra o teu traballo e esforzo.

Interfire dalgunha maneira o teu traballo coa túa vida privada?

Non, non me afecta porque o horario laboral é bastante flexible e aínda que

chegara a afectarme, non o faría de gran modo.

Cando chegas á casa despois dun longo e duro día de traballo en que pensas?

Primeiro en descansar dun grande esforzo como o que facemos, polo menos nos días nos que hai algún tipo de accidente, aínda que tamén me sinto satisfeito cando tiven un día con bos resultados onde todo saíu perfectamente. Pero polo contrario síntome bastante pensativo se algo saíu mal; porque, ás veces, doulle voltas para saber que é o que fallou.

As vítimas que viches morrer roldan os teus pensamentos?

Non pero o que fago é intentar pensar o menos posible niso senón o traballo resultaría moito máis duro e difícil de levar do que xa é. Nunca estamos libres de que volvan ocorrer traxedias ou calquera tipo de incidentes que nos fagan volver actuar.

“Nin o Concello nin protección civil somos responsables do subministro eléctrico.”

OUTRA ENTREVISTA A MARCOS, AGORA SOBRE O TEMPORAL KLAUS.

Por Brais Liste Mosquera e Gonzalo Pulleiro Juncal.

-Canto tempo leva traballando na Protección Civil de Ordes?

-Pois levo... exactamente un ano.

-Gústalle o seu oficio?

-Si, porque é un traballo que se leva bastante ben

-Foron moitos os danos causados polo temporal Klaus?

-Si, tivemos moita retirada de árbores, tamén chemineas, muros, farolas...


-Tiveron moitas chamadas de xente reclamando a súa axuda?

-Case todos os prexudicados polo temporal Klaus chamaron.

-Que medidas se adoptaron para

-As estradas mais importantes da vila de Ordes estiveron cortadas nalgún momento pola caída de árbores?

-Si, na nacional 550, a altura do polígono industrial de Ordes, tivemos que facer retirada de árbores, tellas e paneis publicitarios que cortaron a devandita estrada



solucionar os problemas causados polo temporal?

-Primeiro atender as vías principais, logo as secundarias e despois o resto da xente prexudicada.

-Sabe vostede quen é, ou son, os encargados de facer cumprir a lei de talar as árbores ao lado das casas e estradas?

-Ese non é o meu traballo, pero a lei si que a coñezo.

-Na parroquia de Parada estiveron uns catro días sen suministro eléctrico. O Concello fixo algunha chamada para apresurar as reparacións?

-Chamaron a Fenosa, nin o Concello nin nós somos os responsables deses problemas.

-Nas aldeas de Ordes, moitas estradas secundarias estiveron cortadas por árbores caídas, ata que os propios veciños as libraron.

Vostedes darían algunha medida para evitar que se repita unha situación así?

-Si, que cortaran as árbores que están pegadas ou a pouca distancia das estradas ou das casas.

-A causa deste temporal moitas árbores poderían estar medias arrincadas de raíz. Existiría a

posibilidade de que estas árbores chegaran a caer co tempo?

-Pode ser, sobre todo se vén outro temporal como o pasado.

“No centro de saúde de Orde traballamos en equipo para que todo funcione ben.”

ENTREVISTA A JACOBO LAYA, MÉDICO E DIRECTOR DO CENTRO DE SAÚDE DE ORDES.

Por Claudia Martínez e Laura Manteiga.

Jacobo Laya ademais de ser médico e director do centro de saúde de Ordes é a persoa encargada de xestionar o proxecto da tarxeta electrónica. Doutorouse en Santiago e a súa especialidade é a medicina xeral, leva vinte anos traballando neste centro, no que non hai moito, incorporouse o control do SINTROM, un medicamento que supervisa a coagulación do sangue e opinou que “a tarxeta electrónica é moi importante, nela vai toda a información do paciente”. Segundo nos dixo, sempre organiza o centro fóra do seu horario de traballo e que non é complicado, iso que cada médico atende aproximadamente

sesenta consultas diarias ademais doutras corenta que pasar por urxencias.

Ademais do servizo do SINTROM e da tarxeta electrónica con retinografías, contan con espirómetro, control da diabetes, electrocardiograma e pulsímetro. Segundo el o centro médico ten de especial que é no que traballa el e quere que sexa o mellor, por iso está comprometido coa receita electrónica. “Estou moi orgulloso deste centro, aquí todos traballamos en equipo para que todo funcione ben.”

-Hai aínda miota xente que non sabe o que é o SINTROM, podería explicarnos brevemente de que se trata?

-É un aparello que administra un medicamento anticoagulante do sangue.

-Supón moito traballo organizar un centro médico como o de Ordes ?

-Non, organízoo fóra do horario de traballo.

-Hai algún membro do personal médico que traballe nalgún proxecto de investigación?

-Agora mesmo non.

-Cal é o número aproximado de consultas diarias?

-Sobre sesenta cada médico.

-E de urxencias?

-Arredor de corenta.

-Vaise realizar algunha modificación no centro médico para facer máis sinxelos os diagnósticos á parte do servizo de SINTROM e da receita electrónica?

-Non, pero xa contamos con retinografías, espirómetro, control de diálise, electrocardiograma e pulsímetro.

-Que ten de especial o centro médico de saúde de Ordes?

-Que é no que traballo e quero que sexa o mellor. Por iso estou coa receita electrónica.

-Vostede traballou noutros centros?

-Si.

-Cal é a súa especialidade?

-Medicina xeral.

-Onde se doutorou?

-Doutoreime en Santiago.

-É difícil compaxinar a vida médica coa vida persoal?

-Si, é difícil desconectar de que es médico.

-Canto tempo leva traballando neste centro médico?

-Sobre uns vinte anos.

-Que diferenza ve vostede entre o centro de saúde de Ordes e os demais?

-Aqui traballamos como equipo para que todo funcione ben.

-Que opina vostede da tarxeta electrónica?

-É moi importante, vai toda a información do paciente.

-E do SINTROM?

-Non estou moi de acordo, polo traballo que dá. Necesítase contar con máis persoal. Aínda que a xente está moi ben controlada e sae máis barato. Contrólase

cun rango, cada patoloxía ten un, que se move entre o un e o catro.

-Poderase controlar na casa?

-No futuro si, como se fai agora coa diabetes.

“Os maiores agradecen sentirse útiles”

ENTREVISTA A ADORACIÓN PORTOMEÑE FERNÁNDEZ, DIRECTORA DA RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE DE ORDES.

Por Cristina Gómez Villaverde.

Visitamos a Residencia da Terceira Idade de Ordes onde nos atendeu con suma cordialidade e simpatía Dorinda a directora do centro. Tamén entrevistamos a unha anciá, Josefa, que nos deu a súa opinión sobre as instalacións, as coidadoras e as actividades; entre elas a ximnasia de moito éxito tanto na vila como nas parroquias a onde se leva este servizo. Os exercicios realízanse dúas veces por semana e serven tanto de desculpa para que a xente se xunte como para mellorar a súa saúde e benestar.

A residencia ofrece unhas instalacións completas que atenden as vinte e catro horas do día a medio cento de persoas que, ao estaren no centro da vila, poden saír e pasear por Ordes sempre e cando a súa saúde mental o permita, pois mesmo hai coidadoras para acompañar nos paseos a aqueles que teñan limitacións físicas. O servizo que ofrece a residencia complementase co que dá o centro social que acolle as reunións de cantos maiores queiran asistir para xogar ás cartas, facer traballos manuais, bailar e outras moitas actividades máis.

Josefa, a anciá de 82 que se converteu na nosa confidente na residencia, contounos que está encantada nela aínda que só leva unhas poucas semanas. Díxonos que levaba moito tempo buscando un lugar dese estilo para poder vivir e que na Casa de Ordes encontrou todo o que buscaba e que non lle ofrecía a da Coruña pola que pasara con anterioridade. Parece que o que máis agradece son as actividades organizadas polo centro. Chamounos a atención que cando se refería ás cuidadoras, das que dixo que a trataban moi ben, sempre falaba cun sorriso na cara.

- Que finalidade ou obxectivo ten a casa da terceira idade?

- Proporcionar un lugar onde poder estar ou vivir ás persoas maiores que o necesiten ou queiran, dándolles atención ás persoas dependentes pero manténdoas abertas á comunidade o que ten como obxectivo promover o envellecemento activo, favorecendo o desenvolvemento persoal, a convivencia e a participación social.

- De que instalacións dispón o centro?

- O centro dispón de varias instalacións, como por exemplo talleres ocupacionais, onde os maiores practican



A isto é ao que lle
chamas amor?

IES *Maruxa* *allo*

contra a
violencia de xénero

actividades de recreo como baile, xogos, estimulación con mantemento conxuntivo, mantemento físico. Intentamos que os anciáns fagan exercicios físicos, ou como nós lles chamamos, ximnasia, fisioterapia e talleres para a mellora psicoafectiva.

- Por que se escolleu ese lugar para construír o centro?

- Porque se atopa máis ou menos no centro de Ordes e así os maiores poden andar polos arredores. Ademais era un dos lugares que estaban libres no momento que se decidiu facer esta casa da terceira idade.

-Entón todos os anciáns poden saír da residencia e ir pasear?

-Si, algúns poden facelo pola súa propia conta e outros teñen que ir acompañados.

- Por que hai dous centros da terceira idade en Ordes? A que se dedica cada un?

- Hai dous porque un é para que os maiores vivan e o teñan como fogar e o outro é un centro social, onde se xuntan para divertirse, xogar ás cartas, falar, coñecer xente ou facer traballos manuais.

- Entre as actividades que realizades a de máis éxito é a ximnasia. A que credes que se debe?

- Penso que é porque moverse é algo positivo! Un exercicio activo axuda a mellorar a tonalidade muscular e a evitar algunhas enfermidades que afectan principalmente ás persoas maiores. Tamén mellora o rendemento dos músculos e a evita que estes se atrofién por falta de uso.

A actividade da ximnasia só a facemos dous días á semana. Penso que é a actividade con máis éxito porque a ximnasia é básica para o benestar dos nosos anciáns que ademais agradecen porque mellora a súa autoestima verse facendo cousas propias da xente máis nova.

- Antes a ximnasia facíase só no propio centro de Ordes, pero agora realizase por parroquias, a que se debe?

- Supoño que será mais cómodo para os maiores xa que antes tiñan que desprazarse á vila e agora téñeno mais cerca dos seus fogares. A ximnasia por comarcas tamén se fai dous días a semana.

VI. Literatura e música.

“Cada un é como é e así terá que ser. Co tempo as cousas son máis serias.”

ENTREVISTA A MOU DE “DIOS KE TE CREW”, GRUPO DE HIP-HOP.

Por Lucía Fernández Candal e Tania Lópea Noya.

O 24 de abril, un dos máis coñecidos
compoñentes do grupo musical “Dios
ke te Crew” concedeunos unha

entrevista moi amablemente.
Sorprendeunos moito o ben que nos
tratou como se nos coñecésemos de toda



a vida a pesar das nosas dificultades para superar as complicacións dunha entrevista. A verdade é que foi unha marabilla falas con el.

Este grupo creouse no ano 2003. Ao principio estes músicos facían as cancións en plan de pasalo ben pero agora xa traballan en serio. Teñen cancións moi coñecidas en toda España como a que recibe o nome do grupo, “Dios ke te Crew” e mais outras moitas.

-Como vos coñecestes?

-Pois... estivemos xuntos dende pequenos porque vivíamos no mesmo lugar e fomos xuntos ao colexio.

-Como se vos ocorreu xuntarvos para formar un grupo de música?

-É que nós sempre que chegaba unha cinta de música, que daquela chegaban moi poucas, xuntabámonos para oíla e un día ocorréusenos coller un micrófono, cintas e empezamos a gravar en plan diversión e así foi como se nos ocorreu o de formar un grupo.

-Por qué decidistes facer hip-hop e non outro tipo de música?

-Porque foi o que máis nos chamou a atención nesa época.

-Ensaiaades as vosas cancións a diario?

-Home a diario non, pero tres veces á semana, si.

-A primeira gravación de “Dios ke te Crew” foi o corte que se inclúe una película, “Hai que botalos”. Isto facilitou moito o voso éxito?

-Foi o primeiro tema que se coñeceu e tamén saíu un DVD onde aparecía todo o mundo do “artisteo”.

-Fostes os primeiros en sacar un LP de hip-hop totalmente en galego, sentides que reivindicastes ese estilo musical aquí en Galicia?

-Si un pouco, non?

-Xuntástesvos nun festival onde case ninguén tiña idea de que faciaades hip-hop e agora coñécenvos en toda España. Como vos sentides?

-Si, iso si que é verdade e tamén nos sentimos orgullosos diso ou así polo menos penso eu.

-Compartistes escenario con artistas como: “Ojos de Brujo”, “La Mala Rodríguez”, “Violadores del verso”... cal foi a vosa sensación ao encontrarvos con tanto artista famoso?



-Nós non os vimos a todos porque cada un está ao seu pero os poucos cos que coincidimos eran moi simpáticos e moi boas persoas. Sinceramente pensabamos que non ía ser así pero ben.

-Que actividade vos gusta máis, facer graffitis ou cantar e por que?

-Non sei, uns prefiren pintar e outros facer música. Eu prefiro facer música.

-Que pensas que vai ter máis futuro, a música ou facer graffitis?

-Os graffitis por suposto porque que cante, hai moita xente pero que faga graffitis, hai moita menos.

-Pensastes algunha vez qué fariades se tivésedes que desfacer o grupo?

-Non, nunca pensei niso pero penso que se o tivésedes que desfacer cada un seguiría no tema da música por separado.

-Cambiou moito a maneira de compondes desde cando empezastes en 2003 ata agora en 2009?

-Si porque nós antes compondemos máis ben en plan broma pero agora facémolo máis en serio. Ao mellor é porque fomos crecendo.

-Os vosos graffitis están moi ben pero... tendes algún que vos guste máis e algún que vos guste menos?

-Non, a ver, cando facemos algún, dicimos “isto gústame moito” ou “isto non me gusta” pero particularmente non

temos ningún que nos guste máis que outros.

-Cada un de vós sodes expertos en diferentes cousas. Pensades que dentro do grupo uns sodes mellores que outros?

-Non, nós nunca pensamos iso, cada un é como é e así terá que ser.

-Realizades talleres e exhibicións nos que ensinades as diferentes artes que compoñen a cultura hip-hop. Vai moita xente aprender break dance ou graffiti?

-Si e cada vez apúntase moita máis xente, sobre todo xente nova.

-É moi difícil facer graffitis?

-Non, todo ten a súa técnica e a súa práctica, tes que controlar as boquillas, as cores que funcionan mellor para tapar outras, etcétera.

-Tendes preferencia por algún graffiti?

-Home sempre hai algún que che gusta máis e outros menos pero preferencia non temos por ningún.

-E por algunha canción?


-Si cancións si temos as nosas preferidas, por exemplo gústame moito a de “Apaga a tele”.

-Recoñécenvos máis que antes na rúa?

-Si, un pouco máis, si, porque das concertos e tal pero cando vas pola rúa o que soen dicir é “Mira eses melenudos”.

-Que sentiches cando te recoñeceron por primeira vez?

-Pois vergoña pero agora xa o levo ben.



“É certo que grazas ao amor escribo as miñas cancións”

ENTREVISTA A HUGO TORREIRO, CANTAUTOR.

Por Andrea Ariño Vilariño.

Este rapaz de O Temple, de dezaoito anos concedeunos unha entrevista. Ten no mercado un CD e está a preparar outro.

Hugo é un cantautor de tan só 18 anos. A súa música diríxese a un público que non busca música moi movida senón que procura un estilo máis sosegado. O programa de televisión que lle deu a súa primeira oportunidade foi Luar, por mor da súa participación no concurso “Canteira de Cantareiros”. Deste primeiro disco, “Nada que ver”, vende trescentas copias, un número que non está nada mal para ser ao inicio dunha carreira. Agora está xa a preparar o segundo CD que leva por título “Las llaves de mi corazón”. Hugo quedou no primeiro posto no concurso “Festival de Xóvenes Intérpretes” realizado en Ordes e de segundo en “A Polo Ghit do Correlingua”. Agora Hugo está a facer concertos e esperamos velo pronto triunfando por toda Galiza.



Con todo a súa carreira musical aínda está empezando así que de momento non é moi coñecido. “A primeira vez en que subín a un escenario foi en Boiro e tiña 15 anos”. Segundo nos conta ao principio pasaba bastante vergoña pero, pouco a pouco, foi perdéndoa. Agora o que sente é respecto. Este rapaz ten unha actitude bastante positiva en relación ao seu contacto directo co público. “Cando subo a un escenario, penso en facelo o mellor posible e en como poder animar á xente”. Hugo defínese como un rapaz sinxelo, con inqedanzas como toda a xente nova e

moi soñador, xa que para non renderse na música hai que ter moita ilusión. “A miña música é moi tranquiliña e, sobre todo, moi romántica” di. Hugo apóiase no amor para escribir as súas cancións. Todas as que ten no seu CD *Nada que ver* e as que vai sacar no próximo, están compostas por el mesmo. “A miña canción favorita é *Quererte en silencio*, pero quizais quedo con *Nada que ver* que foi a que máis éxito tivo”. Estes dous temas do que el nos fala aparecen no CD *Nada que ver*. A súa música pódese atopar na páxina web www.hugotorreiro.es. Ademais de cantar, tamén toca catro instrumentos: o piano, a guitarra, a batería e a trompeta. “Considero que un cantautor debe saber tocar algún ou varios instrumentos musicais”. Aínda que nos dea a impresión de que só se dedica á música, non é certo. Está estudando un ciclo superior, xoga nun equipo de fútbol, o que para el só é un ‘‘hobby’’ e o tempo que pode dedicar aos seus amigos. “Considero que estudar e cantar son partes fundamentais da miña vida”. Hugo anima a xente a que faga algo coma el: “As persoas que queren conseguir algo non se deben dar por vencidas, xa que, de seguro, con esforzo e cunha pizquiña de sorte chegarán lonxe”. E, como non, se leva razón, fariamos ben seguindo o seu consello.

-Cantos anos tiñas ao subirte por primeira vez a un escenario? Onde foi? Que canción cantabas?

-Pois tiña quince anos e foi en Boiro, se non recordo mal, cantaba “Simplemente” e “Buenas noches, corazón”, un dos meus primeiros temas.

-Algunha vez pasaches vergoña ao cantar diante da xente?

-Ao principio, moita, agora quizais o que teño é moito respecto.

-En que pensas ao subir a un escenario?

-Cando subo, penso en facelo o mellor posible e en como poder animar a xente.

-Segundo teño entendido, estás estudando un ciclo superior, xogas nun equipo de fútbol, vas a festivais, dás concertos e supoño que terás unha vida social. Como fas para compaxinar todo isto? Dáche tempo a todo?

-A verdade é que é bastante complicado poder ter tempo para todo, pero eu estou encantado de levar unha vida así. Considero que estudar e cantar son partes fundamentais da miña vida, o fútbol é máis ben un “hobby” e os amigos entenden que ás veces non podo estar aínda que queira.

-Respecto á túa vida persoal, tes algún amor? Se isto é así, supón un motivo de despiste na música?

-Agora mesmo non teño ningún amor (ri) pero recoñezo que cando estiven namorado si que descoidei un pouquiño a música. Tamén é certo que grazas ao amor escribo as miñas cancións.

-Compós ti as túas propias cancións?

-Sí, todos os temas que están no meu CD "Nada que ver" están compostos por min e os novos que sairán no próximo disco, tamén.

-Tocas algún instrumento musical?

-Si. Penso que un cantautor debe saber tocar algún ou varios instrumentos para poder compoñer as súas cancións. Senón, sería algo difícil. Toco o piano, a guitarra, a batería e a trompeta.

-Como te defines? Como defines a túa música?

-Pois eu defínome como un rapaz sinxelo, con inquiredanzas como toda a xente nova e por suposto moi soñador xa que para non renderme neste mundiño da música, ás

veces hai que ter moita ilusión. E a miña música defínoa como moi tranquiliña e, sobre todo, romántica.

-De todas as túas cancións con cal quedas e por que?

-Pois do meu CD, a miña favorita é "Quererte en silencio" pero quizais quedo con "Nada que ver" que foi a que máis éxito tivo e a que, seguramente, foi a primeira canción que escoitou a maior parte da xente que me coñece.

-Hoxe en día os adolescentes manéxanse moito en internet e elixen este medio para buscar música e películas. Os teus temas pódense encontrar por aquí. Como é o nome destas páxinas? Que queres expresar, ademais da túa música, aquí?

-A verdade é que intento estar moi



presente nos medios e sobre todo en internet que cada día crece máis. Teño algunhas páxinas pero creo que a máis importante é www.hugotorreiro.es xa que reúne o que teñen todas as outras xuntas. Gustaríame animar a xente a que faga algo coma min, xa sexa música, debuxo, cine, radio... que non se dean por vencidos, que, de seguro, con esforzo e unha pizquiña de sorte chegarán lonxe.

-Os teus gustos cales son respecto á música e ao cine?

-Pois gústame case todo tipo de música sempre que estea en español ou galego pois quero poder entender o que di a letra e noutros idiomas non dou. No cine gústame que as películas me fagan rir ou que me fagan chorar (ri).

CARLOS BAUTE ESTIVO EN ORDES NA GALA DA ORQUESTRA PANORAMA. PERO QUEN É EL?

Por Tatiana Martínez Mira e Ana María Mella Castro.

Carlos Roberto Baute Jiménez, fillo de Alfonso e Clara, naceu o oito de marzo de 1974. Ten raíces españolas, cubanas e venezolanas. Españolas por parte do pai que é de Tenerife e dos bisavós maternos que son de Galicia e cubana é a avoa materna. Carlos empezou nun grupo de música chamado "Los Chamos" cando tiña trece anos no que gravou o disco "Con un poco de Amor". Tamén traballou en telenovelas, series, como modelo e presentador. Lembramos especialmente a súa

aparición en 1997 na telenovela "Destino de Mujer".

O seu primeiro disco, "Orígenes I", xa o sacara en 1994 mentres traballaba como modelo. Pero será en 1999 con motivo do éxito do disco "Yo nací para querer...", cando se traslada a España, e se lle abren as portas para participar en dúas destacadas series de televisión, "Aladinna" da TVE e "Mis Adorables Vecinos" de Antena 3. Coa mesma, tamén actuou como presentador na




"Gala Miss España", na "Gala IB3", na "Gala Fin de Año da TVE1" e hoxe leva un programa de Cuatro no que a xente buscar parella, "Elígeme".

Estes traballos non impiden que Carlos Baute continúe atendendo á súa carreira musical. Como intérprete continúa facendo xiras por Venezuela, México, Perú, Chile, Arxentina, Colombia e España entre outros países. Como compositor debemos destacar que no seu último disco todas as cancións están escritas por el. A calidade do seu traballo está avalada por varios premios no seu haber como o Ondas, o Dial e os Premios de la Música. Tamén foi finalista dos Premios Amigo.

Xa ten sete discos no mercado aínda que en España so editase cinco. O último deles, titúlase "De mi puño y letra colección" e nel colabora Marta Sánchez na canción "Colgando en tus manos " e Franco de Vita en "Nada se compara a ti". As outras cancións do disco son: No me abandones amiga mía, En nuestro aniversario, Lloran mis labios, Tú no sabes qué tanto, Dónde está el amor que no duele, Te extraño porque te extraño, Me quiero casar contigo, Mariana no quiere ser mojigata, Qué fácil es decirte cuánto te quiero, Colgando en tus manos, Mentiras son mentiras, Nada se compara a ti, Colgando en tus manos (Remix), Tú no sabes qué tanto (Remix).

Santiago de Compostela acollerá o trixésimo segundo congreso de IBBY “A forza das minorías”.

Por Manuel Rivas Fariñas.



Santiago de Compostela acollerá dende o oito ata o doce de setembro do ano dous mil dez o trixésimo segundo congreso de IBBY “La fuerza de las minorías”. Facilitarlle a lectura a nenos con discapacidade é un tema que preocupa ó IBBY dende hai anos, desa preocupación xurdiu o *Centro IBBY dos Libros Infantís e Xuvenís para Nenos con Discapacidade*, de Oslo e nun futuro creárase o *Centro IBBY das Literaturas Infantís e Xuvenís da Diversidade Cultural*, de Santiago de Compostela.

Neste encontro participarán figuras como Teresa Colomer (Cataluña), unha das máis destacadas investigadoras de literatura infantil e xuvenil; Heidi Cortner (Noruega), directora do *Centro de Documentación IBBY dos libros para nenos con discapacidades*; Emilia Ferreiro (México), unha das grandes autoridades internacionais en temas de alfabetización e adquisición da lingua escrita ou Víctor Freixanes (Pontevedra) escritor e editor.

Este congreso, destinado a facilitarlle a lectura a nenos discapacitados, conta con exposicións sobre a ilustración de

España, as literaturas infantís e xuvenís e unha mostra fotográfica que recollerá as experiencias de lectura no mundo, así como exposicións en varios museos de Santiago. Tamén haberá actividades como as cerimonia de apertura e clausura do Congreso, as sesións de narración oral *Contos a carón do Candil*, un recital poético-musical, o concerto de Músicas do Mundo, visitas guiadas polo casco histórico de Santiago, pola Ruta Literaria de Compostela, aos museos e conventos de clausura da cidade e un itinerario guiado pola arquitectura contemporánea da cidade.

O congreso conta con tres comités. O comité organizador está formado por vinte mestres, escritores, editores e xornalistas, entre os que salientan: Xabier Cid, xornalista e consultor en tecnoloxías electrónicas; Paula Carballeira, escritora, actriz, contacontos e directora de teatro infantil; Xabier P. Docampo, escritor, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1994; Xosé A. Neira Cruz, escritor, profesor da Universidade de Santiago de Compostela; Ánxela Gracián, escritora, tradutora e editora, primeira vicepresidenta da Asociación

Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix); Miguel Vázquez Freire, profesor, escritor e investigador sobre ilustración infantil, 2º vicepresidente da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil e Gloria Sánchez, escritora, mestra, ex-presidenta da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, Premio Lazarillo no 2000.

O comité científico está formado por oito persoas: Teresa Colomer (Barcelona), investigadora, crítica e profesora da Universidade de Barcelona. Olayinka Koso-Thomas (Nixeria), presidenta do Comité Interamericano sobre Prácticas Tradicionais que afectan á saúde das Mulleres e dos Nenos; Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional 1998. Mariasun Landa (País Vasco), escritora, Premio Nacional de Literatura Infantil 2003 e profesora da Universidade do País Vasco, entre outros.

A raíña Sofía de España presidirá o comité de honra formado por: César Antonio Molina, Emilio Pérez Touriño, Ánxela Bugallo Rodríguez, Antonio Sánchez Bugallo e Patricia Aldana (presidenta do IBBY).

“*Lin Cielo abajo e Cando petan na porta pola noite.*”

OPINIÓN SOBRE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Por Estefanía Pan Vázquez.

Lin Cielo abajo de Fernando Marías e *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. DoCampo. Os dous libros teñen en común que recibiron o Premio Nacional de Literatura e que están escritos para lectores e lectoras infantís ou xuvenís aínda que son libros moi diferentes, o primeiro que cito trata feitos históricos, que realmente aconteceron, mentres que o segundo recolle historias de medo que seguramente só aconteceron dentro da mente do autor. O libro de Fernando Marías conta a historia dun escritor que tivo que abandonar a súa actividade porque ninguén estaba interesado en editar as súas novelas. Pídelle axuda a un amigo que lle ofrece rehabilitar o seu

piso. Alí atopa uns números intrigantes pintados nunha parede e pouco despois recibe un libro de mans dun carteiro por onde comeza a coñecer a historia do vello inquilino do piso. A historia vai derivando até que morre un dos personaxes pero non vou contar cómo acaba, só que non tarda moito en atraparte a súa intriga. Máis difícil aínda é resumir o libro de Xabier P. DoCampo porque recolle varias historias diferentes. A verdade é que pasas moitísimo medo lendo estes relatos, sobre todo se os deixas para a noite cando xa te metiches na cama. Así que se o les, xa sabes o que hai: sofres pero non podes abandonalo, quedas atrapado ou atrapada na historia.

“Se decidides vivir en galego, haberá galego para sempre e faredes que o esforzo dos que pasamos antes polo mundo non fose inútil.”

ENTREVISTA A XABIER P. DOCAMPO, ESCRITOR.

Por Tamara Veiras e María José Gómez Barone.



-Foto cedida por DNL

En 1995 obtivo o Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil por *Cando petan na porta pola noite*. Ese recoñecemento supuxo un cambio importante na súa carreira como escritor?

-Os premios producen unha alegría no momento de saber que chos outorgaron, pero, todo máis tarde, á semana seguinte

tes que te enfrontar ao traballo da creación e as dificultades, as alegrías e as esixencias son as mesmas de antes de recibires o premio. Quero dicir que non producen cambios no traballo de creación literaria. E a pouco que controles a túa vaidade, tampouco o producen na túa vida.

-Aquelas historias lembran os contos da tradición oral que son os que máis lle gustan segundo di no prólogo. Hai algo máxico e especial nos vellos contos que se relataban á luz do lume, non?

-Na tradición está todo o que ha permanecer, non lembro quen dicía aquilo de que todo o que non é tradición é moda. Pero no caso dese libro a min o que máis me interesou dos contos tradicionais era a forma, a súa estrutura literaria, máis cás historias que contaban, por iso nese libro as historias son da miña invención, só así podería centrarme na forma de narrar que escoitei na miña infancia.

-Puidemos ver na súa páxina web que durante o ano 2008 se iniciou a rodaxe dunha película baseada noutra das súas novelas. Como é esa crisálida na que o libro se transforma en película?

-A cousa está a punto de rematar e de se estrear. Pero a película non é cousa miña, é obra do director. A miña obra é a novela. Isto non quere dicir que non me ilusione que se faga unha película dunha novela miña, pero ese traballo será responsabilidade de Carlos Amil, o director.

-Con preto de trinta libros publicados, unha páxina web, con artigos de opinión publicados en Vieiros... aínda lle quedan folgos para contestar a nosa entrevista desde o avión! Esa vida é moi “estresante”?

-Hai de todo. Hai momentos algo apertados e outros máis de afrouxar tensión. Con todo as cousas vanse facendo o máis amodo e tranquiliño que podo, o que pasa é que os tempos de aeroporto e avión son moi longos e aburridos, ter algo que facer axuda, precisamente, a combater o “estrés” da espera.

-Cada escritor ten unha definición persoal de literatura. Cal é a súa?

-A miña non é miña, é do poeta portugués Fernando Pessoa: A literatura é un esforzo por facer real a vida.

-Podería anticiparnos algo sobre os novos proxectos que ten entre mans?

-Sempre teño varios proxectos abertos e en distintos estados de elaboración. Pero agora estou ocupado cunha novela que teño que entregar a fin de ano e da que me falta moito traballo, así que debo andar lixeiro se a quero acabar. Xa sei que vos gustaría que vos dixese aquí o título, pero aínda non o teño, o que é seguro que levará a palabra “illa”, pero aínda non sei máis.

-Ademais de escritor foi vostede mestre. Eses dous traballos parécense en algo?

-Todos os traballos se parecen en que hai que se erguer pola mañá e poñerse con eles. O labor de mestre ten tamén moito de creativo, pero en realidade son cousas moi diferentes a docencia e a escritura.

-Hai galego máis alá do normativo?

-Hai galego até onde o queirades levar a xente nova. Sen vós non hai galego para as xeracións futuras, por iso quero aproveitar para vos lembrar a responsabilidade que tedes. Se vós o falades, se o escribides, se o

demandades dos vosos amigos e amigas, se o esixides dos poderes políticos e da sociedade, en fin, se decidides vivir en galego, haberá galego para sempre e faredes que o esforzo dos que pasamos antes polo mundo non fose inútil. Agora ben, se non o facedes así, se non llelo falades aos vosos fillos cando os teñades, seredes os responsábeis históricos da súa desaparición.

-Sente especial predilección por algunha das súas obras? Cal nos recomendaría?

-Eu quéroille por igual a cada unha das obras que escribín, pero sempre sinto un afecto especial pola última, *O libro das viaxes imaxinarias*, esa sería, logo, a que vos recomendaría.

-Como se define no seu traballo?

-Laboralmente, neste oficio, hai que ser responsábel, constante e rigoroso. Eu, no meu último libro, traballei dous anos arreo, se non se fai así non hai forma de rematar unha obra. Literariamente non me corresponde a min dicilo, aínda que hai quen di que a miña literatura, de forma máis clara ou máis oculta, ten sempre unha relación coa oralidade, e poida que leven algo de razón.

-Escribe libros que realmente lle gustaría ler?

-Esa é unha frase que repetimos os escritores adoito, e pode dicirse que ten moito de verdade. Lectura e escritura son as dúas faces da mesma moeda literaria. No meu caso direino doutro xeito. Para min lectura e escrita son dous elementos dun mesmo proceso de procura de min mesmo. Leo para encontrarme no texto. Vou á procura do que o texto di de min, porque iso axúdame a saber de min. E escribo para lerre, porque a escrita é unha lectura que un fai de si mesmo. Así que tamén na escrita me procuro a min mesmo.

-Podería describirnos a rutina diaria dun escritor?

-Évos a rutina de sentar cada día diante da mesa e poñerse a traballar, neste caso a escribir. Alí pode presentarse iso que lle chaman inspiración, se te atopa traballando fica contigo, se te encontra facendo outra cousa, vaise.

-Que o levou a ser escritor?

-Nada te leva, un día atópaste facendo isto e alguén le os teus libros. Entón xa es un escritor. Agora que se teño que dicir de onde vén o pulo da escritura estou seguro que da lectura. Iso é o que te leva a escribir.

-Inspirouse nalgún outro escritor ou escritora para a súa carreira profesional?

-Non, non. É moi importante ser, na vida, o máis único que se poida. A vida fáiseche máis fermosa canto máis é un invento de teu.

-Cales son os seus xéneros literarios favoritos?

-Como escritor o meu é a narrativa. Pero son moi lector de poesía, tamén gusto moito do teatro e leo con frecuencia ensaio.

-Que consello lles daría aos mozos que queren entrar no mundo da creación literaria?

-Está claro: que lean. Que lean moito, aí está o cerne do oficio, aos grandes clásicos. Os galegos deben ler a Cunqueiro todos os días, el fixo maxistralmente todo: a narración, a poesía, o teatro, o artigo xornalístico...

-A que cre que se deba que os índices de lectura estean medrando ultimamente?

-Iso ten que ver con que por primeira vez a escola recoñeceu a importancia da lectura na formación do individuo,

cousa que non ocorría nos meus tempos escolares. Por aí os rapaces principiastes a vos achegar á literatura desde idades moi temperás, e iso crea lectores.

-Vén de recibir un premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Pódenos comentar algo máis sobre *O libro das viaxes imaxinarias*?

-Trátase da miña última obra, eu adoito dicir que é unha rara novela dun viaxeiro. Trátase dunha obra que parte do artificio do manuscrito encontrado, neste caso de dous cadernos que conteñen os escritos dun viaxeiro e que son de dous tipos. Uns contan o paso por trinta cidades e reinos e o relato do que alí viu e coñeceu. Estes lugares son trasuntos ou metáforas do mundo actual. Os outros textos son variados e conteñen desde receitas de cociña que o viaxeiro aprendeu no seu camiño, persoas que coñeceu, aforismos ou ditos que escoitou, cartas que escribiu, cancións ou poemas que sentiu... con todo iso faise un relato do camiño do viaxeiro cando, como Ulises, regresa á casa.

“A tarefa de escritor está viva. Móvese e fala.”

ENTREVISTA A FERNANDO MARÍAS, ESCRITOR.

Por Tamara Veiras e María José Gómez Barone.

O 18 de febreiro de 2009 fixo unha presentación do seu libro “Cielo abajo” no IES Maruxa Mallo de Ordes aos alumnos/as de terceiro da ESO igual que noutros centros de Galicia e accedeu amablemente a concedernos esta entrevista.



O escritor Fernando Marías naceu en Bilbao o 13 de xuño de 1958. Gañou, entre outros, o premio *Nadal* (2001), o premio *Ateneo de Sevilla* (2005) e o premio *Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil* (2005). Como guionista de cine, escribiu “El segundo nombre” xunto co seu director, Paco Plaza; e a adaptación

da súa novela “La luz prodigiosa” (Miguel Hermoso 2002), que gañou numerosos premios internacionais.

-Por que titulou a súa novela como *Cielo Abajo* e en que momento da súa creación considerou que este sería o seu título?

-Algúns títulos xorden de forma espontánea, veñen só *Cielo abajo* paréceme o perfecto para esta novela. Por unha banda suxire esa caída libre cara ao desastre que ameaza aos personaxes, e por outro, contén o xiro do parágrafo final do libro, onde todo “dá a volta”.

-Canto tempo necesitou para documentarse antes de escribir esta novela?

-Dediquei bastantes meses, lin todos os libros sobre a batalla de Madrid, a guerra civil e a aviación, documentais sobre a época... Para escribir un libro hai que ler todo o que ten que ver co tema en cuestión, aínda que logo non o mostres de forma explícita no que escribes.

-Gustaríalle atopar un libro como o de Joaquín Dechén para “contalo” aos seus lectores/as? Cal sería a historia que contería ese texto?

-Supoño que si. Gústame pensar que me apetecía atopalo e, como non o atopei, escribín *Cielo abajo*.

-Interésalle o tema dos avións?

-Non especialmente, era o tema do libro e por iso indaguei, pero non é un dos meus temas preferidos.

-Significa algo persoal o nome de Constanza? Por que o elixiu?

-É similar ao nome de Constanza de la Mora, personaxe real no que esta baseado Constanza. E é un nome da época, verosímil e á vez con personalidade. Por iso o elixín.

-Sabemos que é unha pregunta complexa, pero que é a literatura para Fernando Marías?

-É bastante simple: escribir é poñer coas palabras adecuadas aquela historia que te namorou, de forma que namore tamén a quen o lea.

-Cre que o seu traballo se valora máis positivamente despois de gañar varios premios de Literatura?

-Os premios son un magnifico escaparate, por suposto que axudan. A

min o Nadal, en concreto, cambioume a vida.

-Sobre que tema lle gustaría escribir?

-Ningún en particular, a medida que vou planificando un tema novo, deixo fluír os meus intereses dese momento. As cousas que me reclaman adoitan vir soas.

-Sente especial predilección por algunha das súas obras? Cal nos recomendaría?

-Para mozos *Cielo abajo*, e tamén *Zara y el librero de Bagdad*, moi similar de concepto á primeira. Para adultos, *Esta noche moriré*, que acaba de relanzar a editorial 451.

-Todos os premios obtidos, críticas e recoñecementos das súas novelas, supoñen un grande éxito na súa vida laboral?

-Si, sobre todo porque me dan tempo para facer o que desexo facer, e non outra cousa. Gústame pensar e saber que só escribo aquilo que me interesa.

-Como se define no seu traballo?

-Son moi vago, loito contra a preguiza. E logo, cando encarrilo unha novela, xa non paro ata terminala. Pero non me mato traballando.

-Escribe libros que realmente lle gustaría ler?

-Claro, senón, non os escribiría.

-Pensou nos lectores á hora de escribir *Cielo abajo*?

-Contei a historia que desexaba contar, e logo coincidiu que aos lectores tamén lles gustou. Pero sempre escribo o que a min me gusta.

-Que lle proporciona este libro na súa traxectoria profesional?

-Deume moitas alegrías, o premio Anaya, o premio Nacional e, sobre todo, gusta moito aos lectores, que non se cansan del a pesar de que transcorreron cinco anos desde que a escribín.

-Podería describirnos a rutina diaria dun escritor?

-No meu caso, levántome pronto, escribo ata que me canso e logo ocúpome con outras actividades relacionadas: conferencias, programas de radio, mesas redondas...

-Que o levou a ser escritor?

-O afán de contar historias.

-Inspirouse nalgún outro escritor/a para a súa carreira profesional?

-Hai moitos que me gustaron e gústanme máis ou menos. Cada tres

anos adoito cambiar de escritor favorito. Agora é Cormac McCarthy. E os da miña mocidade seguen estando aí, London, Stevenson, Conrad.

-Publicou ao redor de doce libros, como cambiou desde o primeiro *La luz prodigiosa* ata o último *El mundo se acaba todos los días*?

-Creo que coñezo mellor o oficio e son máis humilde, dúas cousas necesarias para seguir aprendendo.

-Como definiría vostede a experiencia de traballar como guionista de cine xunto a Paco Praza?

-Marabillosa, entendémonos moi ben e divertímonos moitísimo.

-A maioría dos seus libros son de suspense, gustaríalle cultivar máis algún outro xénero?

-Iso non o decido eu, senón a miña mente, o meu inconsciente, a evolución da miña vida... A tarefa de escritor está viva. Móvese e fala.

-Que consello lles daría aos mozos que queren entrar no mundo da creación literaria?

-Que conten só aquilo que realmente queren contar, aquilo que necesiten contar.

-Segundo os editores españois, en España creceron os índices de lectura, a que cre que pode deberse esta circunstancia?

supoño que será porque hai máis xente que le. Eu preocúpome só de escribir novelas e tratar de que sexan boas .

-Non sei, non sei moito de estatísticas,

“En Galicia hai moitos escritores que se documentan por Internet”.

FRATTINI. ENSAÍSTA E ESCRITOR, ESPECIALISTA EN POLÍTICA INTERNACIONAL.

Por Edgar Artaud.

Frattini leva publicados máis de vinte ensaios, traducidos a quince idiomas. Ademais impartiu cursos sobre terrorismo Islámico á Garda Civil, á Policía Nacional, ao CNI ou á Ertzaintza. Comezou a ser coñecido polo público cando deixou de contar o que sabía e empezou a relatar canto inventaba.



Hai algo que sorprende nas súas novelas, que cada páxina parece estar cicelada sobre a historia e non pintada. Segundo o que di, el documéntase ata o mínimo detalle para

utilizar eses datos nun acto ficticio dentro da novela.

Frattini é residente en Xerusalén, un lugar onde se respira máis política e relixión ca en calquera outra parte do mundo. Cidade na que leva traballando moitos anos como correspondente.

Todo en Frattini ten un velo de misterio e aventura, comezando pola súa orixe, posto que é neto dun italiano emigrado á Arxentina por razóns políticas. Nacido en Lima, acudiu a España e nacionalizouse en

1971. Entón os pasaportes españois case se regalaban, pero agora é impensable, salvo que volvan producirse cambios lexislativos que outorguen a nacionalidade con novos criterios.

Creación dun novo premio literario.

Este ano entregarase por primeira vez o premio de literatura para os menos traducidos cuxo obxectivo é fomentar o interese cara a novos autores e obras nos idiomas menos traducidos da Unión Europea.

Biblioteca das Letras Galegas.

A biblioteca galega das letras pode ser visitada na Web www.letrasgalegas.org. Ten unhas cen obras e ofrece diversas seccións, dando información de importantes autores: Rosalía de Castro ou Martín Codax, por poñer un par de exemplos.

Agora ata a lectura é dixital.

Nestes últimos anos creáronse diversos soportes que permiten a lectura dixital, como; Kindle, exclusivo de Amazon; Sony 700, con pantalla táctil; Papyre, versión española e iRex DR, co maior formato.

VII. Moda.

O sector téxtil en Galicia.

Por Raquel Martínez e Lorena Carneiro, Sofía Rodríguez e Nuria Suárez.



Desde os anos oitenta ata os nosos días vense producindo en Galicia e no resto de España unha notable evolución no sector téxtil. Grazas á competitividade acadada, produciuse a aparición de múltiples empresas altamente cualificadas, cuns bos medios de distribución e un produto final de calidade e deseño. No mundo da moda,

son factores importante tanto o deseño como a imaxe, razóns que axudan á boa aceptación do sector téxtil galego onde destacan uns deseñadores que crean prendas moi traballadas. As nosas principais zonas de produción son: Arteixo, A Coruña, Santiago, Vigo, Ferrol, Lalín, San Cibrao das Viñas, Ourense e Redondela.

O sector téxtil galego destaca polo seu dinamismo, flexibilidade e capacidade de adaptación. Por iso acadou fama a nivel mundial como o demostra que varias firmas de renome teñen presenza en todo o mundo: a UE, Oriente Medio, o Leste Asiático, Sudamérica e América do Norte. Así que Galicia é a principal exportadora de prendas do Estado español, por diante de rexións historicamente vinculadas ao sector como Cataluña e a Comunidade Valenciana.

Portugal é o maior receptor da roupa confeccionada en Galicia. No primeiro semestre do ano 2008 destináronse ao seu mercado prendas por un valor superior a 104 millóns de euros. Os seguintes destinos principais foron Francia, Italia, Grecia e México.

DESLOCALIZACIÓN INDUSTRIAL

Nos últimos anos debido aos baixos custos de produción que ofrecen países de Oriente e do Leste europeo, a moda galega tivo que adaptarse aos cambios sen perder competitividade. Isto

provocou un gran descenso do traballo. Entre 2000 e 2007 perdéronse 2.180 postos de traballo. Ante esta situación as empresas, para poder competir con estes países, comezaron a producir neles as súas prendas básicas aínda que conservando na comunidade os seus departamentos de deseño e a confección de produtos máis exclusivos.

A CRISE SOCIAL

As empresas do sector establecidas en Galicia desfixéronse nos primeiros meses do ano de 2.453 empregados. Desde o sindicato Comisións Obreiras asegúrase que nos sesenta primeiros días de 2009 se eliminaron tantos postos de traballo como nos últimos cinco anos.

A destrución de emprego no téxtil non é un fenómeno exclusivo de Galicia, onde, en realidade, parece que a caída foi a máis atenuada do conxunto do Estado. A Comunidade Autónoma contaba a finais de 2008 con 2.500 empregados menos que en 2003, aínda que houbo unha evolución da produción.

“Sen dúbida Galicia é o número un no mundo tanto en distribución como produción de moda e seguirá manténdose nos primeiros postos.”

ENTREVISTA A JOSE MATTEOS, DESEÑADOR DE MODA.

Por Lorena Carneiro Lozano e Raquel Martínez Pulleiro.



Natural de San Sebastián, mudouse a Galicia cando aínda era un neno. Co seu talento e gusto pola moda comezou a formarse neste campo dende moi novo, en centros de Galicia e do estranxeiro. Actualmente utiliza as súas habilidades para deseñar prendas exclusivas da súa propia firma.

“Non só as miñas creacións, senón todo o deseño galego é moi accesible”.

A moda galega toma impulso no Xapón grazas a deseñadores do mundo da moda como Jose Matteos.

- O deseño sempre foi a túa vocación?

- Desde que teño uso de razón sempre me gustou todo o relacionado co mundo creativo, belas artes e similar. Xa de pequeno customizaba as miñas prendas. Teño levado máis dunha rifa por botarlle lixivia ou pintar con rotuladores os vaqueiros. Normalmente, era o raro do grupo polo meu tipo de vestimenta.

-Como comezou isto da moda para ti?

-Aínda que pasei a miña infancia nunha vila de San Sebastián, Lasarte, por esas cousas da vida a miña familia chegou a Ordes. Cando terminei a EXB tiven a gran sorte de que en Ordes se encontraba o único centro público da época en deseño e moda de toda Galicia, así que me dispuxen a iniciar os meus estudos de moda. A decisión foi difícil e complicada pero non me

arrepinto. Acórdome que fun o primeiro rapaz que se matriculou en moda, converténdome no raro do pobo.

- Se non foses deseñador que che gustaría ser?

- Supoño que me tería dedicado a calquera oficio creativo ou relacionado coa arte. A fotografía, pouco a pouco, xa se converteu en parte do meu traballo diario, así como o deseño de xoias.

-Cales son as túas fontes de inspiración?

- Varían en función do tipo da colección. Depende de se é prioritario o deseño, se queremos resaltar o tecido seleccionado e en función do mercado ao que vaia dirixida a colección. Por exemplo para a miña liña máis gótica escoito música de Manson ou similar mentres realizo os bosquejos. Se é unha colección para pasarela gústame seleccionar primeiro a música e en función da mesma desenvolver a colección.

- Cal é o teu modisto/a favorito/a? Que che gusta del/ela?

- Non teño ningunha preferencia, para o meu traballo non me gusta deixarme



influenciar polo entorno, motivo polo que non vexo moita moda nin a obra doutros.

-Antes de formarte nas prestixiosas academias de Miami e Londres,

pasaches a túa primeira etapa no centro público Mestre Nicolás del Río de Ordes, consideras que este ofrece unha boa formación?

- A parte máis importante da miña formación desenvolveuse nese centro. Tiñamos un profesorado e un programa de estudos moi bo e de gran nivel, nalgúns aspectos moi superior ao impartido en colexios privados. No Mestre Nicolás aprendíase todo o proceso da moda, desde a base ata o final e tocando todos os puntos: creación, “patronaxe”, corte, produción, comercialización, contacto con empresas do sector..., algo que nas escolas privadas é complicado de levar adiante e que en Ordes se conseguía porque eran cinco anos de formación.

Aparte, os profesores sempre estaban pendentes da túa evolución e de crear iniciativas innovadoras, como no seu momento foi a realización dunha pasarela que chegou a converterse na Pasarela de Ordes e da cal foi creador e

responsable Telis, sen dúbida un dos mellores mestres que coñecín.

A decisión de realizar parte da miña formación no estranxeiro xurdiu tras colaborar con firmas do sector elaborando coleccións e dando apoio técnico a talleres despois de terminar os estudos no Mestre Nicolás. Comprendín que non era o meu e que quería chegar a desenvolver as miñas propias coleccións, polo que decidín ir ver o que se estaba a facer fóra e ampliar a miña formación. Recomendáronme o International Fine Arts of Miami xa que estaba moi introducido no mundo das belas artes y realizaban uns cursos moi importantes relacionados coa serigrafía e a estampación. En St. Martins realicei uns cursos sobre Historia da Moda e Patronaxe. Desta experiencia aprendín que o que ofrecían os centros privados non se diferenciaba moito dos públicos, coa vantaxe de que os últimos son gratuítos.

-Galicia está moi presente nos teus deseños, seguirás mostrando a nosa cultura ao mundo?

-Iso sempre, creo que temos que aproveitar todo o bo que poden aportar oficios tan tradicionais como o encaixe de Camariñas, o liño tecido nos teares galegos, así como todos os aspectos

culturais que se poidan incluír nas coleccións.

-Seguro que o sabes ben, para ti Galicia ten futuro no mundo da moda e do deseño?

- Sen dúbida Galicia é o número un no mundo tanto en distribución como produción de moda e seguirá manténdose nos primeiros postos. Respecto ao deseño é máis complicado, cando falamos de futuro no deseño galego hai que referirse ao relevo das novas xeracións e por desgraza é mínimo e non por falta de boas escolas ou creadores que saian delas, senón porque ata hai nada non había ningunha plataforma de apoio e de promoción de todos eles. Desde o colectivo “Crea Con”, no que estou integrado, creamos a pasarela Singular Stop Fashion Festival, o Showroom Lo+ Fashion na Coruña ou o Showroom International Fashion From Galicia presente en Nova York, Londres, Tokío e París. Este proxectos son un punto de partida para promover a moda galega e ás novas xeracións, que esperemos vaian dando os froitos previstos.

- Gústache máis traballar para outras firmas ou para a túa?

- Prefiro desenvolver as miñas coleccións, o límite do que faga impoño eu.

- Es un deses deseñadores comprometidos co medio ambiente?

-Procuo utilizar tecidos ecolóxicos, o que, sen dúbida, se irá impoñendo pouco a pouco.

-Como consideras que son os teus deseños? Que características teñen?

-Creo que iso o ten que definir o cliente final, porque podes encontrar que o que para min é clásico, para outros é vangardista, como xa me ten sucedido.

-As túas creacións están deseñadas especialmente para unha idade ou calquera pode lucilas?

-Non deseño para ningunha idade en particular, realmente é a persoa, e moitas veces o seu propio entorno, quen define o seu propio estilo. En particular, as miñas coleccións máis arriscadas van dirixidas ao mercado nipón, onde se algo lles gusta, verdadeiramente póneno sen ningún reparo. Para o mercado nacional hai que adaptar algo as coleccións.

-Para os tempos de crise que corren, pensas que os teus deseños son un

produto adquirible para todos os petos?

- Creo que non só as miñas creacións, senón que todo o deseño galego é moi accesible, depende do que queiras comprar. O que está claro é que se buscas exclusividade e non ir vestida en serie, supón que esa prenda será algo máis cara, pero que sobre esa liña se realizan outras máis básicas e adquiribles para todos os petos. No meu caso esa exclusividade supón que esa prenda non se elaborarán máis de dez unidades e, no básico, non máis de cen.

- Cal é a túa meta no mundo da moda? Que plans de futuro tes?

-Non teño ningunha meta en particular, con poder traballar e vivir do que me gusta xa me chega. Respecto a plans de futuro, para a miña firma temos proxectos a longo prazo que aínda non se poden desvelar. O máis próximo é a terceira edición de Singular Stop Festival co que esperamos dar un sopro de aire fresco á moda galega a finais de xuño no Museo de Arte Contemporáneo de Unión Fenosa.

“Dende pequena xa facía traxes á miña irmá con papeis de periódico”.

ENTREVISTA A BELÉN MOSQUERA, DESEÑADORA.

Por Sofía Rodríguez Duarte e Nuria Suárez Uzal.



Belén Mosquera, é deseñadora de moda e confección e estilista dende hai catorce anos ademais de ter experiencia en punto, tras traballar por conta allea nunha empresa dese ámbito durante doce anos, experiencia que lle serviu para especializarse nun ámbito no que, segundo ela, non todo o mundo pode facelo. Estudou na academia Goymar de deseño na Coruña. Tamén realizou traballos de punto circular (camisetas), por conta propia baixo o nome comercial “Musca” que vendeu por España e México. Actualmente, dende

maio de 2006, traballa nun Atelier de moda a medida e exclusivo para cada persoa e segundo o seu gusto e criterio, na maioría dos casos, para noivas e cerimonia nupciais e escasamente, pero tamén en ocasións, para roupa de rúa con nome comercial “Prêt-à-Couture BELÉN MOSQUERA”.

É unha apaixonada do seu traballo, gústalle gardar os detalles sempre cunha clara e firme idea de ser deseñadora xa dende nena, gustan toda clase de roupa sen excepción e non lle importaría explorar outros tipos de deseño tras varios anos vestindo noivas. Aínda máis, afirma que está bastante interesada na roupa xuvenil, prendas que a atraen bastante actualmente.

-Cando decidiu ou cando se deu conta de que quería ser deseñadora?

-Dende moi pequena, facíalle vestidos a miña irmá con papel de periódicos e ela

desfilaba pola casa. Miña nai tiña unha colcha de cor branca, que non me deixaba cortar, entón eu sempre facía vestidos diferentes con imperdibles e con alfinetes e como a colcha tiña que quedar igual, iso axudábame a ser moito máis creativa, ao ter tantos impedimentos, iso dábame moito xogo para facer cada día un vestido diferente.

-Como foron os seus comezos?

-Estudei na Escola de deseño Goymar na Coruña; fixen os tres anos de deseño e despois un proxecto de fin de estudos, que aprobei con moi boas notas, incluso o meu traballo mostrouse ao resto dos alumnos e, en menos dun ano, cando eu xa cumprira os vinte e dous, empecei traballando en Viriato como deseñadora en punto, sendo axudante de deseño. Despois, co paso do tempo xa fun deseñadora, desenvolvín liñas de homes, de muller e de neno, deste último, pouco xa que a empresa non tiña capacidade para facelo todo, entón o primeiro era traballar en home e muller.

-¿É difícil empezar no mundo do deseño?

-É difícil dependendo de como o mires. Tal e como está agora mesmo o mercado laboral é difícil, pero non porque sexas deseñador, senón porque o mercado está complicado.

Ser coñecido si que é difícil, porque ser deseñador é algo que leva cada un na súa personalidade. Eu tiña claro dende pequena, non é unha cousa que decidas cando terminas os estudos, é algo innato, naces con iso. Logo podes perfeccionalo nunha escola, hai xente que te pode axudar ou traballando, colles coñecementos que, ao mellor, non tiñas, pero que co paso do tempo vas afianzando máis. Pero non é que sexa difícil, creo que é unha das profesións, como todas as que teñen que ver coa creatividade, que che teñen que saír de dentro. Isto non é un oficio exactamente, é algo que vai coa túa personalidade, como una persoa cando pinta ou debuxa ben; ao final pode ser tamén un negocio pero é algo que che gusta facer, é como un hobby.

-Lograches exactamente o obxectivo que tiñas fixado?

-Creo que iso non se logra nunca porque sempre estás experimentando, eu, por exemplo, cando empecei, nunca pensei que traballaría nunha empresa de punto, que é unha especialidade moi pequena e moi concreta de todo o conxunto do sector téxtil. Digamos que ninguén se viste de punto de pés a cabeza, dalgún modo, é un accesorio, igual que te pos uns pendentes, uns colares... é un accesorio dentro da vestimenta pero,

empecei alí, gustoume e axudoume a especializarme nun tema que non todos os deseñadores coñecen porque cando estudas na escola de deseño, normalmente ensínanche cousas máis xenéricas, pero como especialidade, veume moi ben porque iso nunha escola non se pode aprender.

-Que é o que máis e o que menos lle gusta do deseño?

-Non é que non me guste. A ver, é un mundo moi bonito, sobre todo para unha persoa como eu que o vivo, pero non é tan frívolo como a xente cre. Normalmente as persoas descoñecen como é o traballo dun deseñador, pensan que é coser e cantar e nunca mellor dito, pode chegar a ser un traballo moi duro e moi sacrificado. Hai que pensar que os deseñadores dunha empresa do sector téxtil que sexa, teñen unha responsabilidade enorme porque se o que deseñan non é o suficientemente creativo, bonito ou non está á moda, se non se vende, todo o persoal desa empresa, os anexos, talleres externos e demais non funcionan. Digamos que somos case a primeira peza para poder traballar. Un deseñador nunca está no presente, polo xeral está traballando no ano seguinte, temos que ter unha visión de futuro do

que se vai levar e, non só diso porque sempre hai estudos de tendencias, xente que se dedica a iso, catálogos onde che explican esas tendencias, feiras de moda, que poden axudarche... pero logo o deseñador tamén ten que ter a capacidade de saber que traballa en función dunha empresa e duns clientes que compren eses produtos campaña tras campaña. Agora estamos en 2009, pero calquera creativo neste momento está traballando xa, non só en 2010, ás veces en 2011, e ten que ter a capacidade de lograr que o produto non só estea á moda, senón tamén que o cliente o compre.

O que máis me gusta é que non se trata dun traballo para nada monótono, nel tes que estar sempre pendente. Dalgunha forma, o deseño é un pouco como os iogures, porque caduca todo moi rápido. Temos que ter a capacidade suficiente de innovación, de cambios, de poñerlle solución moi rápido a calquera problema, de ser moi espontáneo, moi activo, moi creativo, moi dinámico.

-Coida moito os detalles dos seus deseños?

-Claro. Todos os deseñadores que coñezo son bastante perfeccionistas. Tes que saber innovar en pequenos detalles

e que, ao mesmo tempo, a xente te siga recoñecendo.

-Cre que en Galicia hai bos deseñadores?

-Claro que si, o que pasa é que, eu sempre o digo, que o problema que temos os españois é que non nos sabemos vender. Os italianos véndeno todo en papel de regalo, poñen todo tan bonito que venden o noso propio granito como se fora seu. Pero por calidade e traballo somos tan bos ou mellores que calquera deseñador doutro país.

-Agora que todo se move pola rede e que incluso Custo Barcelona vende a súa colección por internet, é posible que nun futuro venda os seus deseños por ese medio?

-É moi difícil porque traballo a medida. Podo estar na rede e podo explicar o que fago, pero non podo presentar os meus deseños, porque o que me distingue de traballar con coleccións, precisamente, é facer vestidos únicos e diferentes. Teño fotografías das miñas noivas e moitas veces elas mesmas mándanme as fotos de súa voda, pero non as podo colgar na web, porque estaría atentando contra a intimidade da persoa, nin sequera os vestidos porque son únicos, para esa persoa e ninguén máis. Non fago dous vestidos iguais.

-Podíanos explicar dun xeito sinxelo os conceptos de Alta Costura, Prêt-a-porter e Prêt-a-couture?

-Cando falamos de alta costura, falamos dos grandes, que son por exemplo Valenciaga, Christian Dior... Hai moi poucas mulleres no mundo que se poidan vestir de alta costura todos os días e todo o ano, porque ninguén ten a capacidade económica para poder vestirse con esas pezas, primeiro porque os tecidos son moi caros e a forma de elaboralos tamén, moi delicado e moi custoso. A alta costura realiza unha peza que é única, nunha soa talla, é un produto que ninguén ten outro igual, tes unha exclusividade. O prêt-a-porter tería unha tradución máis ou menos como listo para levar, o que levamos habitualmente, por exemplo roupa das tendas do grupo Inditex, que sae ao mercado e véndese. Non son pezas únicas, fanse mil de cada unha delas nunha chea de cores e tallas. Digamos que no que eu fago, existe esa exclusividade, porque cando deseño para unha noiva é un traxe que é único, que é só para ela, facemos un patrón. Non é alta costura exactamente, porque iso é falar en palabras maiores, aínda que moita xente dio. Eu chámolle prêt-a-couture, que está entre prêt-a-porter e alta costura, é un termo medio.

-Ves algo nos teus deseños que os faga distintos aos dos demais?

-Sobre todo nesta zona non coñezo moita xente que traballe do mesmo xeito que eu. Ateliers en Santiago creo que hai dous.

A única xente que pode falar é a xente coa que traballei, as miñas noivas, que si que din que teño personalidade; pero tamén é certo que ao traballar así, a medida, moitas veces tes que deixarte levar un pouco pola persoa coa que estás traballando e pola filosofía que ten. No caso de que traballe con noivas, que tipo de voda quere, se é unha voda de tarde, de noite, na praia; pola súa fisionomía, se é unha moza que está gordiña ou está moi delgada... intentar facela o máis atractiva e o máis elegante posible para ese día. Téñome que poder adaptar moito á persoa. O que elas din é que capto moi ben a idea que ten e que, se cadra, non a sabe elaborar, non se sabe explicar ben, non me sabe dicir exactamente o que quere, entón eu axúdoas a encamiñala e a que quede contenta.

-Cal é ou perfil dos seus clientes?

-Non é unha noiva convencional, non é unha moza que adoita acudir ás superficies que venden de forma masiva

e que teñen un catálogo no que ese mesmo vestido estase vendendo a cinco noivas en todas partes de España.

Normalmente son mozas que, se cadra, as súas nais xa fixeron no seu momento un vestido a medida; mozas que, ás veces por problemas de tallas, non encontran nas tendas vestidos... e logo a que máis me interesa a min, a persoa que se dá conta do valor engadido que ten un traxe feito especial para ela. É xente que normalmente non vive aquí en Santiago, nin sequera en Coruña; son mozas que están vivindo en Madrid, en Barcelona, fóra de Galicia e danse conta do valor dun vestido así, simplemente están buscando unha exclusividade que un vestido feito en serie non ten.

-Ves que actualmente se impoña un tipo de tendencia para a xente nova? Cores, estampados, vestidos longos ou curtos...?

-Iso sempre se está facendo. Pero quen impón a moda, a xente da rúa ou hai grandes gurús que dalgún xeito nos manipulan para que poñamos certa roupa?

Eu creo que hai das dúas cousas, por unha banda está a rúa, as tribos urbanas que marcan tendencias, influídos pola música sobre todo; e por outra banda está a necesidade do sector de sacar

cousas á luz. Tecidos, moitos máis non se van poder descubrir. Entón digamos que a moda impón un pouco a necesidade do propio sector de sacar algunhas cousas que temos no armario e facelas volver, pero non volven nunca do mesmo xeito, para obrigar a xente a comprar. Sempre fan algún tipo de manipulación sutil, para que che guste máis comprar unha peza que está na rúa nalgunha tenda, que a que tiña a túa nai no armario.

-Que consello lle daría a un deseñador ou deseñadora que está empezando?

-Que teña moita paciencia e moita constancia, que sempre estea investigando, que se informe. Internet é unha ferramenta de traballo coa que podes acceder a case todos os deseñadores, investigar o que están facendo, os deseñadores que ao longo das épocas marcaron pauta e por que. Podes ver un pouco como veñen as tendencias da campaña seguinte e, despois, cando xa estás traballando, intentar facer unha pequena biblioteca de moda, ou se non a tes na túa casa, poder acudir a algún sitio onde poidas ollar, que sempre vén ben.

-Tal vez aspire a máis, sendo así cal sería a súa meta máis perseguida, ben

neste momento ou ben nun futuro próximo?

-Agora mesmo estou nun momento no que non teño un obxectivo claro. Quero cambiar un pouco. Como do deseño gústame practicamente todo, apeteceríame poder facer outras cousas diferentes. O mundo da noiva e o mundo da festa, coñecino por estes dous e anos longos que levo con isto, pero gustaríame valorar e investigar outros campos dentro do sector téxtil. Con respecto investiguei bastante, con noiva e festa, que son un produto moi específico, tamén. Non sei, atráeme moito a roupa nova, como combinan, e agora quero ir un pouco á roupa máis masiva, pero, precisamente, como é tan masiva e hai tanta oferta e tanta demanda, hai que buscar un oco no mercado, como o fixo Custo por exemplo en Custo Barcelona; en algo moi concreto no que saibas que podes especializarte e facer unha proposta diferente, pero todo ao seu tempo.

-Hai algún tipo de prenda en especial que lle guste deseñar?

-Non, eu creo que me gusta case todo. Especialiceime en noivas, non polos vestidos de noiva en si, non é que estivese eu namorada diso en concreto, senón porque me apetecía unha chea traballar con teas moi ricas, con teas de

moita calidade, máis bonitas, para que me desen máis xogo, para ser máis creativa.

-Cal é a súa fonte de inspiración?

-Antes viaxaba moito, tiña esa posibilidade, ía a feiras da moda, ao estranxeiro, tanto a Italia como a Francia, e, ás veces, ía a Nova York. Agora viaxo menos, pero evidentemente a rúa, as tendas, saír fóra, ver outra xente, o cine, axúdache tamén moito, podes inspirarte moitas veces noutras épocas. Gústame ver moitas veces películas soamente polo vestiario e moitas veces doume conta da época na que están inspiradas polo vestiario tamén.

Eu tiña unha profesora que sempre me dicía unha cousa: “Cando es deseñador tes que ter máis ollos que os demais. Sempre tes que estar fixándote en todo, cousas que parecen absurdas, pero ás que logo lles podes buscar a rendibilidade no teu traballo; ter sempre a mente moi aberta, saber dicir se unha moza está ben o mal vestida, ter a

capacidade de estar sempre mirando e observando, pero non soamente persoas, senón moitas outras cousas. Non sei, por exemplo, a min gústame ir a moitas exposicións de pintura; a arte pode darche moitísimas pistas. Cando ía a Italia, encantábame entrar nas igrexas e ver a pintura, as sandalias que teñen e pensas, aquí podes facer coleccións de sandalias pero preciosas (risas). Todo pódete dar pé, iso depende do que valores o teu traballo e do que che encante, calquera cousa, por mínima que sexa, pódete axudar.

-Algunha vez lle pasou que non soubo como facer un vestido, que se quedou sen ideas?

-Non, non me pasa iso. Eu teño problemas, non exactamente coa patronaxe, non fago o patrón, teño xente que mo fai, e iso é o que me abafa un pouco porque non está na miña man e dáme moito pánico que non quede exactamente como eu desexo. Pero o feito de quedarme sen ideas, así en branco, creo que me pasou unha vez.

VIII. Medio ambiente.

“O meu mellor patrimonio de valores sociais e políticos adquirino nesa longa etapa de dezasete anos na UPA.”

ENTREVISTA A FERNANDO MORALEDA, DEPUTADO POR CIUDAD REAL E EX-SECRETARIO DE ESTADO.

Por Belén Picón Louçano e Lidia Martínez Castro.



Fernando Moraleda ten a súa residencia en Madrid. Como era difícil achegarnos ata el enviámoslle as preguntas por correo electrónico. A súa secretaria, Yolanda del Arco, recibiu e contactou con nós moi atentamente e o señor Moraleda contestounos as preguntas que lle enviamos cunha amabilidade exquisita.

-Que concepto ten vostede da agricultura ecolóxica?

-É unha agricultura querida por determinados agricultores e máis apreciada aínda polos consumidores. Hai que potenciala sendo conscientes das súas limitacións de prezo e produtividade cando se planea a súa substitución pola agricultura tradicional.

-Por que cre vostede que o compost é o método máis empregado na agricultura?

-O compost é o compoñente mais característico dos inputs que se utilizan na agricultura ecolóxica, dada a súa composición en materia orgánica de orixe natural. A consecuencia positiva é que a produción obtida ten un maior valor económico.

-Temos coñecemento de que hai varios tipos de agricultura ecolóxica.

Cal cre que é o máis económico?

-Entendo que nos referimos a modelos produtivos xa que a agricultura ecolóxica é unha, por ter un único marco de regulación, o Regulamento 834/07. O control sobre ela é, polo tanto, unha garantía para o consumidor. Pero, ademais, os nosos sistemas tradicionais extensivos, tanto agrícolas como gandeiros, ofrecen unhas excepciónais aptitudes para adquirir a certificación ecolóxica sen grandes esforzos.

-E produtivo?

-Neste aspecto a produción ecolóxica non se distingue demasiado da convencional, sendo os sistemas máis tecnolóxicos os de maior produtividade. Neste sentido algo debe de quedarnos claro: a innovación e a tecnoloxía non son incompatibles coa produción ecolóxica xa que esta é como calquera outra actividade económica.

En primeiro lugar, e desde un punto de vista normativo, deben cumprir coa normativa comunitaria e superar os procedementos de control e certificación. Os principios e os requisitos aplicables na agricultura e

gandería ecolóxica están contemplados na normativa comunitaria dende os principios dos anos noventa.

-Este cumprimento afecta por igual a todos os países da UE?

-Claro que si, como dixemos o marco normativo é común para todos os estados membros da UE, o Regulamento 834/07. Ademais todos os países reportaran actividades de control e inspección á Comisión Europea que supervisa, incluso sobre o terreo, a actividade dos mesmos.

-Como se pode saber se os alimentos están libres de residuos químicos?

-A produción ecolóxica, como principio xeral, limita ao máximo a utilización de produtos químicos. Iso non quere dicir que o produto non teña trazas de produtos químicos xa que poden ser naturais.

En calquera caso, os procedementos de control inclúen a toma de mostras e análises para atopar produtos non autorizados.

-Que recursos renovables se poden utilizar na agricultura?

-Moi sinxelo, cantos máis, mellor. Como principio xeral e fundacional a produción ecolóxica proclama a

preservación da biodiversidade, o mantemento ou incremento dos recursos naturais e a redución máxima de elementos externos ao sistema produtivo.

-Que métodos se poden empregar para evitar a contaminación?

-Si por contaminación entendemos a aparición de elementos externos non desexados na nosa explotación, sen dúbida o máis apropiado é un bo manexo e xestión da mesma. Por suposto, un bo sistema de trazabilidade na mesma e de control dos subministradores. Algo que, por outra parte, é condición necesaria na boa xestión dunha explotación ecolóxica.

-Cales son as pragas e enfermidades que máis poden afectar ás plantas?

-As plantas e animais empregados nos sistemas ecolóxicos non deixan de ser o que son, seres vivos e polo tanto susceptibles de sufrir patoloxías. Outro dos principios da produción ecolóxica é a loita preventiva contra as enfermidades, para iso un bo manexo, esíxese como esencial. É obvio que en canto á produción ecolóxica, os sistemas son menos intensivos, son menos frecuentes as enfermidades vinculadas a densidades altas de cría ou cultivo.

-Como se pode potenciar o bo desenvolvemento das plantas?

-A resposta é unha boa xestión e manexo da explotación. Coidar as plantas de maneira adecuada ás súas características é o primeiro paso para o seu bo desenvolvemento. Sen dúbida, outro elemento esencial a destacar é o uso de variedades autóctonas ou adaptadas ao medio no que se pretenden poñer en produción.

-Agora estase empezando a utilizar algas como abono. Parécelle unha boa opción?

-Se son aptas para o uso en produción ecolóxica, están autorizadas e satisfán as necesidades dos profesionais, por que non?

-Unha pregunta persoal. Foi bo o paso pola secretaría xeral da UPA?

-Sen dúbida, o mellor da miña actividade pública. O meu mellor patrimonio de valores sociais e políticos adquirino nesa longa etapa de dezasete anos.

-Por que se decidiu pola química e non por outra materia?

-Era a única opción de ciencias no Colexio Universitario de Ciudad Real e o meu expediente en químicas no


bacharelato era bo. Se engado o meu bo profesor no instituto, o resultado non podía ser outro.

-E por último, foi difícil o acceso ao PSOE?

-Se vos referides a formar parte da lista de candidatos por Ciudad Real, non. O PSOE foi moi xeneroso ao propoñerme como deputado nas eleccións xerais do pasado ano. Espero poder devolver aos cidadáns a confianza para mellorar as súas condicións de vida.

SOBRE OS INCENCIOS FORESTAIS.

Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez.



QUE SE FIXO PARA EVITAR QUE SE REPITAN INCENDIOS COMO OS DE 2006?

Dende o 3 ata o 15 de agosto de 2006 producíronse en Galicia un total de 1970 incendios, deixando catro mortos e un ferido moi grave. O Ministerio de Medio Ambiente asegura que arderon 86.033 hectáreas, non obstante, a cifra varía segundo a fonte:

77.000 (Xunta de Galicia), 86.232 (Centro Europeo de Información Forestal), 88.000 (Comisión Europea), 92.058 (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o PP eleva a cifra a 175.000 hectáreas. Esta vaga de incendios só foi superada polo ano 1989, cando arderon en Galicia 198.998 hectáreas. Dende dito ano ata o 2007, a media de hectáreas queimadas en

Galicia entre xuño e setembro foi de 24.598; poren, houbo anos catastróficos: 1995 (44.245 hectáreas), 1998 (48.137 hectáreas) e o 2006 cunha media de 100.720,5 hectáreas queimadas.

O CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) dixo nun comunicado de prensa que o principal factor de risco de incendios para Galicia é a fragmentación da paisaxe agraria. Tamén sinalou que máis do 90% dos lumes que se producen en España son intencionados, xa sexa directa ou indirectamente. Non obstante, asegurou que os factores humanos apenas se teñen en conta. As variables máis importantes neste estudo son a densidade de maquinaria agrícola, a cantidade de gando en réxime extensivo tradicional e o abandono agrícola, (un dos factores que máis aumentan o risco de incendios).

No noso país danse en torno o 50% dos incendios forestais de España. Isto débese a que somos unha das rexións europeas con maior densidade forestal, o que unido ó chamado factor 30 (máis de 30°C de temperatura, máis de 30 km/h na velocidade do vento e menos do 30% de humidade), favorece a expansión dos incendios.

A Xunta de Galicia elaborou un informe para establecer os cartos que se gastaron nos incendios de 2006. Este

informe presentado á Comisión Europea, revelaba que o gasto total fora de 90 millóns de euros; non obstante, un informe realizado por Caixa Galicia, eleva a cifra en torno aos 300 millóns (entre 248 e 336, dependendo das variables que se tomen).

As solucións son evidentes: desenvolver tarefas de prevención e a resposta rápida e ben organizada dos traballos de extinción.

Prevención:

- **Concienciación social:** educar á poboación nun uso racional do lume, evitando situacións de risco.
- **O coidado das masas forestais:** mediante a realización de faixas para cortar a extensión dos lumes, limpeza periódica dos montes ou a realización de queimas controladas nos períodos de baixo risco, axudan e reducir a velocidade de propagación dun grande incendio.
- **O establecemento de axeitadas políticas de detección precoz** mediante gardas forestais e a vixilancia dos montes, co fin de extinguir os incendios antes de que se propaguen a extensións maiores.

Ademais, a entrada en vigor da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

Limitacións xerais:

-Prohíbense as repoboacións forestais en solo urbano, en núcleos rurais, en terras de labranza e en prados ou pastos.

-Se existe un plan de ordenación de cultivos ou forestal, poderanse admitir novas repoboacións, pero só con frondosas caducifolias propias da estación.

-Prohíbense as repoboacións con eucaliptos en terreos ocupados anteriormente por outras frondosas ou nas marxes dos ríos.

Distancias a montes e terreos con uso forestal:

-Plantacións de eucaliptos –seis metros.

-Restos de especies (piñeiros etc.) –dous metros.

Distancia a terreos non considerados como montes –dez metros.

Distancias de seguridade coas vivendas e instalacións:

Para todas as especies non incluídas na disposición adicional 3ª:

-A vivendas ou instalacións –dez metros

-A industrias que desenvolvan actividades perigosas –vinte e cinco metros

Para todas as especies incluídas na Disposición Adicional 3ª:

-A vivendas e instalacións preexistentes –cincuenta metros

-A industrias que desenvolvan actividades perigosas –cincuenta metros

-A autoestradas e autovías –quince metros

-A estradas –oito metros

-A vías e camiños forestais –dous metros

Especies suxeitas a xestión (Disposición Adicional 3ª):

Piñeiro galego, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrei, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra e eucalipto. Ademais destas será obrigatoria a xestión de especies arbustivas como a xesta, queirugas, silvas, fentos...

No presente ano xa se produciron os primeiros incendios, de feito, a Consellería de Medio Rural prohibiu, o pasado vinte e catro de marzo, as queimas controladas debido ó risco de incendios; no que vai de primavera, a maioría dos incendios declarados en Galicia foron consecuencias de imprudencias e da falta de medidas de seguridade á hora de facer queimas

controladas, así como vulnerar a prohibición de non acender lume. Un lume de 5 quilómetros de fronte arrasou a fin de semana do catorce e quince de marzo centos de hectáreas (moitas delas pertencentes á Rede Natura), na serra de O Careón, en Palas de Rei, foi un dos maiores incendios rexistrados en Galicia nos últimos anos. O lume comezou ás cinco da tarde do sábado en Freixeiro, un lugar no que hai varias casas deshabitadas e de difícil acceso.

O luns vinte e tres de marzo, un

incendio carbonizou catrocentas hectáreas do Parque Nacional Peneda-Xurés, en Portugal. Despois de varios días sufrindo incendios, o luns apareceron tres novos focos, non obstante, o director do Parque Nacional, Lagildo Domínguez, asegurou que arderan varios carballos centenarios, pero o corazón do parque (Albergaria) non sufriu danos.

Arde Galicia.



Parece ser que as institucións políticas non se poñen de acordo nisto dos incendios, pero os que realmente loitan contra eles son os bombeiros como Bruno: “o noso traballo é máis duro do que a xente pensa”, é certo, o traballo dos corpos contra incendios é moi laborioso, “traballamos en quendas de vinte e catro horas e temos moito tempo de inactividade”. Ademais de duro é perigoso, de feito cando “a xente retrocede dous pasos nós temos que avanzar tres”. Bruno tamén estivo nos incendios do 2006: “houbo incendios moi grandes” e para combatelos “fixo falla moito esforzo e dedicación”. Nese trágico mes ardeu o 3,81 por cento do espazo forestal de Galicia e a repoboación do monte “é custosa en tempo, as institucións públicas invisten o diñeiro en cousas máis inmediatas como as estradas” pero “a repoboación forestal é un investimento a longo prazo”. Recibimos axuda de [Portugal](#), [Italia](#), [Francia](#) e [Marrocos](#) ademais dalgunhas comunidades autónomas, unha axuda “moi necesaria” non obstante “os medios sempre son insuficientes” e “cos efectivos que había, quero pensar que se actuou correctamente”, algo inevitable son os erros, pero “hai que valoralos e tratar de corrixilos” para “non volver a caer neles”.

Esta é a opinión dun bombeiro, pero que opinan os nosos políticos? Jesús Pedreira, concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Ordes asegura que “o mes de agosto foi un mes terrible e moi preocupante” os incendios son “sempre provocados pola man do home”, xa sexa directa ou indirectamente; o que si é certo é que “o mal estado do monte influíu moito”. En canto ás axudas “todas son boas”, pero “a máis efectiva foi a do exército”, aínda que “se pediu moi tarde que se incorporase ás tarefas de extinción”; para evitar que se produzan vítimas nunha situación coma esa “teñen que ser profesionais os que desenvolvan as tarefas de extinción” xa que “son os que saben como atacar e atallar ó lume”. O certo é que foi unha traxedia e “ante unha catástrofe de tal magnitude nunca se actúa correctamente”.

Algo no que tampouco coinciden os políticos é nos gastos que supuxeron os incendios para Galicia. A Xunta elaborou un informe para estudar os cartos que se gastaran, este informe, presentado á Comisión Europea, revelaba que o gasto total fora de 90 millóns de euros; non obstante, un informe realizado por Caixa Galicia, eleva a cifra en torno ós 300 millóns (entre 248 e 336, dependendo das variables que se tomen).

“As solucións son evidentes: desenrolar tarefas de prevención e a resposta rápida e ben organizada dos traballos de extinción”.

Esta traxedia pódese repetir, de feito, no comezo da presente primavera a Xunta decidiu prohibir as queimas controladas debido ó risco de incendios, aínda que “estamos máis preparados caso de repetirse a mesma situación, se fose diferente cambiaríamos a resposta” di Bruno. O certo é que se mellorou o estado do monte, modificouse a lei e ampliáronse as distancias dende as plantacións ata as vivendas e estradas, o monte está máis limpo, o protocolo de emerxencia está mellorado e os efectivos mellor preparados, pero aínda queda moito por facer; se houber unha seca como a do dous mil seis, estaríamos de novo ante o risco de incendios.

“Ante unha catástrofe de tal magnitude nunca se actúa correctamente”

ENTREVISTA A JESÚS PEDREIRA, concelleiro de Medio Rural de Ordes.

Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez.

Jesús M. Pedreira Mirás naceu en Ordes en 1954, está casado e ten dúas fillas. É Concelleiro de Medio Ambiente, Medio Rural e Sanidade de Ordes dende o ano 2007, é o Secretario Xeral e Portavoz do PSOE de Ordes. É Diplomado en Enfermería, especialista en Análises

Clínicas, experto en Xestión de Residuos e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais. Actualmente traballa no Laboratorio Central do Hospital Clínico de Santiago.



Estamos na concellería de Medio Rural de Ordes con Jesús Pedreira.

-Como tomaches a decisión de dedicarte ao Medio Rural?

-Eu son do medio rural, son de Ordes, meus avós tiñan vacas, traballaban a terra, tanto por parte de meu pai como de miña nai sempre estiven moi ligado á terra, co cal tiña moito interese nos temas do medio rural, sobre todo ao incorporar tamén as cuestións do medio ambiente. Penso que son dous asuntos que van moi ligados, o medio ambiente e o medio rural.

-Arrepentícheste de tomar esta decisión?

-Hai algunhas veces que si, sobre todo neste tipo de medio rural, polos conflitos da concentración parcelaria. Moitas veces a cantidade de problemas é tan grande que non se poden solucionar todos; sobre todo, cando vén un grupo de persoas de varias parroquias coas súas diferenzas, o tema

dos marcos, as pistas da concentración parcelaria... moitas veces tanta cousa abafa un pouco.

-Como viviches o mes de agosto de 2006?

-En 2006, eu estaba aquí de concelleiro na oposición. Agora son portavoz do partido socialista e tenente de alcalde e no meu partido viviuse con moita preocupación. Efectivamente, agosto foi un mes terrible, preocupante, en particular mirando a repercusión que podía ter en Ordes; non podías despreocuparte nunha situación tan preocupante non só polo gran número de incendios, senón tamén polo perigo para as vidas humanas. De feito por desgraza, creo que houbo tres ou catro mortos.

-Quen toma as decisións nunha situación coma esa?

-Penso que, ante esta gran magnitude de incendios e de queima que houbo, quen debe tomar as decisións ha de ser, dende o meu punto de vista, un goberno no que estean representados o presidente do goberno autonómico, o concelleiro de Medio Rural e, sobre todo, o de Vicepresidencia, que son os que levan todo o tema do lume e de situacións de risco e deberan ser as tres persoas máis axeitadas; así mesmo,

debérase incorporar o Delegado do Goberno porque é o que representa ao goberno no ámbito autonómico; e caso de ter que mobilizar algunha forza estatal, como poden ser o exército ou a garda civil é quen ten esa capacidade de chamamento.

-Houbo algún incendio de especial importancia na Comarca de Ordes?

-Creo recordar agora que aquí as queimas grandes producíronse na zona de Cestaños; pero en todo Ordes non chegaron ás 200 hectáreas. Dentro do que cabe, a crise non nos afectou en gran medida como si fixo noutras zonas como a ría de Vigo ou a zona de Pontevedra. Nós aquí, por sorte non sufrimos grandes queimas. O medio ambiente e os incendios están moi relacionados, e unha das cousas que temos que agradecer é que hai plantacións do medio rural, como pasa con Ordes, onde hai moita explotación agraria, que son os que verdadeiramente manteñen o medio ambiente e os que procuran que estes lumes non vaian a máis. Ter os montes limpos e as pistas en boas condicións fai que diminúa o número de incendios que podería haber si estivese abandonado o campo.

-Algúns días chegaron a superar os 300 incendios, cal cres que foi a causa

de que se concentrasen tantos nun só día?

-Os incendios son producidos pola man do home sempre. Hai un estudo da fiscalía no que se falaba de que había unha trama e discutíase se eran os madeireiros ou se era por cuestións políticas. Ao final atopámonos que madeireiros apenas foron; dos pirómanos que se detiveron, que foron moitos, non tiñan implicacións políticas, había moitos pirómanos que queimaban o monte, moitas veces, por un efecto de contaxio do que se vía nos medios de comunicación. Penso que moitos foron produto do vento, o grao de humidade e a calor, o que lle chaman os tres erres, cando o vento vén do nordés, hai menos do 30% de humidade, e máis de 30°C de temperatura. Con que se dean esas condicións, aumentan moito as posibilidades de incendios. A folla de eucalipto é un problema, cando arde, escapa e vai caer un quilómetro máis adiante onde prende lume. Moitas veces non era porque a xente estivese prendéndolle lume ó monte, boa parte dos incendios eran consecuencia desas follas que arrastra o vento. Esas condicións pódense repetir, pero agora temos a maiores unha prevención que non había antes. As lapas chegaban ás casas, chegaban á autopista, agora mesmo vense medidas de prevención,

unha autopista preto dun incendio córtase; no medio rural estanse rozando as pistas da concentración parcelaria pois serven para cortar os lumes; penso que se vai polo bo camiño, creo que se aprendeu moito dos grandes incendios que houbo aquí en Galicia.

-Ardeu o 3,81% do espazo forestal de Galicia, cómo é o proceso de repoboación do monte?

-Ao queimarse o monte, o que fan o vento e a chuvia é arrastrar esa terra queimada e que quede a pedra. O que temos que lograr, unha vez que se producen os incendios, é plantar un tipo de leguminosas, non comestibles, para que as raíces prendan e non aumente a erosión. Despois, unha vez que xa se conseguiu a vexetación nesa zona, lévase a cabo unha replantación moito máis específica, mirando as especies, sabendo onde hai que plantar cada unha delas, decidindo a distancia que ten que haber entre piñeiro e piñeiro e deixando os cortaincendios xa programados.

-Falábase do factor 30: máis de 30° C, menos do 30% de humidade e máis de 30 km/h na velocidade do vento. Foi realmente o factor 30 o responsable dos incendios ou estes

debéronse a que o monte estaban mal coidado?

-O mal coidado dos montes inflúe moito, é dicir, un monte cunha cantidade de biomasa mal coidada seca cando chega o verán. Iso facilita a extensión dos lumes, por exemplo na piñuca case se prende lume co reflexo do sol nun cristal. Aí tamén temos que insistir en que non cheguen ao monte os vidros, que non cheguen unha serie de obxectos que poidan provocar un incendio. Debemos ter un coidado medio ambiental máis serio; se temos os montes limpos, non vai haber tantos incendios.

-A mesma situación que vivimos en 2006 produciuse este ano en Australia, por qué se concentran lumes en determinado tempos e lugares?

-A temperatura, o grao de humidade e o vento inflúen moito; antes falabamos de que o eucalipto favorece moito a propagación do lume, en Australia hai moita abundancia de eucaliptos. Crese que os primeiros eucaliptos que viñeron a Galicia están en Ortegal, algúns din que viñeron de Brasil e outros, que viñeron de Australia, din que foi Frei Rosendo Salvado o primeiro en traer os eucaliptos a Galicia.

-Chegaron moitas axudas doutras comunidades e mesmo doutros países, foi suficiente esa axuda?

-Todas as axudas son boas, penso que a máis efectiva foi a do exército. O voluntariado está ben, pero eu téñolle moito medo, o lume é unha cousa moi seria, porque hai que ter coñecementos, hai que saber traballar con el. Moitas veces o voluntariado, en lugar de axudar, obstaculiza os labores e pon en perigo a súa vida. Creo que os profesionais son os máis efectivos para traballar co lume, son os que entenden, saben facer cortalumes, saben como atallalo, saben manexar as mangueriras; o voluntariado foi moi efectivo na crise do 'Prestige' pero cando se fala de lume, creo que hai que poñelo en corentena.

-Cres que se actuou correctamente?

-Ante unha catástrofe nunca se actúa correctamente. Penso que houbo fallos que logo tiveron que valorar dende a consellería de medio rural e medio ambiente, para non volver caer neles. Houbo falta de coordinación entre distintas administracións como a local, a autonómica e a estatal. Creo que puido haber un fallo concreo de coordinación; pediuse moi tarde que o exército viñese axudar a apagar o lume. Penso que os que estiveron ao pe do lume notaron

eses erros no protocolo. Quitárase a lei de prevención sobre o monte e había lugares nos que ardían as plantacións agrícolas. Iso poñía en perigo as casas. A partir dese momento sacáronse leis sobre as plantacións forestais, nas cales se concretan as distancias que se deben gardar entre as plantacións e as casas, a distancia ás estradas, as distancias entre árbores, que dependendo da especie, será unha ou outra e a distancia entre plantacións agrícolas.

-'Greenpeace' asegura que en Galicia se producen cada ano máis do 50% dos incendios de España, cres que realmente é así ou é unha esaxeración?

-Vemos nos medios de comunicación que en Cataluña ou no Levante teñen grandes incendios; creo que nos últimos anos a proporción dos galego non chega nin ao 30%.

-Morreron catro persoas e unha quedou ferida grave, que se podería facer para evitar as mortes nunha situación coma esta?

-Primeiro, teñen que ser profesionais os que desenrolen as tarefas de extinción e hai que facer caso ás indicacións que se dan. Debe saber todo o mundo que, cando hai un incendio, non podes ir co coche pola beira del, xa que corres o

risco de quedar atrapado. A xente non adoita morrer por queimaduras, senón por asfixia. Hai que ter coidado, seguir os protocolos que se establecen en caso de incendio e facerlle caso ás autoridades. Creo que influíu moito o factor medo, moita xente ve un incendio e colle o coche sen saber que ao mellor medio quilómetro máis adiante hai outro; convén ir sempre a zonas baixas, porque o lume sempre se move cara arriba. O fundamental ante un incendio é ter información, estar atentos aos medios de comunicación, sobre todo á

radio, xa que son os que lle indicarán os riscos á poboación e, ao mesmo tempo, dirán o que temos que facer.

-Máis da metade dos incendios foron declarados de nivel 1 e 2, categorías que implican risco para as vidas humanas. Quen toma esa decisión?

-Iso contémplo os protocolos, segundo sexa o lume, as temperaturas ou a humidade hai unha serie de factores que indican o grao dese incendio.

“Estanse facendo infraestruturas, que marcan un antes e un despois no Concello.”

ENTREVISTA A XESÚS PEDREIRA, CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE DE ORDES.

Por Amanda Brandariz Cao e Rocío Cores Veiras.



Cales son as liñas principais da política medio ambiental do Concello de Ordes e da súa mancomunidade?

-Cada Concello ten os seus programas e a súa maneira de resolver os problemas do medio ambiente. No de Ordes, desde o principio, había unha inquietude polo medio ambiente. Víase contaminación por todas partes. Nos ríos había restos agrícolas, os veciños que limpiaban a cisterna do purín... tamén nas paredes e

marquesinas había papeis pegados. Isto daba unha imaxe nada acolledora de Ordes. Tampouco había zonas verdes, só a alameda pero non era suficiente. No presente, estanse facendo infraestruturas, que marcan un antes e un despois no Concello. Por exemplo un parque biosaudable e, na area recreativa fluvial do río Mercurín, ata o campo da feira. Invítovos a ir ver os inicios das obras, onde tamén van montar un parque infantil e unha zona de camiñantes. Outra das ideas que teño é construír unha casiña para aves, outra zona para camiñantes detrás da casa de maiores e unir a rúa do recreo coa piscina.

--A proximidade de MEIRAMA e de SOGAMA afecta ao equilibrio ecolóxico de Ordes?

-Si, obviamente. O paso continuo dos camions, que agora desviose e tamén a chuvia aceda, que como todos sabemos afecta aos cultivos. Agora a chuvia aceda practicamente non existe, xa que, MEIRAMA deixou de queimar o “lignito pardo” e comezaron unha nova etapa, na que só queimarán gas e ulla. Outra cousa que lle afecta aos veciños próximos a MEIRAMA son os olores que desprenden. Isto tamén provocou a contaminación do río Lengüelle. Por certo, vanse repartir 100 bolsas

biodegradables compostas por bambú, algas e restos da poda das árbores.

--As empresas que contaminan, colaboran logo na rexeneración do territorio?

-As que contaminan intentan colaborar co medio ambiente. Moitas delas pagaban, cousa na que non estou dacordo, xa que a multa é moito máis barata comparado coa contaminación que provocan. Pode ser un accidente pero se o fan continuamente, despois de avisar varia veces, poden ir ao cárcere. Ultimamente SOGAMA colabora cos proxectos de medio ambiente e ata agora nunca o fixera. Quero dicir que tampouco nos compran cos cartos, só axudan e Ordes “exprime” ao máximo estas axudas.

--O orzamento para medio ambiente de onde sae e con que criterio se reparte?

-Agora estamos nunha crise e hai moi pouco presuposto. Eu son concelleiro delegado e as nosas licenzas téñoas eu, iso tampouco quere dicir que o alcalde ou outros concelleiros non interveñan. O presuposto agora é moi pequeno, entón o que fago son convenios e por outra parte intentamos producir. Estou utilizando o 80 ou 90 por cento do meu presuposto. Teño convenios con

Caixanova e tamén as subvencións de moitos técnicos. En diñeiro saco proveito de SOGAMA para o tema da compostaxe, illas verdes zonas para peóns...

--As empresas fan o esforzo de seleccionar o lixo para a súa recollida?

-Iso é unha cousa increíble. Os supermercados dedicábanse no serán a baldeirar os restos de pescado, agora están obrigados a xestionar o seu propio lixo. É dicir, o camiión que trae a mercadoría é o encargado de volver recoller o plástico e os papeis que non se utilizan. Os talleres de automoción baldeiraban o aceite usado polos vertedoiros. Os bares e as cafeterías tamén facían o mesmo. Por ese motivo, están instalados contedores de aceite usado e son recollidos os cartóns. Todo isto falando e con boa vontade.

--Que medidas pensades tomar para que a xente colabore na limpeza da natureza dos montes?

-Hai un número elevado de fincas abandonadas, polo motivo da migración do rural ao urbano. Persoalmente penso que lle deberían dar unhas axudas a esa xente por intentar ocuparse do medio rural.

O técnico medioambiental que acompañaba a Pedreira engadiu aquí que hai países, por exemplo Suiza onde lles pagan importantes axudas aos que se ocupan do rural. Continuou Pedreira:

-No leito dun río, eu mesmo puxen o gancho e saquei, sen esaxerar nada, cinco metros de plástico agrícola. Por iso agora tamén se recolle polas casas. Tamén se fixeron cento vinte pistas arredor das casas para illalas dos incendios.

En resumo, para min o máis contaminante é o material verde, incentivar as explotacións agrícolas e a recollida dos plásticos xa que provoca moita contaminación.

-- Cales son os principios axentes contaminantes das augas na comarca de Ordes?

-Os plásticos agrícolas, asunto que esta practicamente solucionado, e o lavado das cisternas do purín nos ríos.

--Credes que tantas medidas medio ambientais poderán executarse?

-Por suposto que non. Hai que ser realistas. Se conseguimos realizar o corenta por cen xa é un logro.

-Sabemos que hai un ano, máis ou menos, un vertido desde o polígono industrial matou centos de troitas do río Cabrón, ides tomar algunha decisión para evitar que se repita un desastre así?

-Si, no mes de agosto de 2008 morreron arredor de oitenta troitas xa que o polígono industrial está sen depuradora. Que isto é moi grave. Para resolver isto, fíxose un bombeo e estas augas son transportadas á rede de sumidoiros e unhas balsas de decantación que podedes visitar. Con todo isto sempre

hai que estar alerta polos accidentes. A fábrica de formigón tamén ía lavar as cubas dos camións que tamén acababa na morte de troitas. Hai pouco tempo fixemos unha analítica da calidade da auga do río Cabron e comprobouse que a calidade é moi alta.

Antes de despedirse Pedreira agradeceu aos veciños por avisaren dos problemas ou accidentes, xa que senón nunca poderían resolver toda a contaminación de Ordes.

“Cando a xente dá dous pasos cara atrás diante dun incendio, nós temos que dar tres pasos cara adiante.”

ENTREVISTA A BRUNO GARCÍA MALLO, XEFE DE BOMBEIROS DE ARZÚA.

Por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez.

-Tiveches outros traballos antes de ser bombeiro?

-Si, traballei na protección civil do Concello de Ordes durante sete ou oito anos.

-Metícheste bombeiro porque che gustaba ou porque non tiveches outra opción?

-Gustoume dende neno, foi a miña paixón dende moi pequeno e afortunadamente púideno conseguir.

-Canto tempo levas traballando como bombeiro?

-Uns catro anos.

-Como conseguiches chegar a xefe de bombeiros?

-Fun seleccionado para este posto, acumulando moitos méritos, experiencia e formación.

-É moi duro o traballo dun bombeiro?

-É máis duro do que a xente pensa, nós traballamos en quendas de vinte e catro horas. Temos moito tempo de inactividade. É un labor aburrido; a maior parte do tempo estamos reparando e revisando o material de intervención.

-Viviches algunha situación de perigo?

-Vivín moitas, cando a xente dá dous pasos cara atrás diante nun incendio, nós temos que dar tres pasos cara adiante; sempre nos atopamos ante situacións de perigo, pero estamos preparados e levamos proteccións especiais.

-Consideras que o teu traballo é de alto risco?

-Si.

-Que probabilidades de salvarse ten un bombeiro que queda atrapado nun círculo de lume?

-Depende moito da situación, un bombeiro sempre está preparado para afrontar unha situación de perigo, pero ás veces o perigo é maior que a destreza do bombeiro, e ocorren cousas que non deberían.

-Hai algunha intervención que recordes en especial?

-Acórdome de moitas, da que máis me acordo é do incendio dunha parte da Central Térmica de Meirama. Foi moi aparatoso, moi visual, moi laborioso, obrigounos a traballar moitas horas, pero non tiña un risco de especial importancia.

-Quen dá a alarma de incendio?

-Avísanos o CAE (Centro de Atención de Emerxencias 112). Normalmente o particular chama ao 112, avisa do que está ocorrendo e o 112 transmite a notificación á institución que corresponda, sexan bombeiros, protección civil...

-Canto tempo tardades, normalmente, dende que chega o aviso de incendio ata que vos poñedes en marcha?

-Depende moito da distancia, pero a nosa media está entre os doce e os catorce minutos.

-Na primeira quincena de agosto do 2006 producíronse 1.970 incendios. Como se combaten tantos incendios en tan pouco tempo?

-En Arzúa e Melide houbo moi poucos incendios pero moi grandes, esa foi a clave, sobre todo pola climatoloxía daquel verán. Combátense con esforzo e

con recursos, poñendo persoal e medios a traballar.

-Algúns días chegaron a superar os 300 incendios, quen vos organiza para combater tantos lumes nun só día?

-A coordinación dependeu da Xunta de Galicia. Cando hai unha situación de emerxencia, traballamos os bombeiros forestais, os comarcais (nós) e todos os efectivos dispoñibles coordinados pola Xunta.

-Ardeu o 3,81% do espazo forestal de Galicia, como é o proceso de repoboación do monte?

-É custoso en tempo. As institución públicas invisten o diñeiro en cousas que son máis inmediatas, por exemplo as estradas; pero a repoboación do monte é un investimento a longo prazo, ademais utilízanse especies que non son propias de aquí.

-Máis do 90% dos incendios foron provocados, que leva a unha persoa a prenderlle lume ao seu país?

-Cando unha persoa, nunha finca, prende lume ao restoballo, e logo se estende ao resto do monte, é un incendio provocado pero sen mala intención. Pode haber moitas motivacións, adoitan ser vinganzas ou problemas relacionados coa

concentración parcelaria. Moitos dos galegos fomos vítimas da cultura do lume, esa que di que o lume limpa e purifica todo. O máis habitual son os descoidos, en 2006 viña vento do nordés, o que nós chamamos ventos secantes, son ventos moi quentes e con moi pouca humidade, iso aumenta o risco de incendios.

-Falábase que a maior parte dos pirómanos actuaban debido ao cambio de goberno, algo que tamén aconteceu cando Fraga chegou ao poder, isto é unha coincidencia?

-Pode ser unha actuación por simpatía, moita xente actúa pensando que prendéndolle lume ó monte vai prexudicar o seu contrario; pode ser algún caso, pero non a maioría, eu creo que non.

-O xefe de prevención de incendios era o mesmo do goberno anterior, cres que os pirómanos actuaban porque non estaban contentos co programa de prevención dos incendios?

-Non.

-Estamos mellor preparados para afrontar unha situación coma a do 2006?

-Se a situación fora a mesma si, se a situación fora diferente, a resposta sería diferente.

-Algo que dificultou a extinción dos lumes foi a maleza do monte, está o monte o suficientemente limpo para reducir os lumes?

-Non, dende o 2006 a Xunta promulgou uns decretos nos que está establecido o estado do monte galego, de limpeza e habitabilidade.

-Falábase do factor 30 (máis de 30°C, menos do 30% de humidade e máis de 30 km/h na velocidade do vento), foi realmente o factor 30 o responsable dos incendios ou estes debéronse a que o monte estaba mal coidado?

-O factor 30 nunca provoca un incendio pero si que facilita a súa propagación e dificulta a súa extinción.

-Máis da metade dos incendios foron declarados de nivel 1 e 2, implican risco para as vidas humanas, quen toma esa decisión?

-No Plan Territorial de Galicia (PLATERGA), están establecidos uns niveis, cada un deses niveis indica cantos medios imos afrontar esa catástrofe.

-Un bombeiro actúa de forma diferente ante un incendio dese nivel 1 e 2?

-Depende, nós actuamos igual, pero cambiamos as nosas prioridades, en 2006 o máis importante era evitar que o lume chegara ás casas e evacualas o antes posible no caso de que fora necesario.

-Chegaron moitas axudas doutras comunidades e mesmo doutros países, foi suficiente esa axuda?

-Penso que a axuda foi moi necesaria; nas situacións nas que a catástrofe é maior que os recursos, como era o caso de Galicia, é moi importante que outros países axuden.

-Cres que se actuou correctamente?

-Cos medios que se tiñan, quero pensar que si; sempre se fai algo mal, iso é inevitable, pero sempre se pode sacar algunha conclusión e, o máis importante, aprender dos erros, e tratar de que non volvan ocorrer.

-Como actúa un bombeiro ante unha situación así?

-A maioría dos bombeiros entregámonos á situación, moitos que estaban fóra de servizo acudiron a axudar.

-Foron suficientes os medios que puxo a Xunta?

-Os medios sempre son insuficientes.

-Greenpeace asegura que en Galicia se producen cada ano máis do 50% dos incendios de España, cres que realmente é así ou é unha esaxeración?

-Pode ser un dato real se o único que se refire é ao número de incendios e non á superficie queimada. En Galicia prodúcense moitos incendios pero de pouca magnitude.

-Morreron catro persoas e unha resultou ferida grave, que se podería facer para evitar as mortes nunha situación coma esta?

-Estimular, como é o labor das administracións públicas, a autoprotección entre as persoas.

-A mesma situación que vivimos en 2006 estase producindo este ano en Australia, por que se concentran lumes nun lugar determinado nun tempo concreto?

-Unha boa xestión do territorio repercute na prevención deste tipo de riscos; ter uns bos camiños de monte, ter uns puntos de carga de auga, é moi importante poder chegar ao lugar do incendio o máis rápido posible; ter unhas boas comunicacións que nos permitan acceder aos focos... Respecto ao caso de Australia é un país moi despoboado, o que fai que non haxa tanta xestión do terreo; está ardendo moita maleza, non hai demasiadas árbores, as temperaturas son elevadas, teñen un clima severo e as temperaturas son moito máis altas.

SOBRE OS RÍOS MERCURÍN E LENGÜELLE.

Por Javier Prego Pulleiro e Jacobo Vieites Sánchez.

O pasado mes de outubro de 2008, Montserrat Rei, en representación de ADEGA informaba da intención de



denunciar o Concello de Ordes ao SEPRONA pola tala indiscriminada de árbores no beiral do río Mercurín. O edil do BNG de Ordes, Ramiro Recouso, acusou á institución de ser a única responsábel da tala de árbores do río Mercurín e das edificacións que se estaban a facer ao lado deste.

O Concello ordense respondeu alegando que a tala fora autorizada pola Consellería de Medio Rural, que non notificara o permiso, e acusou a ADEGA de manipular as informacións sobre a corta do río Mercurín. O goberno de Ordes emprendeu accións legais contra a presidenta de ADEGA no municipio, Montserrat Rei, e contra o portavoz do BNG, Ramiro Recouso.

No pasado mes de novembro no xulgado de primeira instancia de Ordes celebrouse un acto de conciliación con Gonzalo Castro e Ramiro Recouso, edís do BNG, polas afirmacións dos dous concelleiros sobre a tala de árbores. Ademais, o BNG acusou ao goberno local de ralentizar o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Ao acto deberían asistir ambas partes: o grupo de goberno ía pedirlle aos edís nacionalistas que concretasen as súas acusacións ou, en caso contrario, que recoñeceran que tales afirmacións eran

falsas. Na conciliación xudicial o BNG sinalou que as súas afirmacións sobre o uso partidista do Plan Xeral se referían ao ámbito e ao debate político, con todo, non houbo conciliación formal

En xaneiro deste ano, o BNG de Ordes volveu facer presión sobre o goberno local, xa que pediu explicacións respecto as verteduras de SOGAMA no río Mercurín para o pleno do 2 de febreiro. O goberno local aceptou a proposta do BNG de falar nese pleno sobre os vertidos de SOGAMA ao río Lengüelle, polo que o BNG de Ordes tamén pedia explicacións logo da aparición dunhas tres mil troitas mortas nese río. Máis tarde ADEGA animou aos Concellos afectados polo río Lengüelle a presentarse na causa xudicial. A presidenta comarcal de ADEGA esperaba que Concellos como Tordoia e Cerceda seguisen os pasos de Ordes e se presentasen na causa.

Nos últimos meses houbo boas novas para o río Mercurín e o Concello de Ordes que recibiron unha cifra aproximada de dous millóns de euros para saneamento e acondicionamento deste río procedentes da Xunta de Galicia.

IX. Deporte e lecer.

“Doeume bastante a luxación acromio-clavicular.”

ENTREVISTA A IVÁN RAÑA, CICLISTA.

Por Leticia García Fraga e Paula Fraga Vázquez.



Aínda que Iván é o noso veciño, anda tan lonxe que tivemos que facerlle a entrevista por teléfono. Foi unha complicación, pero pagou a pena falar con el.

-A que anos comezaches a practicar o triatlón?

Aos quince anos aproximadamente.

-Antes diso, a que te dedicabas?

Dedicábame sobre todo á natación, en Santiago.

-Cantas horas ocupas diariamente no teu adestramento?

Agora estou traballando entre catro e cinco horas, pero anteriormente, cando me dedicaba ao triatlón, tiña que adestrar unhas seis ou sete horas diarias.

-Por que decidiches pasarte de súpeto ao ciclismo profesional?

Porque era un soño que mantiña desde a infancia e agora que se me presentou esta oportunidade para realizalo, non a deixei pasar, aproveiteina.

-Déixache tempo libre o deporte para a túa vida privada?

Si, só que agora todo xira en torno ao deporte. De todos modos, procuro facer tempo para gozar da miña vida persoal.

-Empezar no ciclismo profesional dende cero supón algún tipo de problema?

Non, non hai ningún problema. En realidade só é cuestión de adaptarse, de tempo.

-Ata onde che gustaría chegar con este deporte?

O meu soño é gañar unha volta a España ou algunha carreira dun nivel semellante pero é algo que supón moito esforzo e non é nada doado.

-Gustaríache acudir aos xogos Olímpicos de 2012 en Londres?

Si, de feito teño pensado acudir aínda que outra vez na modalidade do triatlón.

-Cal foi a túa reacción ao caer no circuíto urbano de Mallorca?

Foi algo duro, doeume bastante a luxación acromio-clavicular pero así que pasaron uns cinco días, xa puider volver adestrar de novo.

-Se por casualidade no ciclismo non che vai ben, volverías ao triatlón ou dedicaríaste a outra cousa?

Espero que iso nunca pase, pero se pasa, creo que decidiría practicar de novo o triatlón.

-Cando te retires das competicións, a que tes pensado dedicar o tempo?

Gustaríame ser adestrador ou desempeñar algunha profesión que teña relación co deporte.

-Temos entendido que noutro tempo practicaches rally.

Era algo que me encantaba, de feito aínda estou tolo polo rally. Incluso participei nalgunha competición, por exemplo no Botafumeiro.

“Só era para quitalo dos malos vicios que hai na rúa. E que estivese nun ambiente bo. Así xorden as cousas.”

ENTREVISTA A LINA FUENTES NOYA, A NAI DE IVÁN RAÑA.

Por Paula Fraga Vázquez.

-Cando Iván era pequeno, sentía algo polo deporte?

-Si, xa lle gustaba moitísimo.

-Cal era o seu deporte favorito?

-Gustáballe moitísimo todo, os patíns, o monopatín, a bicicleta. Gustáballe correr, a natación encantáballe. Agora quizais sexa o que máis lle aburre. Gústalle pero acaba aburrindo.

-A que idade decidiu empezar a facer deporte?

-Tería oito anos ou así en plan competicións cos da súa categoría.

-Apoiástelo desde o principio co do deporte?

-Si, xa lle gustaba a el moitísimo.

-E pensastes algunha vez que ía chegar tan arriba?

-Ao principio non, só era para quitalo dos malos vicios que hai na rúa. E que

estivese nun ambiente bo. Así xorden as cousas.

-Sei que antes de comezar co triatlón foi a unha piscina a Santiago. Foi decisión túa ou doutra persoa?

-Iso díxollo unha monitora de aquí de Ordes que o mandara a Santiago ou á Coruña. Metérono en Santiago porque era máis cerca.

-Cando trouxo o primeiro trofeo como reaccionaches?

-Reaccionei moi ben, de feito foi na piscina de aquí de Ordes. Era moi pequeno, tería cinco anos ou así. Estaban cos cursiños e facíanlles competicións ao final de todo. O última día gañou el, e a min aínda me daba medo velo no fondo da piscina, nunca o vira facendo un largo.

-Cando lle dedicaron a piscina e mais o paseo, como reaccionaches?

-Esa é unha emoción moi grande. Se llo dedican a outra persoa aínda che gusta, pero ao ver que é o teu fillo, emocionáste aínda moito máis.

-Cando a xente fala del en Ordes que lle parece?

-Aquí en Ordes non sinto falar moito. Algunha xente fala ben o outra fala mal. Pero cando sae de Galicia é como se

levara un cartel no lombo; todo o mundo o coñece, tanto a el como á familia. Resultou moi emocionante cando gañou as primeiras olimpíadas. Todo o mundo falaba del e agora xa non porque xa dan por feito que o faga sempre ben e que gañe.

“Fíxose un campo de herba artificial que en Galicia non hai ningún coma o noso.”

SOBRE A CIDADE DEPORTIVA DE ORDES. ENTREVISTA A JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA, CONCELLEIRO DE DEPORTES.

Por Gonzalo Castro Visos e Sergio Souto Raña.



-Como comezou a idea de construír una cidade deportiva?

-Era unha idea que tiñamos na cabeza todo o grupo de persoas que entramos no goberno. Había que cambiar algo e isto realmente facía falta.

-Cantos metros cadrados de terreo fixeron falla para construír a cidade deportiva?

-Non lembro o número exacto de metros cadrados, pero aparte dos que se compraron, aínda queremos adquirir uns poucos máis para levar a cabo todo o que queremos facer alí.

-Canto diñeiro se investiu para esta cidade deportiva?

-De momento no único que se investiu foi no campo de fútbol de herba artificial e en comprar terreos. A cantidade é pequena mirando o que fai falla. Todos os cartos necesarios saberanse con exactitude segundo se vaian construíndo as instalacións.

-Como se conseguiu tanto diñeiro para isto?

-O diñeiro estase conseguindo a base de subvencións externas e de cartos do Concello.

-Esta satisfeito pola axuda económica recibida dende o goberno central?

-Si. Dende o goberno central a verdade é que nos deron unha axuda moi boa para o campo de herba artificial e esperamos que tamén nos axuden co que nos queda por facer.

-Con que instalacións contará a cidade deportiva cando estea rematada?

-De momento está, como dicía antes, o campo de herba artificial. Queremos facer unha pista de atletismo que dentro vai albergar outro campo de herba. E máis adiante temos pensado poñer unhas pistas de tenis ou mellor unhas canchas polideportivas descubertas.

-Dentro da cidade deportiva sabemos que vai haber un local social. Con que instalacións contará?

-Temos un proxecto que contempla varias cousas aínda que non todas estean xa decididas. Queríamos montar un ximnasio, un espazo para manter reunións cos clubs que realizan alí deporte, tanto de atletismo, como de fútbol, como de outras cousas. Aparte, os vestiarios e todo o resto que consigo leva.

-Que dimensións ten o campo de herba artificial?

-Cento cinco por sesenta e cinco metros.

-Está satisfeito co traballo que se fixo ata agora na cidade deportiva?

-Si, eu creo que si. Ata agora fíxose un campo de herba artificial que en Galicia non hai ningún coma o noso e tanto é así que todos os equipos que veñen xogar, quedan asombrados do céspede que ten.

-A idea de construír unhas pistas de atletismo e polideportivas ocorréuselles por iniciativa propia ou por unha petición dos veciños?

-Non, iso xa era unha cousa que tiñamos metida na cabeza. Ordes necesitaba ter unhas pistas de atletismo e non me refiro só a correr, xa sabedes que o atletismo abarca moitas disciplinas, e a nós parecíanos que aquí non había instalacións onde practicar moitas delas.

-Para cando estará rematada a cidade deportiva?

-Pois data fixa de remate non temos. Esperemos que poidamos concluíla o antes posible porque iso será moito mellor pra todos, para nós e para os rapaces que así poderán xogar alí.

-Teñen pensado crear algún equipo de atletismo para o uso das pistas que se van construír?

-Si, esperemos que, ao que teñamos as instalacións preparadas, poidamos facer unhas escolas deportivas e a partir delas, un club de atletismo que me

parece que en Ordes é necesario e, ademais, Ordes o atletismo víveo.

-Como ve vostede o Ordes esta tempada?

-Ben, o Ordes esta tempada está algo renqueante. A ver, esperemos que haxa sorte e que poidamos saír dese baixón no que nos atopamos.

-Que opina sobre a escola deportiva do Ordes?

-Penso que este ano a escola apostou por un cambio de ideas e a min paréceme que co tempo vai dar resultado porque a todas as escolas lles fai falta unha traxectoria, xa que no primeiro ano nunca dan resultados pero co tempo van traballar ben.

-Coida que a creación dunha cidade deportiva mellorará en xeral o rendemento dos xogadores do Ordes?

-Paréceme que todo axuda, todo o que sexa ter boas instalacións porque podes adestrar mellor. A xente pódese preparar ben fisicamente no ximnasio. Eu creo que vai axudar moito a todo e a todos.

“Témoslle moito cariño ao Supermartes, acabamos con el, fomos ao final.”

ENTREVISTA A XOSÉ ANTONIO TOURIÑÁN E MARCOS PEREIRO, HUMORISTAS.

Por Eva Fernández Veiras.



Estes dous grandes humoristas máis coñecidos como “Mucha e Nucha” están gañando máis éxito aos poucos. Podemos recoñecelos noutras series como “Air Galicia” ou “Padre Casares”.

Os humoristas galegos Xosé Antonio Touriñán e Marcos Pereiro acolléronme no seu local para poder realizarlles a entrevista. Era un martes chuvioso, tiñan o local pechado e comezamos a entrevista. Aos poucos minutos descubrín nestas dúas persoas un gran sentido do humor e que foron quen de inspirarme unha gran confianza. Agora mesmo coñécense moitísimo máis por Mucha e Nucha algo ante o que non é

allea a falta de humoristas femininas. Admiten que se senten a gusto no “Luar” e que cren que o da subida de audiencia poden ser tamén grazas a eles. Nunca pensaron na súa separación, se chega, coidan que acollerían a outra persoa para levarse mellor facendo un trío. Teñen algunhas ideas sobre facer un programa de humor semanal, pero non queren aburrir a xente: “Pode aburrir Gayoso? Leva aí dezaioito anos e hai xente que di “Uf non o aguanto!” pero pono todos os venres para velo”, di Xosé Antonio o máis alto dos humoristas. Recordan o Supermartes como algo anecdótico pero tamén como un bo recordo xa que foi a primeira vez que saíron “As Cantareiras” na televisión. Seguirán facendo humor moito tempo aínda que sexa de maneiras diferentes.

-Nótase a escaseza feminina no mundo do humor?

Marcos- Si (rin).

Xosé Antonio- Si, supoño que o nota o público cando ve a tele, iso que hai mulleres humoristas moi boas, nós temos compañeiras estupendas. A que traballa con Marcos en “Air Galicia” por exemplo, Isabel, é unha fenómeno. Pero si, somos máis os homes.

M- E non sei ben tampouco o motivo.

X- Non sei, foi así sempre.

M- E aparte aquí en España e no mundo non hai tantas mulleres facendo humor.

X- De toda a vida no circo os pallasos foron sempre homes. Eu que sei... ao mellor había esa cousa cultural de que a muller non podía facer o ridículo, como outras moitas cousas que estaban mal vistas nas mulleres. No mundo do humor eu creo que tamén había algo diso. Agora por sorte xa non é así, claro que aínda seguen sendo menos.

M- Pero o porque si que non o sei. Casualidade seguramente.

-Recoñécenvos máis por Mucha e Nucha ou como personaxes de series de televisión?

M- Agora mesmo por Mucha e Nucha, aínda que recordan outras cousas.

X- Si, a min por exemplo non me coñecen moito, a Marcos, máis. Se vou con el si me coñecen, pero senón, paso bastante desapercibido. Igual máis por Mucha e Nucha. Ao primeiro si, despois tamén te recordan de “Padre Casares”

ou de “Air Galicia” pero primeiro por Mucha e Nucha.

-Pensades que poderíades aspirar a outras cousas ou que o Luar comeza a quedarvos pequeno?

M- Si (rin).

X- Pequeno non porque é moi grande pero aspirar a outras cousas, sempre.

M- Claro, sempre.

X- Nesta profesión hai que estar facendo cousas distintas pero constantemente.

M- Para non aburrirte ti nin aos demais.

-A aparición na televisión aumentou a clientela no voso bar?

X- Boa pregunta.

M- Pois si, seguramente que si.

X- Eu creo que tamén, non moito porque estamos en crise pero si. Sempre vén xente a osmar a ver se estás ou a ver como es.

-Din que a subida de audiencia do Luar é grazas a vos. Que opinades sobre isto?

M- Pois que é verdade.

X- Si é verdade, porque cada vez teñennos máis tempo alí na pantalla é iso na televisión sempre é por interese. Todo se fai por algo, no son casualidades.

M- En teoría íamos para cinco minutos e agora estamos corenta, por algo será non así por así.

-Imaxinabades que íades colleitar tanto éxito?

M- Creo que nunca o pensas tampouco pero...

X- Creo que non. Home sabiamos que as cantareiras gustaban, nós levabamos un lote de tempo facendo monólogos por bares, quero dicir nese estilo de monologo de bar e xa sabiamos que a xente nas tabernas e nos bares rían. Sabes? Antes de ir ao Luar estivemos no orellas en Ordes, fixate!

-O humor en galego pode convidar aos galegos que falan castelán a que se pasen ao galego?

M- Pode ser.

X- Eu creo que si. Nóvalo en moita xente cando intenta falar contigo que é castelanfalante e intentan falar galego. E ao mellor sabes que esa xente nunca falaría galego e polo menos con nós si fan o esforzo. Así que se vale para que un pouquiño un o intente... e eu creo que si. E non quita que cando está de moda o humor, e fas “coñas”, e tes frases e maneiras de falar pode suceder que un castelanfalante te vexa, lle guste e intente facer as “gracias” como as fas ti.

-Os Tonechos comezaron como vós. É posible que sexades o seu relevo?

M- É posible, eles son dous, nós somos dous.

X- Somos mulleres, non homes, e polo relevo como parella, e tamén polo resultado, polo éxito, porque a xente lle gustaba. Tamén subiu a audiencia cando estaban os Tonechos e hai moitas cousas que son parecidas, é humor en galego, tamén niso nos parecemos.

M- Somos mais guapos nós (rin).

-Os dúos non sempre son eternos. Tendes falado sobre como enfrontariades a vosa separación o día que chegue?

M- Non.

X- Se o temos falado? Non. Pero é mellor falalo cando te levas ben e arranxalo. É como cando te divorcias, podes arranxalo. Pero non temos pensado iso. Levamos tempo xuntos pero non pensas iso tampouco. Cando chegue, se chega algún día, en vez de separarte, colles a outro e así podes facer un trío para levarnos mellor.

M- É que somos amigos de sempre.

X- Nunca o pensamos. É que tamén traballamos por separado e iso axuda a non cansarte, polo menos a min, ás veces canso del, pero é coma todo. Ti non te cansas nunca de aguantar a túa

nai cando está na casa? Pero non marchas da casa.

M- Coidado iso non o graves!!

X- Iso pasa en todas as parellas, ás veces quéreste moito e algunhas veces lévaste mal. Non hai problema polo de agora. Iso non quita que me enfade eu agora!

-Os vosos personaxes caracterízanse por unha mestura da inocencia dun neno, das arroutadas adolescentes e de expresións cheas de sabedoría dos vellos. Facédelo a propósito para mover a identificación dos públicos de distintas idades?

M- “Jova”!

X- Que definición! Sempre nos preguntan como nos definiríamos e iso é unha definición estupenda.

M- Pareceume marabilloso iso. Xa está contestada, está ben.

X- Respóndelo ti na pregunta e a verdade é iso, dicimos moitas cousas que lles escoitamos aos maiores, Mucha é máis inocente que Nucha, é como un cativo pequeno.

Aprendemos facendo o pallaso e o pallaso é como un neno pequeno que pode facer calquera cousa ou dicir calquera animalada que non o fai por mal. Nucha é tan parviña que di cousas que non se lle ocorrería dicir a ninguén. É verdade, fas unha descrición perfecta,

pódesnola deixar apuntada para cando nos pregunten?

-Seriades quen de facer un programa de humor?

M- Si, ideas temos para facelo. Como non depende de nós.

X- Depende de nós e de moita máis xente e estamos esperando a que nos pase.

-Temedes chegar a aburrir a xente?

X- Non tes medo pero pode pasar.

M- Pode pasar.

X- Aburrir non creo, que a xente se canse ou crea que chega o momento no que din “uf, outra vez o mesmo.”

M- Pero facemos outra cousas porque tes que ter iso sempre na cabeza tamén.

X- Tamén agora as cantareiras teñen moito éxito. Con iso podes chegar a aburrir e temos outros personaxes, outros espectáculos, os dous xuntos. Penso que por aí á xente lle gustara. Poden chegar a cansar os Tonechos? Supoño, botaron seis anos e habería xente que diría “uf xa cansa” pero había moita xente que os vía. Pode chegar a cansar Gayoso? Leva dezaioito anos aí, hai xente que di “uf, non o aguanto!” e pono todos os venres para velo.

-Cando lembrades o Supermartes tomádelo ben ou preferides non lembralo?

M- Eu téñolle moito cariño ao Supermartes.

X- Acabamos con el. Fomos ao final. Moi ben. Foi a primeira vez que saíron as cantareiras na televisión e gardamos moi bo recordo.

X- Si, si. Piñeiro. Levámonos moi ben con el. Tiña iso do Luar, que din “eu non o vexo pero miña nai veo moitísimo”.

M- “Non, eu vexo a película da dúas”.

X- Estamos moi contentos do que fixemos, con quen o fixemos e coa xente coa que traballamos.

-O que facedes é improvisar ou preparades un guión?

M- Preparamos un guión e despois improvisamos.

X- Primeiro hai unha base dun guión. Todas as semanas enviamos un guión ao Luar onde vai todo escrito, só que despois improvisas alí.

M- Ti cóntalo á túa maneira como o farían elas. Escribimos o guión en normativo e despois... Escríbelo porque

hai cousas que non se poden dicir, escríbelo como unha mensaxe de móbil como o entenderías pero telo que escribir ben aínda que á túa maneira. Ti les os guións e non fan nin “gracia”.

X- Seguro que poucos farán “gracia”, a “gracia” tes que dállela ti aos personaxes.

-Seriades capaces de mostrarlle ao resto de España que os galegos temos bo humor?

M- Home claro.

X- Eu penso que si.


M- Aparte terían moito que aprender.

X- Hai cousas que farían chiste en calquera parte do mundo. Un sketch sen falar con Roberto.

M- De feito está en inglés, está dobrado en inglés. En galego e en inglés.

X- E en castelán tamén. Galego, castelán e inglés. Perfecto para Feijoo que dixo que ía ser un país trilingüe.

M- “¡Bien!”



“Non pensamos en ampliar a pista porque esta xa é o suficientemente grande.”

ENTREVISTA A XOSÉ MANUEL ORGUEIRA RODRÍGUEZ, EMPRESARIO DE KARTING EN ORDES.

Por Guillermo Calviño e Matías Quintas.

Xosé Manuel Orgueira Rodríguez naceu en Queixas (Cerceda) o 1 de xaneiro de 1970. Traballou nunha empresa de dragados e construcións antes de dedicarse ao seu actual negocio de karting.

Esta entrevista foi realizada a Xosé Manuel Orgueira Rodríguez, propietario “Karting Ordes” situado no polígono do noso concello. Este home concedeunos con grande amabilidade a entrevista, que foi moi rápida, aínda que tivemos que esperar un certo tempo a que viñera para poder comezala. A entrevista realizouse no bar da súa propiedade e nela tocamos unha gran variedade de temas como a actual crise o outros intimamente relacionados coa súa

empresa, como era natural ao entrevistar o xefe do “Karting Ordes”. Un home de poucas palabras como se podería comprobar.

-Co tema da crise, deixou de vir xente?

-Non, sígome mantendo coma sempre, non subín pero non baixei.

-Aínda seguen vindo escolares aos cursos de educación viaria?

-Si, pero non moi seguidos.

-Tendes pensado chegar a cubrir algún día toda a pista?

-Non, ímola deixar así, porque se ve coa luz do día.

-Tivestes moita xente esta Semana Santa ou foi coma as outras?

-Tivemos moita xente.

-Tendes pensado poñer algún kart máis en funcionamento?

- Non, chégannos os que temos.



-Axúdavos o bar para atraer clientes?

-Si, grazas a el é por onde conseguimos máis clientes.

-Cambiaron as normas para andar nos karts?

-Non, seguen sendo as mesmas.

-Vostede é un bo piloto de karts?

-Así así, metade metade.

-Participaches algunha vez nun campionato de karts? Se participaches gañaches algún trofeo?

-Si, foi moi divertido e, ao final, gañar foi máis. Si, gañei uns cantos.

-Teñen pensado facer algún campionato nesta pista?

-Si, pero aínda non sabemos cando.

-Foi moi difícil gravar os vídeo clip dos grupos musicais?

-Si, porque ao principio non sabían andar ben.

-Gravarán máis vídeo clips musicais?

-Non sei.

-A gasolina para os karts, a obtedes da gasoleira máis próxima?

-Si, como está ao lado, aforramos máis.

-Contades cun autobús, é da vosa propiedade? Para que o utilizades ademais de para facer publicidade?

-Si, é noso e utilizámolo para as clases de educación viaria.

-Poñen publicidade do karting nalgún sitio ademais do autobús?

-Si, nalgún medio de comunicación.

-Para amañar os karts, teñen unha persoa ou levádelos a algún taller?

-Temos unha persoa que os prepara.

-Algún día, estiveron tódolos karts en funcionamento á vez?

-Non, sería moi complicado.

-Pensastes en ampliar a pista ou aínda non o tendes nos vosos plans?

-Non, esta xa é o suficientemente grande.



**-Fixeron festas para: vodas, aniversarios?
primeiras, comuñóns ou -Si, unhas poucas.**

ENQUISA AOS SOCIOS DO REAL AERO CLUB.

Por Daniel Rodríguez Calvo e Gabriel Villaverde Cao.

O traslado dos terreos que posúe o Real Aero Club preto do aeroporto de Lavacolla ás novas instalacións de Bando é un tema polémico e leva bastantes atrasos por non poñerse de acordo o Real Aero Club e AENA. O Real Aero Club leva funcionando moito tempo e agora algúns pensan que non é bo realizar o traslado, pero é inevitable porque o goberno obriga ao Real Aero Club a facer eses cambios para a construción dunha nova terminal do aeroporto. Por este motivo fixemos esta enquisa a algúns membros e socios do club para saber a súa opinión. Tamén preguntamos nesta enquisa se os socios están ben informados da situación e mais se saben algo dos novas instalacións.

Como vai o acordo entre o Real Aero Club e o aeroporto de Lavacolla?

O 90% dos enquisados dixeron que ía mal, e o 10% que podería ir a mellor.

Estavos custando moito todo isto do traslado?

Case todos dixeron que si porque hai que asistir a moitas reunións.

Ides aumentar as instalacións deportivas, aparte do campo de golf?

Algúns dixeron que querían pistas novas de tenis e de padle e outros pensan que as actuais están bastante ben.

Respecto ao campo de golf. Faredes algún torneo ou festa de inauguración cando estea listo?

Posiblemente fagan algún torneo pero terán que falar coa Federación Nacional de Golf.

As novas instalacións en Bando terán maior accesibilidade que as antigas instalacións?

Ao mellor non serán tan accesibles como as antigas porque as que se encontran en Lavacolla agora están moi ben situadas.

Cren que o Aero Club poderá perder algúns dos seus socios despois do traslado?


Os socios pensan que ao contrario, o Aero Club podería gañar máis socios porque o novo campo de golf estará modernizado e mellor logrado có antigo.

Están contentos ou desgustados polo traslado do Aero Club?

O club é moi antigo e o campo de golf está moi ben; é algo triste que o desfagan todo pero non viñan mal unhas novas instalacións para así mellorar os nosos golfistas e para animar a xente a que veña a xogar ao noso campo de golf.

A maquinaria que realizará as obras pode molestar aos golfistas?

Nós xogamos ao golf e, de



momento, mentres non empecen a traballar, non podemos sabelo. Pero ao mellor o ruído das escavadoras poden desconcentrarnos.

As obras empezaran despois de que o novo campo de golf estea terminado ou xa poderán empezar agora?

O señor Cuevas e a xunta directiva están aínda por chegar a un acordo. Pero escoitamos rumores de que construírían antes o novo campo de golf.

Credes que hai problemas coa asemblea de socios?

Algúns dos socios non están de acordo pero a maioría si que o está. Aínda que sempre temos piques entre nós.

Credes que as obras deberon empezar antes?

Mellor sería que xa empezaran o antes posible para poder gozar do novo campo de golf.

É bo para vós que a Federación de golf vos axude neste proxecto?

Tódolos enquisados dixeron que é moi boa axuda.

X. A caza. Por Manuel Rivas Fariñas.

“Foi un bo ano de cría en todas as especies.”

ENTREVISTA A JOSÉ MANUEL RIVAS GÓMEZ, CAZADOR.

Manuel leva toda a vida en contacto coa caza, de feito cando obtivo a licenza, hai xa vinte e cinco anos, nin se precisaba facer exame; abondaba cun certificado de penais que asegurase que non tiña cometido ningún delito e con pasar o recoñecemento médico. É un deses cazadores que está de acordo coa normativa pois considera que garante a información sobre pezas e períodos.

- De onde lle vén a afección da caza?

-Vénme de meu pai, el tamén foi cazador e de ver como os animais de caza pacían ao cerrado da noite ou pola mañá cedo. Toda a vida convivín con cans de caza, algúns deles foron moi bos.

- Para vostede cal é o perfil dun bo cazador?

-Un home vello, tranquilo, cunha escopeta antiga e que só leva dous cans con el. Debe ser así pola súa experiencia, porque leva moitos anos en contacto co mundo da caza e coñece moi ben o monte no que a practica.

- Considérase un bo cazador?

-Si, porque a caza non só é capturar as pezas, sobre todo consiste en respectala nos seus tempos de cría e eu sempre o fixen.

- Que é para vostede a caza?

-Por enriba de todo, un deporte, en especial polo exercicio físico que se realiza e pola tranquilidade que ofrece a natureza.

- Que pensa que ocorrería se non se cazasen animais?

-Penso que, en bastantes casos, ocasionarían unha praga para moitos cultivos. Por exemplo, os coellos, se non se cazasen, comerían as hortas das casas.

- Vostede vai á caza menor ou á caza maior?

-A min sempre me gustou a caza pequena, nesta zona é a que máis abunda, aínda que, de vez en cando, vou coa cuadrilla á maior. Pese a que nos

últimos anos aumentou, hai menos que na menor.

- Por que pensa que aumentou a caza maior?

-Porque medio ambiente botou no monte moitas especies que estaban desaparecidas, por exemplo o xabaril e a cabra, e porque os animais de caza maior deféndense mellor dos depredadores e furtivos.

- Que pezas lle gusta abater na caza menor?

Practicamente todo, coello, lebre e perdiz, son os que máis temos no noso coto.

- É imprescindible para vostede coller algún animal todos os días da caza?

Non, para min é máis importante velos, poderlles tirar e que os cans vaian detrás deles, aínda que me gusta colgar unha peza, como a todos.

- Cales son os factores principais para un bo día de caza?

Para un bo día de caza é imprescindible que no monte exista un importante número de pezas, a climatoloxía é outro factor moi importante, ten que ser un día frío e de xeadas para que se manteña o olor no rastro dos animais e lle sexa máis doado de seguir aos cans, tamén

uns bos cans adestrados e que a puntería non falle.

- Que opina da nova temporada de caza?

Esta comezou con moita ilusión, xa que foi un bo ano de cría en todas as especies, de feito en Ordes houbo bastante capturas na caza maior, sobre todo de corzo e xabaril, e na caza menor estase vendo bastante coello, lebre, raposo, algún bando de perdices e faisán que se soltou nos dous últimos anos. Estas expectativas permitiron que no coto de Barbeiros poidamos cazar domingos e festivos ademais das batidas que nos autorizaron, cousa que nestes últimos anos non se puidera facer.

-Existe algún período de tempo para cazar unha ou outra especie?

Si, por suposto, na caza menor permitíronnos cazar dende o 19 de outubro ata o 28 de decembro de 2008, excepto a lebre, que só se poderá cazar ata o 7 de decembro. Na caza maior tivemos dende o 31 de agosto ata o 18 de outubro para o corzo macho, e dende o 28 de setembro ata o 20 de outubro para as femias, e no xabaril sábados e domingos durante todo o período de caza.

- Existe algún máximo de pezas a abater?

Na menor, polo menos neste coto, non, pero na maior temos un máximo que nos autoriza Medio Ambiente. Este ano incrementouse a 15 o número de corzos machos e 5 as femias, para o xabaryl 10 pezas para macho ou femia e só podemos abater unha peza por cuadrilla e día. O responsable de controlar estes datos é o garda do coto. A cada peza abatida, avísase o garda e ponlle unha etiqueta coa numeración correspondente e cobre uns documentos nos que ten que constar o número da peza abatida, se é macho ou femia, a raza do animal e o número e nome dos cazadores que participaron na batida previamente autorizada por Medio Ambiente.

- A batida do corzo xa rematou, cumpriuse o máximo de capturas?

-Si, tivemos que parar dous días antes.

- En canto ao xabaryl, pensa que será un bo ano?

-Penso que se cazarán ben deles, pero vai quedar moito. O xabaryl é un animal moi listo e eu creo que é moi difícil de cazar, sábese agochar moi ben, sobre todo na montaña.

- Que factores se teñen que dar para que a cuadrilla poida saír a unha batida?

-Ten que haber entre dez e quince cazadores, ten que estar o día claro, sen néboa e todos os membros da cuadrilla teñen que levar chalecos reflectantes, cans identificados e balas axeitadas.

-De que forma vos distribuídes polo monte cando ides en cuadrillas?

-Normalmente collemos unha parcela de monte e colocámonos un cazador en cada lado dos camiños parcelarios, sempre o máis separados posible e nunca un cazador fronte a outro, sabendo onde está cada quen e sen moverse nunca do sitio, excepto cando o xefe de cuadrilla o ordene, polo evidente perigo das balas e o risco ao que se expón quen dispara sen saber onde están os compañeiros. Aínda que con esta distribución o risco diminúe, non desaparece, posto que as balas pódense desviar da súa traxectoria.

- Como distribuídes os cans pola parcela de monte no que ides cazar?

-Unha soa persoa, cos seus respectivos cans, bordeando praderías e silveiras, intentando controlar os cans para que non marchen desa zona de monte. Todos os cazadores dispoñemos dunha emisora de telecomunicacións para

saber en que lugar se atopa o compañeiro.

- É sempre a mesma persoa a que guía os cans?

-Non, ímonos alternando, un día uns e un día outros, xa que a todos nos gusta presumir dos nosos cans, aínda que sempre hai alguén que queda mal.

- Cantos cans adoita levar?

-Vounos variando, o día que me toca levalos a min, pola mañá meto tres e pola tarde os outros tres.

- En canto a caza menor, como foron os primeiros días da nova temporada?

-De poucas capturas. Por culpa da climatoloxía, esta comezou con tempo moi soleado e o terreo estaba seco, isto dificulta que os cans sigan o rastro, pero eu penso que o que máis dificultou a captura foi que moitos cazadores saíron con moitas ganas, quizais con demasiadas, e fallaron moitos tiros; apúranse moito a tirar e non lles dá tempo a apuntar ben.

- Para vostede, cal é o futuro da caza menor?

Eu penso que é un futuro un pouco dubidoso. Estase a producir unha importante explotación do monte para conseguir madeira, a forma de traballar os terreos inflúe moito, pero eu penso que o que é máis grave é o abuso de insecticidas e herbicidas que se botan nas leiras.

- En que medida afecta o lume ao mundo da caza?

Moitos animais morren abrasados e o monte queimado tarda moito en recuperarse.

- Hai máis factores que inflúan na cría da caza menor?

Si, en moitos lugares fixéronse repoboacións con animais de criadeiro e non se adaptaron ben ao monte, isto provocou a morte de moitos deles.

- Pensa que existe algunha solución?

Si. Que nos deixaran traballar os nosos montes e leiras sen limitacións podendo poñer plantacións autóctonas onde se poidan agachar e defender os animais e que non nos queimaran o monte.

REPORTAXE. A CAZA.

HISTORIA, ESPECIES EN PERIGO OU EXTINGUIDAS, TIPOS DE CAZA, TIPOS DE ARMAS, ACCIDENTES, MEDIDAS DE SEGURIDADE E INIMIGOS.

HISTORIA

De cazado a cazador

Nun principio, os nosos antepasados prehistóricos baseaban a súa alimentación na recolección de plantas e froitos silvestres, isto convertíaos en presas potenciais para os depredadores, pero a situación mudou cando o ser humano dominou o lume e fabricou armas para defenderse, que posteriormente empregaría para cazar. Xa non eran os animais os que nos cazaban, senón nós a eles, por iso se di que o home pasou de cazado a cazador. Empregaban armas de puño e brazo (machada de pedra, mazas de ósos e lanzas de madeira) e de proxección (arco e frechas), coas que capturaban animais como visóns, leóns, osos, cervos, lobos, etcétera.

Concepto de caza deportiva

Lonxe da Prehistoria, na etapa que se coñece como Protohistoria (II milenio a. C.- 700 a. C.) aparece a idea da caza como deporte. Os homes desa época empregaban a caza como unha forma de desenvolver as armas, adestrar os cans e os cabalos e unha maneira de

prepararse para a guerra. Foi nesta época cando xurdiron as primeiras restricións para a caza, baseadas en argumentos ecolóxicos e éticos e amparadas por unha orde xurídica e social.

A Península Ibérica, un paraíso cinexético

Na Antigüidade a Península Ibérica era un territorio pouco poboado e ofrecía unhas boas condicións medio ambientais, isto facía da Península Ibérica un paraíso para a práctica da caza maior, xa que, ademais dos animais que habitan na Península actualmente, convivían hienas, chacais, leóns e monos entre outros.

As dúas técnicas de caza máis empregadas na Antigüidade polo home ibérico eran a batida e a da espera: observar e agardar a presa. Tamén nesta época seleccionáronse os cans de caza, na caza maior distinguíronse os cans de rastro, levantaban e seguían os rastros; os de persecución, para perseguir as presas e os de agarre, suxeitaban as pezas cas súas fortes mandíbulas. Na

caza menor o can tiña que levantar a peza e dirixila cara ás redes.

A Idade Media

A pesar de que a Idade Media foi unha época de cambios políticos, relixiosos e culturais, a caza non sufriu grandes modificacións e o home seguiu cazando. A bésta foi a modificación máis salientable. Esta transformación do arco coñeceuse a finais do século XI e tivo a súa idade de ouro entre os séculos XIV e XV.

Para a caza menor facíanse béstas que podían ser tensadas a man. Proporcionaban un tiro rápido pero de pouca potencia, pero na caza maior as béstas eran máis grandes e de maior potencia, sendo difíciles de tensar a man, por iso se inventou a manivela (á dereita da fotografía), facilitándolle a labor ao tirador.

A cetrería instaurouse en España como unha nova modalidade de caza, nela empréganse falcóns, para o alto voo, e azores, para o voo baixo. Esta modalidade pasou rapidamente a ser o deporte preferido pola nobreza. A cetrería era moi minoritaria, debido ao alto custe do mantemento dos falcóns e azores. Isto favoreceu que a montería -caza maior- alcanzara un papel dominante na Idade Media.

A invención da pólvora e as súas consecuencias

Aínda que non se sabe a ciencia certa, os últimos estudos apuntan aos árabes españois como os primeiros que empregaron a pólvora con fins guerreiras a partir da segunda metade do século XIV, pero non foi ata finais do século XV cando se empregou para a caza. Durante o primeiro terzo do século XVI mantivo a súa superioridade a bésta, xa que era máis silenciosa e precisa, no segundo terzo conviviron a bésta e as armas de fogo e no terceiro impuxéronse as armas de fogo definitivamente.

As primeiras armas de caza foron as de acendido por roda, xa que as de mecha non eran axeitadas para a caza. Ás de roda seguíronlle as de chave de chispa e a estas as de patiña ou *miquelet*, este sistema mantívose ata finais do século XIX, cando apareceron as armas de pistón, que foi substituído pola retrocarga.

As primeiras normativas de caza

No século XV, como consecuencia do incremento da poboación nas cidades, as masas forestais comezaron a sufrir unha deforestación constante. A perda dos bosques foi un duro golpe para moitas

especies cinexéticas, como é o caso das especies de caza maior.

A xeneralización do emprego de armas de fogo fixo saltar a alarma ao creerse que se ía acabar coa caza en xeral, por iso Carlos I ,a través da Pragmática de 1527, e Felipe III, coa Lei de 1611, tentaron poñerlle freo ó retroceso cinexético en España. Non obstante, na Lei de 1617, autorizábase a acción venatoria a todo o mundo, así pois, ata os estados sociais máis humildes podían dispoñer de armas e cazar libremente.

Novas técnicas cinexéticas

As armas de fogo propiciaron a aparición de novas técnicas de caza. O tiro ao voo, imposible de practicar con arcos e béstas, motivou a aparición dun libro baseado nesta modalidade: “*Tratado de la caza al vuelo*”, de Fernando Tamariz de la Escalera a mediados do século XVII. Froito desta modalidade apareceron os cans de parada, caracterizados por sinalizar o lugar onde estaban ocultas as pezas ata a chegada do cazador. Na caza maior, a escopeta e a carabina -fusil lixeiro e de canón recortado- substituíron a bésta.

Situación actual

Hoxe xeneralizouse entre a poboación, non só a caza menor, senón tamén a caza maior que antigamente estaba reservada para os privilexiados. Isto é motivado polo abandono do campo e polo progresivo desprazamento de numerosas persoas a zonas urbanas, provocando unha reforestación das zonas agropecuarias e forestais, así como tamén das importantes economías xeradas pola caza, considerada un recurso natural e renovable. Isto non favoreceu a recuperación de moitas especies, que hai uns anos subsistían nunha situación delicada e hoxe xa están en perigo de extinción, como por exemplo o oso pardo ou o lince ibérico. Esta extinción de especies provocou que no Real Decreto 1096/1989 se declararan as especies de caza e pesca, ademais das normas para a súa protección.

Actualmente moitas especies están protexidas e a súa caza castígase con penas de cárcere, para evitar a caza masiva e a extinción de máis especies todas teñen un tempo de veda e un límite de pezas por cazador.

ALGUNHAS ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN

Elefante asiático (*Elephas maximus*)



Lugares nos que se atopa: Asia meridional e Sueste asiático.

Motivo do seu perigo de extinción: destrución do hábitat provocada polo desenvolvemento agrícola.

Turón de pés negros (*Mustela nigripes*)

Lugares nos que se atopa: atópase en cativeiro.

Motivo do seu perigo de extinción: envelenamento das súas fontes de alimentación.



Dugón/vaca mariña (*Dugong dugon*)



Lugares nos que se atopa: océanos

Motivo do seu perigo de extinción: caza para a obtención de carne e coiro.

Leopardo (*Panthera pardus*)

Lugares nos que se atopa: África, India e Sueste asiático.

Motivo do seu perigo de extinción: destrución do hábitat e tráfico de peles.



Rorcual/balea azul (*Balaenoptera musculus*)



Lugares nos que se atopa: océanos.

Motivo do seu perigo de extinción: caza comercial.

ALGÚNS ANIMAIS EXTINGUIDOS RECENTEMENTE



A Cuaga foi unha ceбра nativa do sur de África, era moi abundante en 1600, pero a caza masiva e os cazadores furtivos levárona ao borde da súa extinción. Púxose en cativeiro, pero o último exemplar morreu en 1883.

Pomba migratoria / vella.

Esta especie foi moi abundante en Norteamérica, pero en 1914 extinguiuse a causa da caza e a perda do seu hábitat.

O exemplar da fotografía atópase en Canadá, no museo *Saskatchewan*.



TIPOS DE CAZA

Caza menor

Caracterízase polo tamaño dos animais que se capturan. Este tipo de caza exercece sobre animais pequenos como a perdiz, a pomba, o coello ou algunhas aves acuáticas. As especies que pertencen a este tipo de caza están establecidas no Real Decreto 1096/1989.

Este é un dos estilos de caza máis popularizados e estendidos polo territorio español.

Caza Maior

Exercece sobre especies de maior tamaño e peso, como é o caso do xabaril, o corzo, o cervo, o gamo, o muflón, a cabra montés e o *arruí* ou carneiro de Berbería.

O xabaril é a peza de caza maior que máis presión cinexética soporta en España, aínda que ultimamente están aumentando as batidas de corzo, provocadas pola expansión territorial e o aumento da súa poboación, mentres que a cabra montés é a máis

representativa e específica, xa que é unha especie única no mundo.

Acuáticas

Esta modalidade inclúe todas as aves acuáticas palmípedes, como son o ganso, o pelicano, a gaivota ou o paxaro bobo. Polo tamaño das pezas a cazar pertence á caza menor, pero é unha categoría moi definida, por iso se separa da caza menor xenérica. España ofrece importantes lugares de caza de acuáticas, isto débese principalmente a que a Península Ibérica é lugar de refuxio invernal destas aves. A maioría delas non aniñan no noso país, salvo excepcións como o *ánade real*.

Tradicionalis

En febreiro de 1996 celebrouse en Sevilla o I Congreso internacional de cazas tradicionais e aves migratorias

que contou cunha gran participación de expertos de todos os países e ámbitos das Administracións. A este seguiron os congresos de Marsella, Mallorca, Malta e Barcelona. Tamén se celebraron varios encontros políticos e ante diversas institucións, sobre todo ante a Unión Europea. A última celebrouse en Estrasburgo o pasado día 13 de xuño e que foi presidida pola eurodeputada Encarnación Redondo.

As cazas tradicionais non sempre tiveron unha acollida totalmente favorable, chegando a producirse unha extensa serie de protestas e accións: en toda Europa recolléronse máis de tres millóns de firmas que foron entregadas no parlamento; en Francia os cazadores organizados politicamente presentáronse ás eleccións Europeas; en España creouse unha plataforma de caza e foi convocada unha gran manifestación.

TIPOS DE ARMAS

Armas combinadas

Son combinacións de varios canóns, existen moitas configuracións posibles: paralelas ou superpostas cun canón liso e outro estriado, armas con

dous canóns estriados e un liso ou viceversa (*drilling*).

Este tipo de armas adoitan ser máis pesadas e máis difíciles de disparar. No noso país son pouco empregadas polo seu prezo e pola pouca

utilidade que teñen, xa que combina canóns de caza maior cos de caza menor e non está permitido xuntar as dúas modalidades.

Escopeta de dous canóns

Son as máis clásicas, pódese distinguir entre: paralela ou superposta.

Paralela

A primeira arma deste tipo aparece a mediados do século XIX, son armas que se cargan pola boca da mesma, provista de gatillos e resortes de percusión externos. En 1836 o francés Casimir Lefauchaux inventa as armas de recarga, nelas os martelos eran exteriores, pero os resortes estaban escondidos no interior da báscula. Esta arma empregaba o sistema de percusión adiantada, por iso se empregaban cartuchos coñecidos como “cravo”.

Posteriormente, a finais do século XIX pasouse ás armas de fogo central -é o sistema actual- acondicionadas por martelos externos. Este sistema dos martelos externos foi substituído polo *hammerles*, no cal os martelos xa non eran externos, senón que se ocultaban no interior dunha caixa de mecanismos chamada báscula. Dentro deste sistema atopámonos con dous tipos de básculas: as básculas de *Anson and Deeley*, ou escopetas de

media platina, e as básculas de *Holland and Holland*, ou escopetas de platinas enteiras ou platinas corridas.

Escopeta superposta

Nesta colócanse os dous canóns un encima do outro. Igual que na paralela permite facer dous disparos seguidos.

É unha arma moi empregada na actualidade para o tiro ó prato e, sobre todo, para as competicións deportivas polo amplo campo de visión que ofrece, xa que é unha arma fácil de apuntar cos dous ollos abertos. O seu funcionamento é similar ó da paralela, a única diferenza estriba na colocación dos canóns.

Escopeta semiautomática

Coñecida vulgarmente como repetidor ou automática. Actualmente é a arma máis utilizada. Dentro das armas semiautomáticas hai as que recuperan por resortes e as que recuperan por gases. Os repetidores de émbolo, armas de repetición, tamén se adoitan incluír neste grupo.

Esta arma permite efectuar cinco disparos sen necesidade de abrir e pechar a escopeta. Este argumento influíu moito a favor desta arma nas décadas dos sesenta e dos setenta, aínda que actualmente, debido á súa

limitación a tres disparos, practicamente perdeu a vantaxa que tiña sobre as paralelas e as superpostas.

Escopeta semiautomática de resorte

Cando se produce a detonación, a forza que se libera empuxa o ferrollo cara atrás, que a través das súas uñas extractoras extrae a vaina percutida e expúlsaa. Esa mesma forza en retroceso fai cargar o martelo e liberar o primeiro cartucho do depósito que é elevado pola tella cara ao cerre, este, ao ser empurrado cara adiante para a biela, introduce un novo cartucho na recámara. O ciclo repítese cada vez que se efectúa un disparo. Cando non hai cartuchos no almacén, o ferrollo queda bloqueado na posición máis atrasada e a ventá, aberta.

Escopeta semiautomática de gases

É similar á de resortes, coa diferenza de que o canón non é basculante, polo que permanece fixo á caixa de mecanismos. O sistema de retroceso do ferrollo é producido por un émbolo que substitúe o resorte de recuperación. O émbolo sitúase no mesmo lugar que o resorte ao que substitúe.

O retroceso do cerre orixínano os gases, que en lugar de accionar directamente o canón e o cerre,

diríxense a un émbolo sendo este que fai retroceder o mecanismo de peche.

Escopetas de repetición, de corredera ou de trombón

Nestas armas o tirador debe introducir o cartucho na recámara mediante un mecanismo de corredera situado na parte posterior do canón, mecanismo que tamén serve para extraer o cartucho do almacén e introducilo no cerre da arma.

O seu aspecto é similar a unha semiautomática, coa excepción de que o gardamáns substitúese pola corredera que se despraza ao longo do almacén de cartuchos e que ocupa toda a parte inferior do canón.

O seu funcionamento é similar a unha semiautomática de gases, aínda que máis simple, xa que a retracción e recuperación da arma realízase pola acción manual do cazador ao desprazar o émbolo cara adiante ou cara atrás. A corredera controla o cerre e o elevador, posibilitando que na acción de retraer a corredera -tirar cara atrás-, se extraia o cartucho da recámara, que se expulsa ao exterior, que se monte o martelo, que se extraia o cartucho do almacén e que se eleve ata a altura da caixa de mecanismos. Na acción de recuperar, tirar cara adiante, introdúcese o

cartucho no cerre e sitúase este xunto co cartucho que contén na recámara, bloqueándoa e quedando a arma preparada para disparar. Este tipo de arma case non se utiliza en España.

Rifle de ferrollo

É unha arma dun só canón, de repetición, na que o tirador introduce e extrae o cartucho a través do pasador do ferrollo.

O ferrollo é a peza máis importante no mecanismo desta arma, componse de corpo e pasador. O corpo é un cilindro que contén no seu interior o mecanismo de percusión: percusor e

molles recuperadores. Na cabeza leva as uñas de extracción, que serven para extraer a vaina percutida, e uns saíntes que serven para suxeitalo á cámara de disparo.

Rifle de panca

É unha arma de repetición que se recarga pola acción dunha panca basculante que o tirador debe desprazar cara adiante, para extraer a vaina da recámara, e cara atrás, para introducir o novo cartucho. Neste rifle o cargador non é extraíble e a munición introdúcese a través dunha ventá de carga colocada no lateral da caixa de mecanismos.

OS ACCIDENTES DA CAZA

Os accidentes de caza deixaron trece mortos e nove feridos en catorce meses. Esta estatística fíxose no tempo comprendido entre outubro de 2006 e decembro de 2007, deixando neste último ano sete mortos e sete feridos. A pesar de que as cifras digan o contrario, o presidente da Federación Estremeña cifra un ou dous casos que se rexistran por temporada e asegura que os

accidentes de caza son escasos fronte á grande actividade cinexética. Moitos cazadores experimentados aseguran que “a caza non é un deporte de alto risco”, e que “os accidentes de caza son cousa de mala sorte ou de que moitos cazadores non respectan as normas de seguridade”. A pesar das cifras aseguran que “non deixaremos a caza, é a nosa afección e gústanos andar polo monte”

MEDIDAS DE SEGURIDADE

1. Os que dispoñan de armas deberán gardalas nun lugar seguro e adoptar as medidas necesarias para evitar a súa perda ou roubo.
2. Os usuarios deberán estar en todo momento en condicións de controlar as armas.
 - a. Deberán
 - i. Gardar as armas descargadas e fóra do alcance de calquera persoa, en especial dos nenos.
 - ii. Absterse de manipular as armas cando se descoñeza o seu funcionamento.
 - iii. Comprobar sempre que estean descargadas e en ningún caso poñer os dedos sobre os disparadores.
 - b. A prohibición de portar exhibir ou usar armas
 - i. Sen necesidade ou de modo negligente.
 - ii. Mentres se utilicen cascos ou auriculares conectados a aparellos reprodutores de música e son.
 - iii. Baixo os efectos do alcol ou das drogas.
 - c. A prohibición de usar ou levar armas a establecementos públicos e lugares de reunión ou recreo.
 - d. A utilización das armas nos polígonos, galerías de tiro e espazos axeitados para a práctica da caza. Non se poderá utilizar unha arma de caza para defensa persoal ou como medio de defensa no domicilio.
 - e. A obrigación de levar as armas regulamentadas.

OS INIMIGOS DA CAZA

O lume

As imaxes do Monte do Muíño do Cubo calcinado, reflicten o rastro dun lume abrasador que tivo lugar no mes de agosto do pasado ano. Non se sabe a ciencia certa a orixe do lume, pero algunhas hipóteses apostan a un

descoido por parte dun veciño, que estaba a queimar os restos leñosos da súa leira. Neste lugar xa non hai vida salvaxe e tardará moito en recuperarse, case todas as plantas se manteñen en pé, pero pese a todo están moi queimadas. Este lugar estará moito tempo vestido

de negro ata que volva o verde ás súas vestimentas.

A concentración parcelaria

A construción das pistas da concentración parcelaria está provocando a desaparición dos antigos camiños, estanse arrancando moitas árbores para facer unhas pistas amplas o que provoca a desaparición de moitos buratos que había nos valos antigos.

A tala masiva de árbores

A tala masiva de árbores está reducindo moito o hábitat de moitas especies, sobre todo das de caza maior, que son as que precisan máis espazo para agocharse e, ao quedar tanto terreo sen vexetación, son máis vulnerables aos depredadores.

REMATE. QUEIQUE^{2008/9}